



Departamento de Portugués
eoi.corunha.portugues@edu.xunta.gal



ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DA CORUÑA
Rua da Educación nº 1 15011 - A Coruña
Tfn: 981145094 mail: eoi.corunha@edu.xunta.es

Programación

Didáctica.

Departamento de Portugués

Curso 2023-24

INDICE

Páxinas (↓)

(1-135)

- 1. Introducción (3)**
 - 1.1. Marco legal (3)
 - 1.2. Contexto educativo (3)
- 2. Obxectivos xerais (5,18,35,53,71)**
- 3. Obxectivos específicos**
 - A2 (5,8,11,13,16) B1(18,22,26,29,32)
 - B2 (36,39,43,47,50) C1 (54,57,61,65,68) C2 (71,72,76,80,84)
 - 3.1. Actividades de comprensión de textos orais
 - 3.2. Actividades de produción de textos orais
 - 3.3. Actividades de textos escritos
 - 3.4. Actividades de coprodución de textos escritos
 - 3.5. Actividades de mediación
 - Actividades
 - A2 (5-16) B1(18-33) B2(36-51) C1(54-69) C2 (88-90)
- 4. Competencias e contidos**
 - 4.1. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos
 - 4.2. Competencias de contidos estratéxicos
 - 4.3. Competencias de contidos funcionais
 - 4.4. Competencias de contidos discursivos
 - 4.5. Competencias de contidos sintácticos
 - 4.6. Competencias de contidos léxicos
 - 4.7. Competencias de contidos fonéticos, fonolóxicos e ortográficos
 - Competencias e Contidos
 - A2 (5-16) B1(18-33) B2(36-50) C1(54-69) C2 (77-89)
- 5. Temporalización (17,34,53,70,90) [3.4.5 Obxectivos, Competencias e Temporalización nos grupos FOR e PUC (90)]**
- 6. Metodoloxía (90)**
- 7. Recursos (100)**
 - 7.1. Humanos
 - 7.2. Físicos
 - 7.3. Materiais
- 8. Atención á diversidade (104). A especificidade do Portugués (109)**
- 9. Avaliación (123)**
 - 9.1. Avaliación inicial
 - 9.2. Avaliación formativa
 - 9.3. Avaliación de promoción (ou sumativa)
 - 9.4. Avaliación certificadora
 - 9.5. Autoavaliación
 - 9.6. Mínimos esixibles en diferentes niveis

1. Introducción

A distribución das partes desta programación está organizada segundo o establecido no Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 5 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 189/2010

1.1. Marco legal

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, foi modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, para a mellora da calidade educativa nalgúns aspectos concernentes ás ensinanzas de idiomas de réxime especial. Así, no seu artigo 59.1, a Lei orgánica 2/2006 establece que estas ensinanzas se organizan nos niveis básico, intermedio e avanzado e que os ditos niveis se corresponderán, respectivamente, cos niveis A, B e C do Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL), que se subdividen pola súa vez, nos niveis A1, A2, B1, B2, C1 e C2.

O Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, fixa as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación e o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas impartidos nas escolas oficiais de idiomas, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes.

O Decreto 81/2018, do 19 de xullo establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón, no seu artigo 6.2 que a consellería competente en materia de educación establecerá o procedemento para a elaboración das guías curriculares de cada idioma, que serán comúns para todos os centros e deberán desenvolverse mediante as correspondentes programacións didácticas.

> De acordo co apartado 18 da Circular 3/2018, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elaborouse unha guía curricular, que vai dirixida ao profesorado das escolas oficiais de idiomas e ten como finalidade servir de base para a elaboración das programacións didácticas do departamento e das programacións de aula.

O Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial regula os principios básicos comúns que rexerán o deseño, a elaboración, a administración, e a avaliación e cualificación das probas de certificación oficial dos ditos niveis, así como a publicación dos resultados e os procedementos de reclamación sobre as cualificacións.

O Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas de Galicia regula, ao longo do título II, os órganos de goberno e coordinación docente e as súas competencias. Así mesmo, no artigo 61, establece a realización de avaliacións externas, baixo a responsabilidade da consellería competente en materia de educación.

Orde do 5 de agosto de 2011, pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso

ás ensinanzas de idiomas de réxime especial.

Resolución do 16 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan as instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2023/24.

Instrución 8/2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2023/24.

1.2. Contexto educativo

Relación de profesores
Grupos, horarios e número de alumnos

Relación de profesores

Número de PROFESORES: 4

❖ José Luis Fernández Pérez, funcionario do corpo de profesores de EOI, xefe do departamento.

Grupos que imparte: 3 (A2 + A2 + A2)

❖ Joseph Ghanime López, funcionario do corpo de profesores de EOI.

Grupos que imparte: 4 (A2 + FOR-A2 60A-1/PUC-B2-60B-1+ B1)

❖ Juan Carlos Guisán Seijas, funcionario do corpo de profesores de EOI.

Grupos que imparte: 4 (B2 + B2 + C1+ C2)

❖ Ana Francisca Relógio, auxiliar de conversa de lingua portuguesa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Xunta).

Grupos que imparte: 4 (A2 + B1 + B2 + C1+ C2)

(Grupos, horarios e número de alumnos: datos na eOi da Coruña).

2. Obxectivos xerais

**3. Obxectivos
específicos
4. Competencias e
Contidos**

5. Temporalización.

POR NIVEIS: A2, B1, B2, C1 > **2. Obxectivos xerais**

POR NIVEIS: A2, B1, B2, C1 > **3. Obxectivos específicos**

POR NIVEIS E ACTIVIDADES > **4. Competencias e contidos**

Comprensión de textos orais-escritos // Produción e Coprodución de textos orais-escritos // Mediación

Obxectivos, Competencias e Contidos e Criterios de Avaliación (mínimos exixíbeis).

POR NIVEIS E ACTIVIDADES > **5. Temporalización.**

3. Obxectivos específicos

- 3.1. Actividades de comprensión de textos orais
- 3.2. Actividades de produción de textos orais
- 3.3. Actividades de textos escritos
- 3.4. Actividades de coprodución de textos escritos
- 3.5. Actividades de mediación

POR NIVEIS

3 _4_5 >

< 5_4_3

4. Competencias e contidos

- 4.1. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos
- 4.2. Competencias de contidos estratéxicos
- 4.3. Competencias de contidos funcionais
- 4.4. Competencias de contidos discursivos
- 4.5. Competencias de contidos sintácticos
- 4.6. Competencias de contidos léxicos
- 4.7. Competencias de contidos fonéticos, fonolóxicos e ortográficos

5. Temporalización

Nivel A2

A) INTRODUCCIÓN AO NIVEL -A2-

As ensinanzas do nivel básico A2 teñen a finalidade de capacitar o alumnado para levar a cabo tarefas simples e diarias sobre cuestións coñecidas e habituais. Este nivel de uso do idioma permitirá igualmente actuar en situacións diarias de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

Con esta finalidade, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro, que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

B) OBXECTIVOS XERAIS -A2-

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel básico A2, o alumnado será capaz de:

- Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas diarios e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruidos de fondo e se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais, repeticións ou reformulacións.
- Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida diaria, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos/as interlocutores/ as para manter a comunicación.
- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas diarios, especialmente se contan con apoio visual.
- Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos breves e sinxelos sobre aspectos diarios e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un

repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.

– Mediar entre falantes de distintas linguas en situacións de carácter habitual en que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos diarios ou con información persoal básica.

3.4

ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS -A2-

1. OBXECTIVOS -A2-

– Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas con que se estea moi familiarizado/a sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

– Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas diarios que se desenvolvan na súa presenza, e identificar un cambio de tema.

– Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

– Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.

– Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -A2-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a:

– vida diaria (horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...)

– condicións de vida (vivenda, condicións laborais, sanidade, transporte, sistema educativo...)

– relacións persoais (relacións sociais, familiares, profesionais...)

– linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersonal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...)

– convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida diaria, tabús, vestuario...).

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos orais:

– Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para o seu desenvolvemento.

– Identificar o tipo de texto, adaptando a súa comprensión a esa tipoloxía.

– Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).

– Formular hipóteses do contido do texto baseándose nos seus coñecementos do tema e no contexto.

- Deducir e formular hipóteses sobre o significado probable das palabras ou frases que descoñece, a partir do contexto.
- Comprobar hipóteses: axustar as claves de inferencia cos esquemas de partida.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar as palabras e estruturas novas aprendidas.

3. Competencia e contidos funcionais.

Comprensión das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativo, na lingua oral:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación, iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora, preguntar o significado dunha palabra ou expresión, reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.
- Información xeral: describir persoas, obxectos e lugares; referirse a accións e situacións presentes e pasadas; expoñer proxectos e formular hipóteses.
- Opinións e valoracións: valorar un feito; xustificar unha opinión ou unha actividade; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento.
- Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar estados de ánimo.
- Petición de instrucións e suxestións: pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos; suxerir unha actividade.

4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais básicos propios da lingua oral monolóxica e dialóxica, en contextos moi habituais:

- Coherencia: selección do léxico e das estruturas adecuadas, así como da información suficiente para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos orais a que se enfrenta; organización da información de modo lineal e recoñecemento dun rexistro básico de acordo co grao de familiaridade co interlocutor ou coa interlocutora (tratamentos, xestos e actitudes).
- Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto oral; utilización dos patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas morfosintácticas sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;

- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Comprensión do léxico oral básico e de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e coidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprensión dos significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -A2-

- Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida diaria, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.
- Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto.
- Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos básicos relativos á organización textual.
- Aplica á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización dos patróns morfosintácticos de uso frecuente na comunicación oral.
- Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

3_4

ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS -A2-

1. OBXECTIVOS -A2-

- Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.
- Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións diarias, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.
- Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos e das oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.
- Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais en relación con asuntos diarios; e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou suxestións sobre un tema coñecido.

- Solicitar a colaboración do/a interlocutor/a e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -A2-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á produción e coprodución do texto oral dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a:

- vida diaria (horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...)
- condicións de vida (vivenda, condicións laborais, sanidade, transporte, sistema educativo...)
- relacións persoais (relacións sociais, familiares, profesionais etc.)
- linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...)
- convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida diaria, tabús, vestiario...).

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos orais:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- Preparar ou planificar o posible desenvolvemento do intercambio tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou acabar unha conversa breve e para pedir que lle presten atención.
- Ensañar o texto oral (gravarse, repetir termos en voz alta, empregar regras mnemotécnicas...).
- Adecuar de forma básica o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos (utilizar a linguaxe da que se sente moi seguro/a...).
- Probar novas expresións e, en xeral, ser capaz de adoptar certos riscos sen bloquear a comunicación.
- Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua, pedindo ou facilitando axuda ou aclaracións cando sexa preciso.
- Efectuar, de forma básica, as repeticións, aclaracións e correccións necesarias para compensar as dificultades, rupturas e malentendidos na comunicación.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (aproximacións e xeneralizacións cun nivel de lingua moi sinxelo, parafrasear, usar a lingua materna...) ou extralingüísticos (facer ver aquilo ao que quere referirse sinalándoo co dedo, usar a linguaxe corporal, usar sons onomatopéicos...).
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos (analizar a reacción do/a interlocutor/a ou da audiencia...).

3. Competencia e contidos funcionais.

Realización das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativo, na lingua oral:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación, iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora, preguntar o significado dunha palabra ou expresión, reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.
- Información xeral: describir persoas, obxectos e lugares; referirse a accións e situacións presentes e pasadas; expoñer proxectos e formular hipóteses.
- Opinións e valoracións: valorar un feito; xustificar unha opinión ou unha actividade; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento.
- Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar estados de ánimo.
- Petición de instrucións e suxestións: pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos; suxerir unha actividade.

4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais básicos propios da lingua oral á produción de textos monolóxicos e dialóxicos, en contextos moi habituais:

- Coherencia: selección do léxico e das estruturas adecuadas, así como da información suficiente para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos orais que produce; organización da información de modo lineal e recoñecemento dun rexistro básico de acordo co grao de familiaridade co/a interlocutor/a (tratamentos, xestos e actitudes).
- Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto oral; utilización dos patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa e uso de estruturas morfosintácticas sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Coñecemento, selección e uso do léxico oral básico e de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e coidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.

Selección, segundo a intención comunicativa, e produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -A2-

- Aplica á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.
- Coñece e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando unha serie de procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.
- Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos básicos.
- Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.
- Interactúa de maneira sinxela en intercambios caracterizados por intervencións breves e significativas, articuladas de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas moi habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Utiliza estruturas morfosintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (entoación, repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.
- Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas relacionadas co pasado e co futuro, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración do interlocutor ou da interlocutora.

3_4

ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS -A2-

1. OBXECTIVOS -A2-

- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos sinxelos, en lingua estándar e relacionados con temas da súa experiencia.
- Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas diarios.
- Comprender o sentido xeral e identificar información relevante en textos xornalísticos breves e sinxelos, que describan feitos e acontecementos coñecidos, especialmente se contan con apoio visual.
- Comprender textos instrutivos, argumentativos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -A2-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a:

- vida diaria (horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...)
- condicións de vida (vivenda, condicións laborais, sanidade, transporte, sistema educativo...)
- relacións persoais (relacións sociais, familiares, profesionais etc.)
- linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersonal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...)
- convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida diaria, tabús, vestuario...).

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos escritos:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para o seu desenvolvemento.
- Identificar o tipo de texto, adaptando a súa comprensión a esa tipoloxía.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- Formular hipóteses do contido do texto baseándose nos seus coñecementos do tema e no contexto.
- Deducir e formular hipóteses sobre o significado probable das palabras ou frases que descoñece, a partir do contexto.
- Comprobar hipóteses: axustar as claves de inferencia cos esquemas de partida.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar as palabras e estruturas novas aprendidas.

3. Competencia e contidos funcionais.

Recoñecemento das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns na lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación, iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora, preguntar o significado dunha palabra ou expresión, reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.
- Información xeral: describir persoas, obxectos e lugares; referirse a accións e situacións presentes e pasadas; expoñer proxectos e formular hipóteses.
- Opinións e valoracións: valorar un feito; xustificar unha opinión ou unha actividade; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento.
- Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar estados de ánimo.
- Petición de instrucións e suxestións: pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos; suxerir unha actividade.

4. Competencia e contidos discursivos

Comprensión de modelos contextuais e patróns textuais básicos propios da lingua escrita:

- Coherencia: selección do léxico e das estruturas adecuadas, así como da información suficiente para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos escritos a que se enfronta; organización da información de modo lineal e recoñecemento dun rexistro básico de acordo co grao de familiaridade co/a interlocutor/a (tratamentos, xestos e actitudes).
- Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito; utilización dos recursos básicos de puntuación; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas morfosintácticas moi sinxelas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Comprensión do léxico escrito básico e de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e coidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

7. Competencia e contidos ortotipográficos.

Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos, e convencións ortográficas de uso máis común.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -A2-

- Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.
- Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto.
- Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos básicos relativos á organización, desenvolvemento e conclusión propios do texto escrito segundo o seu xénero e tipo.

- Coñece os constituíntes e a organización de estruturas morfosintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo de texto.
- Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.

3_4

ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS -A2-

1. OBXECTIVOS -A2-

- Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos diarios e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.
- Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar feitos e experiencias, así como expoñer plans e presentar proxectos relacionados con temas diarios.
- Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal e na cal se expresen sentimentos, opinións, reaccións e actitudes, ou se solicite ou ofrezca un servizo ou información, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.
- Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos e organizar estes de acordo con textos modelo.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -A2-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á produción e coprodución do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a:

- vida diaria (horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...)
- condicións de vida (vivenda, condicións laborais, sanidade, transporte, sistema educativo...)
- relacións persoais (relacións sociais, familiares, profesionais etc.)
- linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersonal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...)
- convencións sociais (fórmulas de cortesía en situacións da vida diaria, tabús, vestuario...).

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos escritos:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- Preparar ou planificar a estrutura básica do texto tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Ensañar o texto escrito (subliñar, empregar regras mnemotécnicas...).
- Adecuar de forma básica o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos (utilizar a linguaxe da que se sente moi seguro/a...).

- Probar novas expresións e, en xeral, ser capaz de adoptar certos riscos sen bloquear a comunicación.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (aproximacións e xeneralizacións cun nivel de lingua moi sinxelo, parafrasear, usar a lingua materna...) ou extralingüísticos (usar sons onomatopéicos...).
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

3. Competencia e contidos funcionais.

Realización das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativo, na lingua escrita:

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas, reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación, iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora, preguntar o significado dunha palabra ou expresión, reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.
- Información xeral: describir persoas, obxectos e lugares; referirse a accións e situacións presentes e pasadas; expoñer proxectos e formular hipóteses.
- Opinións e valoracións: valorar un feito; xustificar unha opinión ou unha actividade; preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento.
- Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar estados de ánimo.
- Petición de instrucións e suxestións: pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos; suxerir unha actividade.

4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais básicos propios da lingua escrita á produción e coprodución do texto:

- Coherencia: selección do léxico e das estruturas adecuadas, así como da información suficiente para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos escritos que produce; organización da información de modo lineal e recoñecemento dun rexistro básico de acordo co grao de familiaridade co/a interlocutor/a (tratamentos, xestos e actitudes).
- Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito; utilización dos recursos básicos de puntuación; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa, e uso de estruturas morfosintácticas sinxelas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades;
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións;
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;

– relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Coñecemento, selección e uso do léxico escrito básico e de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e coidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.

7. Competencia e contidos ortotipográficos.

Selección, segundo a intención comunicativa, e uso dos patróns gráficos e convencións ortográficas fundamentais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -A2-

- Aplica á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.
- Coñece e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos escritos moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, p. ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto.
- Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos máis básicos para organizar o texto escrito segundo o seu xénero e tipo.
- Utiliza estruturas morfosintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.
- Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común na redacción de textos en papel ou soporte dixital.

3.4

ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN -A2-

1. OBXECTIVOS -A2-

- Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas diarios, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos (carteis, folletos, formularios, instrucións, correspondencia, etiquetas, anuncios, conversas, presentacións, noticias...), sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.
- Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, coma mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.

- Mediar en situacións moi frecuentes, nas cales o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.
- Resumir brevemente os puntos máis importantes e a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas diarios ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.
- Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en exposicións moi breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa familiar e predicible e se lle poidan pedir aclaracións á persoa relatora.

2. COMPETENCIA E CONTIDOS INTERCULTURAI S -A2-

Aplicación dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación en situacións diarias moi sinxelas: coñecementos culturais básicos, observación, escoita, posta en relación, respecto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -A2-

- Coñece os aspectos básicos xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e é capaz de actuar en consecuencia, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.
- Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas das persoas emisoras e receptoras cando este aspecto é relevante.
- Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe aos receptores e ás receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.
- Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.

5. TEMPORALIZACIÓN -A2-

Distribuiremos os contidos tendo como referencia os temas das probas de certificación, que no currículo son denominados *contidos léxicos*, organizándoos na mesma orde en que aparecen no Libro do alumno que utilizamos. Así:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE:

Temas:

• Identificación persoal • Relacións familiares e sociais • Traballo e profesións • Tempo libre e ocio • Educación • Alimentación

Unidades do Libro do alumno: 1 a 20

SEGUNDO CUADRIMESTRE: (febreiro, marzo, abril e maio)

Temas:

- Viaxes • Clima, condicións atmosféricas e ambiente • Vivenda, fogar e contorna • Servizos públicos
- Saúde e coidados físicos • Compras e actividades comerciais • Ciencia e tecnoloxía
- Información e medios de comunicación

Unidades do *Libro do alumno*: 21 a 40

Nivel B1

A) INTRODUCCIÓN AO NIVEL -B1-

As ensinanzas do nivel intermedio B1 teñen por obxecto capacitar o alumnado para desenvolverse na maioría das situacións que poden xurdir cando viaxa por lugares en que se utiliza o idioma; no establecemento e mantemento de relacións persoais e sociais con usuarios e usuarias doutras linguas, tanto cara a cara como a través de medios técnicos; e en ámbitos educativos e ocupacionais nos cales se producen sinxelos intercambios de carácter factual.

Con este fin, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma con certa flexibilidade, relativa facilidade e razoable corrección en situacións diarias e menos habituais nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, para comprender, producir, coproducir e procesar textos orais e escritos breves ou de extensión media, nun rexistro formal, informal ou neutro e nunha variedade estándar da lingua, que versen sobre asuntos persoais e diarios ou aspectos concretos de temas xerais, de actualidade ou de interese persoal, e que conteñan estruturas sinxelas e un repertorio léxico común non moi idiomático.

B) OBXECTIVOS XERAIS -B1-

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel intermedio B1, o alumnado **será capaz de**:

– Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes explícitas dos/as falantes en textos orais breves ou de extensión media, ben estruturados, claramente articulados a velocidade lenta ou media e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade estándar da lingua, que traten de asuntos diarios ou coñecidos, ou sobre temas xerais, ou de actualidade, relacionados coas súas experiencias e cos seus intereses, e sempre que as condicións acústicas sexan boas, se poida volver escoitar o que se dixo e se poidan confirmar algúns detalles.

– Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como a través de medios técnicos, textos orais breves ou de media extensión, ben organizados e adecuados ao contexto, sobre asuntos diarios, de carácter habitual ou de interese persoal, e desenvolverse cunha corrección e fluidez suficientes para manter a liña do discurso, cunha pronuncia claramente intelixible, aínda que ás veces resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas para realizar unha planificación morfosintáctica e léxico-semántica, ou reformular o que se dixo, ou corrixir erros cando a persoa interlocutora

indica que hai un problema, e sexa necesaria certa cooperación desta para manter a interacción.

– Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes explícitas do autor ou da autora en textos escritos breves ou de media extensión, claros e ben organizados, en lingua estándar e sobre asuntos diarios, aspectos concretos de temas xerais, de carácter habitual, de actualidade ou de interese persoal.

– Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos breves ou de extensión media, sinxelos e claramente organizados, adecuados ao contexto (persoa destinataria, situación e propósito comunicativo), sobre asuntos diarios, de carácter habitual ou de interese persoal, utilizando con razoable corrección un repertorio léxico-semántico e estrutural habitual relacionado coas situacións máis predicibles e os recursos básicos de cohesión textual, e respectando as convencións ortográficas e de puntuación fundamentais.

– Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións de carácter habitual nas cales se producen sinxelos intercambios de información relacionados con asuntos diarios ou de interese persoal.

3_4.

ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS -B1-

1. OBXECTIVOS -B1-

– Comprender con suficiente detalle anuncios e mensaxes que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, transmitidas cara a cara ou por medios técnicos, relativas ao funcionamento de aparellos ou dispositivos de uso frecuente, á realización de actividades diarias, ou ao seguimento de normas de actuación e de seguridade nos ámbitos público, educativo e ocupacional.

– Comprender a intención e o sentido xerais, e os aspectos importantes, de declaracións breves e articuladas con claridade, en linguaxe estándar e a velocidade normal (p. ex. Durante unha celebración privada ou unha cerimonia pública).

– Comprender as ideas principais e os detalles relevantes de presentacións, charlas ou conferencias breves e sinxelas que versen sobre temas coñecidos, de interese persoal ou da propia especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e nunha variedade estándar da lingua.

– Entender, en transaccións e xestións diarias e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta (p. ex. no caso dunha reclamación), sempre que se poida pedir confirmación sobre algúns detalles.

– Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dunha conversa ou discusión informal que ten lugar na súa presenza, sempre que o tema resulte coñecido, e o discurso estea articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.

– Comprender, nunha conversa ou nunha discusión informal en que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, descrições e narracións sobre asuntos prácticos da vida diaria e información específica relevante sobre temas xerais, de actualidade ou de interese persoal, e captar sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que non haxa interferencias acústicas e que as persoas interlocutoras falen con claridade, amodo e directamente, eviten un uso moi idiomático da lingua e estean dispostas a repetir ou reformular o que dixeron.

– Identificar os puntos principais e os detalles relevantes dunha conversa formal ou dun debate que se presencia, breve ou de duración media, e entre dúas ou máis persoas

interlocutoras, sobre temas xerais, coñecidos, de actualidade ou do propio interese, sempre que as condicións acústicas sexan boas, que o discurso estea ben estruturado e articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar, e que non se faga un uso moi idiomático ou especializado da lingua.

– Comprender, nunha conversa formal en que se participa, no ámbito público, académico ou ocupacional, e independentemente da canle, gran parte do que se di sobre actividades e procedementos diarios, e menos habituais se está relacionado co propio campo de especialización, sempre que os/as interlocutores/as eviten un uso moi idiomático da lingua e pronuncien con claridade, e cando se poidan formular preguntas para comprobar que se comprendeu o que o interlocutor ou a interlocutora quixo dicir e conseguir aclaracións sobre algúns detalles.

– Comprender as ideas principais de programas de radio ou televisión, tales como anuncios publicitarios, boletíns informativos, entrevistas, reportaxes ou documentais, que tratan temas diarios, xerais, de actualidade, de interese persoal ou da propia especialidade, cando se articulan de forma relativamente lenta e clara.

– Comprender moitas películas, series e programas de entretemento que se articulan con claridade e nunha linguaxe sinxela, nunha variedade estándar da lingua, e nos cales os elementos visuais e a acción conducen gran parte do argumento.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -B1-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida diaria (actividades diarias, hábitos de estudo e de traballo, lecer, festividades, horarios); condicións de vida (vivenda, contorna, estrutura social); relacións interpersoais (familiares, xeracionais, entre persoas coñecidas e descoñecidas); quinésica e proxémica (posturas, xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e físico); cultura, costumes e valores (institucións, tradicións, celebracións, cerimoniais, manifestacións artísticas), e convencións sociais (fórmulas de cortesía e de tratamento e pautas de comportamento social).

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos orais:

- Mobilización de esquemas e información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Comprobación de hipóteses: axuste das claves de inferencia cos esquemas de partida.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

.3. Competencia e contidos funcionais.

Comprensión das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, na lingua oral:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais habituais: presentarse, presentar alguén, saudar, dar a benvida, despedirse, invitar, aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, expresar condolencia, felicitar, interesarse por alguén ou por algo, lamentar, pedir desculpas.
- Descrición de calidades físicas e valorativas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados, descrición de situacións presentes e expresión de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, advertencias e avisos.
- Formulación de consellos, suxestións e ofrecementos.
- Expresión da opinión, do coñecemento e do descoñecemento, do acordo e do desacordo, da dúbida e da hipótese.
- Expresión da necesidade, do desexo, da intención, da vontade, da promesa, da orde, do permiso e da prohibición.
- Expresión do gusto e da preferencia, do interese e do desinterese, da sorpresa, da admiración, da alegría ou da felicidade, da satisfacción, do aprecio ou da simpatía, da aprobación e da desaprobación, da decepción, do desgusto, da dor, da dúbida, da esperanza, do temor e da tristeza.

4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais comúns propios da lingua oral monolóxica e dialóxica:

- Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).
- Expectativas xeradas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns morfosintácticos, léxico-semánticos e fonéticofonolóxicos.
- Organización e estruturación do texto segundo o (macro)xénero (p. ex. Conversa > conversa formal), a (macro)función textual (exposición, descrición, narración, exhortación, argumentación) e a estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais, morfosintácticas, léxicas e semánticas cotextuais e por referencia ao contexto).

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas morfosintácticas sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade epistémica (capacidade, necesidade, posibilidade, probabilidade) e deóntica (volición, permiso, obriga, prohibición);

- o modo;
- estados, eventos, accións, procesos e realización: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Comprensión de léxico oral de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amigos; relacións humanas e sociais; traballo e ocupacións; educación e estudo; lingua e comunicación; tempo libre e ocio; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte, bens e servizos; clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.

7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e comprensión dos significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -B1-

- Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á vida diaria, ás condicións de vida, ás relacións interpersoais, á quinésica e á proxémica, aos costumes e aos valores, e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.
- Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto.
- Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como patróns discursivos básicos relativos á organización textual.
- Aplica á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns morfosintácticos de uso frecuente na comunicación oral.
- Recoñece sen dificultade léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos diarios, de carácter xeral, ou relacionados cos propios intereses, e pode inferir do contexto e do cotexto, xeralmente de maneira correcta, os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.
- Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e recoñece as intencións comunicativas e os significados xeralmente asociados a eles.

3_4.

ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS -B1-

1. OBXECTIVOS -B1-

- Facer declaracións públicas breves e ensaiadas, sobre un tema diario dentro do propio campo, ou de interese persoal, que son claramente intelixibles a pesar de ir acompañadas dun acento e dunha entoación inconfundiblemente estranxeiros.
- Facer presentacións preparadas, breves ou de extensión media, ben estruturadas e con apoio visual (gráficos, fotografías, transparencias ou diapositivas), sobre un tema

xeral ou do propio interese ou especialidade, coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, así como responder a preguntas complementarias breves e sinxelas dos e das oíntes sobre o contido do que se presentou, aínda que é posible que teña que pedir que llas repitan, se se fala con rapidez.

– Desenvolverse en transaccións comúns da vida diaria como son as viaxes, o aloxamento, as comidas e as compras, así como enfrontarse a situacións menos habituais e explicar o motivo dun problema (p. ex. para facer unha reclamación ou realizar unha xestión administrativa de rutina), intercambiando, comprobando e confirmando información co debido detalle, propoñendo os propios razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.

– Participar con eficacia en conversas informais, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre temas diarios, de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria (familia, afeccións, traballo, viaxes, feitos de actualidade...), en que se describen con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e se responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; se contan historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as propias reaccións; se ofrecen e piden opinións persoais; se fan comprensibles as propias opinións ou reaccións respecto ás solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas e se invita a outras persoas a expresar os seus puntos de vista sobre a forma de proceder; se expresan con amabilidade crenzas, acordos e desacordos e se explican e xustifican de maneira sinxela opinións e plans.

– Tomar a iniciativa en entrevistas ou consultas (p. ex. para propoñer un novo tema), aínda que se dependa moito da persoa entrevistadora durante a interacción, e utilizar un cuestionario preparado para realizar unha entrevista estruturada, con algunhas preguntas complementarias.

– Tomar parte en conversas e discusións formais habituais, en situacións predicibles nos ámbitos público, educativo e ocupacional, sobre temas diarios e que supoñen un intercambio de información sobre feitos concretos ou nas cales se dan instrucións ou solucións a problemas prácticos, e propoñer nelas un punto de vista con claridade, ofrecendo breves razoamentos e explicacións de opinións, plans e accións, e reaccionado de forma sinxela ante os comentarios dos/as interlocutores/as, sempre que poida pedir que se repitan, aclaren ou elaboren os puntos clave, se é necesario.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -B1-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á produción e coprodución do texto oral dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida diaria (actividades diarias, hábitos de estudo e de traballo, ocio, festividadeas, horarios); condicións de vida (vivenda, contorna, estrutura social); relacións interpersoais (familiares, xeracionais, entre persoas coñecidas e descoñecidas); quinésica e proxémica (posturas, xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e físico); cultura, costumes e valores (institucións, tradicións, celebracións, cerimoniaas, manifestacións artísticas), e convencións sociais (fórmulaas de cortesía e de tratamento e pautas de comportamento social).

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textoas orais:

- Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e do texto específicos (p. ex. presentación ou transacción).
- Identificar o baleiro de información e opinión e valorar o que pode darse por suposto.
- Concibir a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Adecuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.
- Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada»...).
- Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente se quereda expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (p. ex. Modificar palabras de significado parecido ou definir ou parafrasear un termo ou expresión), paralingüísticos ou paratextuais (p. ex. pedir axuda; sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado; usar linguaxe corporal culturalmente pertinente «xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica» ou usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais).
- Controlar o efecto e o éxito do discurso mediante a petición e o ofrecemento de aclaración e reparación da comunicación.

3. Competencia e contidos funcionais.

Realización das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns na lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais habituais: presentarse, presentar alguén, saudar, dar a benvida, despedirse, invitar, aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, expresar condolencia, felicitar, interesarse por alguén ou por algo, lamentar, pedir desculpas.
- Descrición de calidades físicas e valorativas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados, descrición de situacións presentes e expresión de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, advertencias e avisos.
- Formulación de consellos, suxestións e ofrecementos.
- Expresión da opinión, do coñecemento e do descoñecemento, do acordo e do desacordo, da dúbida e da hipótese.
- Expresión da necesidade, do desexo, da intención, da vontade, da promesa, da orde, do permiso e da prohibición.
- Expresión do gusto e da preferencia, do interese e do desinterese, da sorpresa, da admiración, da alegría ou da felicidade, da satisfacción, do aprecio ou da simpatía, da aprobación e da desaprobación, da decepción, do desgusto, da dor, da dúbida, da esperanza, do temor e da tristeza.

4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais comúns propios da lingua oral á produción de textos monolóxicos e dialóxicos:

- Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).
- Selección de patróns e características textuais demandadas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns morfosintácticos, léxico-semánticos e fonético-fonolóxicos.
- Organización e estruturación do texto segundo o (macro)xénero (p. ex. Conversa > conversa informal); a (macro)función textual (exposición, descrición, narración, exhortación, argumentación) e a estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais, morfosintácticas e léxico-semánticas cotextuais e por referencia ao contexto).

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa e uso de estruturas morfosintácticas sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade epistémica (capacidade, necesidade, posibilidade, probabilidade) e deóntica (volición, permiso, obriga, prohibición);
- o modo;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Coñecemento, selección e uso de léxico oral común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; relacións humanas e sociais; traballo e ocupacións; educación e estudo; lingua e comunicación; tempo libre e ocio; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte, bens e servizos; clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.

7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.

Selección, segundo a intención comunicativa, e produción de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -B1-

- Aplica á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis frecuentes nos contextos respectivos e segundo a modalidade discursiva, nun rexistro formal, neutro ou informal.
- Coñece e sabe aplicar adecuadamente as estratexias para producir textos orais breves ou de media extensión, coherentes e de estrutura simple e clara, utilizando unha serie de procedementos sinxelos para adaptar ou reformular a mensaxe e reparar a comunicación.
- Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando adecuadamente os expoñentes máis habituais das ditas funcións e seguindo os patróns discursivos de uso máis frecuente en cada contexto.
- Manexa un repertorio memorizado de frases e fórmulas para comunicarse cunha fluidez aceptable, con pausas para buscar expresións e organizar ou reestruturar o discurso, ou reformular ou aclarar o que dixo.
- Interactúa de maneira sinxela en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que en ocasións tenda a concentrarse na propia produción dificultando a participación da persoa interlocutora ou amose algún titubeo á hora de intervir cando esta acapara a comunicación.
- Utiliza coa debida corrección e flexibilidade estruturas morfosintácticas de uso frecuente segundo o contexto comunicativo e emprega, polo xeral adecuadamente, os recursos de cohesión textual máis comúns (entoación, repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, marcadores discursivos e conversacionais e conectores comúns), enlazando unha serie de elementos breves, concretos e sinxelos para crear unha secuencia cohesionada e lineal.
- Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información relativa a temas coñecidos, xerais, de actualidade ou relacionados cos propios intereses, en situacións habituais e diarias, aínda que cometa erros importantes ou teña que adaptar a mensaxe cando as demandas comunicativas son máis complexas ou cando aborda temas e situacións pouco frecuentes en situacións menos correntes, recorrendo neste caso a circunloquios e repeticións.
- Pronuncia e entoa de maneira clara e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia, sempre que non interrompan a comunicación, e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de vez en cando.

3_4.

ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS -B1-

1. OBXECTIVOS -B1-

- Comprender con suficiente detalle, coa axuda da imaxe ou marcadores claros que articulen a mensaxe, anuncios, carteis, letreiros ou avisos sinxelos e escritos con claridade, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información relativa ao funcionamento de aparellos ou dispositivos de uso frecuente, a realización de actividades diarias ou o seguimento de normas de actuación e de seguridade nos ámbitos público, educativo e ocupacional.
- Localizar con facilidade e comprender información relevante formulada de maneira simple e clara en material escrito de carácter diario ou relacionada con asuntos de interese persoal, educativo ou ocupacional (en anuncios, prospectos, catálogos, guías, folletos, programas, documentos oficiais breves...).

- Entender información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta, en calquera soporte, claramente estruturados e sobre temas xerais de interese persoal, académico ou ocupacional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles.
- Comprender notas e correspondencia persoal en calquera formato, e mensaxes en foros e blogs, nos que se dan instrucións ou indicacións; se transmite información procedente de terceiras persoas; se fala de si mesmo/a; se describen persoas, acontecementos, obxectos e lugares; se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios e se expresan de maneira sinxela sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou de interese persoal.
- Comprender información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como centros de estudos, empresas ou compañías de servizos en que se informa de asuntos do propio interese (p. ex. en relación cunha oferta de traballo ou unha compra pola Internet).
- Comprender o sentido xeral, a información principal, as ideas significativas e algún detalle relevante en noticias e artigos xornalísticos sinxelos e ben estruturados, breves ou de extensión media, sobre temas diarios, de actualidade ou do propio interese, e redactados nunha variante estándar da lingua, nunha linguaxe non moi idiomática ou especializada.
- Comprender sen dificultade a liña argumental de historias de ficción, relatos, contos ou novelas curtas claramente estruturados, escritos nunha variedade estándar da lingua e nunha linguaxe sinxela, directa e non moi literaria, e facerse unha idea clara do carácter das distintas personaxes e as súas relacións, se están descritas de maneira sinxela e con detalles explícitos suficientes.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -B1-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida diaria (actividades diarias, hábitos de estudo e de traballo, ocio, festividades, horarios); condicións de vida (vivenda, contorna, estrutura social); relacións interpersoais (familiares, xeracionais, entre persoas coñecidas e descoñecidas); cultura, costumes e valores (institucións, tradicións, celebracións, cerimonias, manifestacións artísticas) e convencións sociais (fórmulas de cortesía e de tratamento e pautas de comportamento social).

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos escritos:

- Mobilización de esquemas e información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais...).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (soporte, imaxes...).
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

3. Competencia e contidos funcionais.

Recoñecemento das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns na lingua escrita segundo o ámbito e o contexto comunicativos:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais habituais: presentarse, presentar alguén, saudar, dar a benvida, despedirse, invitar, aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, expresar condolencia, felicitar, interesarse por alguén ou por algo, lamentar, pedir desculpas.
- Descrición de calidades físicas e valorativas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados, descrición de situacións presentes e expresión de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, advertencias e avisos.
- Formulación de consellos, suxestións e ofrecementos.
- Expresión da opinión, do coñecemento e do descoñecemento, do acordo e do desacordo, da dúbida e da hipótese.
- Expresión da necesidade, do desexo, da intención, da vontade, da promesa, da orde, do permiso e da prohibición.
- Expresión do gusto e da preferencia, do interese e do desinterese, da sorpresa, da admiración, da alegría ou da felicidade, da satisfacción, do aprecio ou da simpatía, da aprobación e da desaprobación, da decepción, do desgusto, da dor, da dúbida, da esperanza, do temor e da tristeza.

4. Competencia e contidos discursivos.

Comprensión de modelos contextuais e patróns textuais comúns propios da lingua escrita:

- Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).
- Expectativas xeradas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; selección de patróns morfosintácticos, léxico-semánticos e ortotipográficos.
- Organización e estruturación do texto segundo o (macro)xénero (p. ex. Correspondencia > carta comercial); a (macro)función textual (exposición, descrición, narración, exhortación, argumentación) e a estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais, morfosintácticas e léxico-semánticas cotextuais e por referencia ao contexto).

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas morfosintácticas sinxelas propias da lingua escrita segundo o ámbito e o contexto comunicativos para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;

- a modalidade epistémica (capacidade, necesidade, posibilidade, probabilidade) e deóntica (volición, permiso, obriga, prohibición);
- o modo;
- estados, eventos, accións, procesos e realización: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Comprensión de léxico escrito de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; relacións humanas e sociais; traballo e ocupacións; educación e estudo; lingua e comunicación; tempo libre e ocio; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte, bens e servizos; clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.

7. Competencia e contidos ortotipográficos.

Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos, e convencións ortográficas, de uso común.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -B1-

- Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.
- Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto, adaptando a este a modalidade e a velocidade de lectura.
- Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización, desenvolvemento e conclusión propios do texto escrito segundo o seu xénero e tipo.
- Coñece os constituíntes e a organización de estruturas morfosintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo textual, e comprende as intencións comunicativas xeralmente asociadas a eles.
- Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos diarios e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais, e pode, xeralmente de maneira correcta, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.
- Recoñece os valores e os significados asociados a convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso común, así como abreviaturas e símbolos de uso frecuente.

3_4

ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS -B1-

1. OBXECTIVOS -B1-

- Completar un cuestionario con información persoal breve e sinxela relativa a datos básicos, intereses, afeccións, formación ou experiencia profesional, ou sobre preferencias, gustos ou opinións sobre produtos, servizos, actividades ou procedementos coñecidos ou de carácter diario.
- Escribir, nun formato convencional e en calquera soporte, un *curriculum vitae* breve, sinxelo e ben estruturado, no cal se sinalan os aspectos importantes de maneira esquemática e no cal se inclúe a información que se considera relevante en relación co propósito e a persoa destinataria específicos.
- Escribir, en calquera soporte, notas, anuncios e mensaxes en que se transmite ou solicita información sinxela de carácter inmediato, ou opinións sobre aspectos persoais, académicos ou ocupacionais relacionados con actividades e situacións da vida diaria, e nos cales se resaltan os aspectos que resultan importantes, respectando as convencións específicas deste tipo de textos e as normas de cortesía e, de ser o caso, da netiqueta.
- Tomar notas, facendo unha listaxe dos aspectos importantes, durante unha conversa formal, presentación, conferencia ou charla sinxelas, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule de maneira simple e se articule con claridade, nunha variedade estándar da lingua.
- Escribir correspondencia persoal e participar en chats, foros e blogs, sobre temas diarios, xerais, de actualidade ou do propio interese, e nos cales se pide ou se transmite información; se narran historias; se describen, con certo detalle, experiencias, acontecementos, sexan estes reais ou imaxinados, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións; se xustifican brevemente opinións e se explican plans, facendo ver os aspectos que se cren importantes, preguntando sobre problemas ou explicándoos con razoable precisión.
- Escribir, en calquera soporte, correspondencia formal básica e breve dirixida a institucións públicas ou privadas e a empresas, en que se dá e se solicita información básica ou se realiza unha xestión sinxela (p. ex. unha reclamación), observando as principais convencións formais e características deste tipo de textos e respectando as normas fundamentais de cortesía e, de ser o caso, da netiqueta.
- Escribir informes moi breves en formato convencional, con información sobre feitos comúns e os motivos de certas accións, nos ámbitos público, educativo ou ocupacional, facendo unha descrición simple de persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -B1-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á produción e coprodución de textos escritos dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida diaria (actividades diarias, hábitos de estudo e de traballo, ocio, festividadeas, horarios); condicións de vida (vivenda, contorna, estrutura social); relacións interpersoais (entre homes e mulleres, familiares, xeracionais); cultura, costumes e valores (institucións, tradicións, celebracións, cerimonias, manifestacións artísticas) e convencións sociais (fórmulas de cortesía e de tratamento e pautas de comportamento social).

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos escritos:

- Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e do texto específicos (escribir unha nota, un correo electrónico...).
- Identificar o baleiro de información e opinión e valorar o que pode darse por suposto.
- Concibir a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Adecuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.
- Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada»...).
- Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda...).
- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Controlar o efecto e o éxito do discurso mediante a petición e o ofrecemento de aclaración e reparación da comunicación.

3. Competencia e contidos funcionais.

Realización das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns na lingua escrita segundo o ámbito e o contexto comunicativos:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais habituais: presentarse, presentar a alguén, saudar, dar a benvinda, despedirse, invitar, aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, expresar condolencia, felicitar, interesarse por alguén ou por algo, lamentar, pedir desculpas.
- Descrición de calidades físicas e valorativas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados, descrición de situacións presentes e expresión de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, advertencias e avisos.
- Formulación de consellos, suxestións e ofrecementos.
- Expresión da opinión, do coñecemento e do descoñecemento, do acordo e do desacordo, da dúbida e da hipótese.
- Expresión da necesidade, do desexo, da intención, da vontade, da promesa, da orde, do permiso e da prohibición.
- Expresión do gusto e da preferencia, do interese e do desinterese, da sorpresa, da admiración, da alegría ou da felicidade, da satisfacción, do aprecio ou da simpatía, da aprobación e da desaprobación, da decepción, do desgusto, da dor, da dúbida, da esperanza, do temor e da tristeza.

4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais comúns propios da lingua escrita á produción e coprodución do texto:

- Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).

- Selección de patróns e características textuais demandadas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns morfosintácticos, léxico-semánticos e ortotipográficos.
- Organización e estruturación do texto segundo o (macro)xénero (p. ex. Correspondencia > carta persoal); a (macro)función textual (exposición, descrición, narración, exhortación, argumentación), e a estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais, morfosintácticas e léxico-semánticas cotextuais e por referencia ao contexto).

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa e uso de estruturas morfosintácticas sinxelas propias da lingua escrita segundo o ámbito e o contexto comunicativos para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa), e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e das relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade epistémica (capacidade, necesidade, posibilidade, probabilidade) e deóntica (volición, permiso, obriga, prohibición);
- o modo;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Coñecemento, selección e uso de léxico escrito de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amigos; relacións humanas e sociais; traballo e ocupacións; educación e estudo; lingua e comunicación; tempo libre e ocio; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte, bens e servizos; clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.

7. Competencia e contidos ortotipográficos.

Selección, segundo a intención comunicativa, e uso dos patróns gráficos e convencións ortográficas fundamentais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -B1-

- Aplica á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis frecuentes nos contextos respectivos e segundo a modalidade discursiva, nun rexistro formal, neutro ou informal.
- Coñece e sabe aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple adaptados a contextos habituais, p. ex. copiando modelos segundo o

xénero e o tipo textual, ou facendo un guión ou esquema para organizar a información ou as ideas.

– Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis habituais das ditas funcións e os patróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto escrito segundo o seu xénero e tipo.

– Mostra un control razoable de estruturas morfosintácticas de uso frecuente e emprega mecanismos simples de cohesión (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición e conectores básicos), enlazando unha serie de elementos breves, concretos e sinxelos para crear unha secuencia cohesionada e lineal.

– Coñece e utiliza un repertorio léxico escrito de uso frecuente suficiente para comunicar información breve, simple e directa en situacións habituais e diarias, aínda que en situacións menos correntes e sobre temas menos coñecidos teña que adaptar a mensaxe.

– Utiliza, de maneira adecuada para facerse o bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (punto, coma...) e as regras ortográficas básicas (uso de maiúsculas e minúsculas...), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.

3_4.

ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN -B1-

1. OBXECTIVOS.

– Transmitirlles oralmente a terceiras persoas a idea xeral, os puntos principais e os detalles relevantes da información relativa a asuntos diarios e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade, contida en textos orais ou escritos (instrucións ou avisos, prospectos, folletos, correspondencia, presentacións, conversas, noticias...), sempre que os ditos textos teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou escritos nunha linguaxe non especializada e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.

– Interpretar en situacións diarias durante intercambios breves e sinxelos con amizades, familia, hóspedes ou anfitrións e anfitroas, tanto no ámbito persoal como público (mentres se viaxa, en hoteis ou restaurantes, en áreas de ocio...), sempre que as persoas participantes falen amodo e claramente e poida pedir confirmación.

– Interpretar durante intercambios simples, habituais e ben estruturados, de carácter meramente factual, en situacións formais (p. ex. durante unha entrevista de traballo breve e sinxela), sempre que poida prepararse de antemán e pedir confirmación e aclaracións segundo o necesite, e que as persoas participantes falen amodo, articulen con claridade e fagan pausas frecuentes para facilitar a interpretación.

– Mediar en situacións diarias e menos habituais (unha visita médica, xestións administrativas sinxelas, un problema doméstico...), escoitando e comprendendo os aspectos principais, transmitindo a información esencial e dando e pedindo opinión e suxestións sobre posibles solucións ou vías de actuación.

– Tomar notas breves para terceiras persoas, recollendo, coa debida precisión, información específica e relevante de mensaxes (p. ex. telefónicas), anuncios ou instrucións articulados con claridade, sobre asuntos diarios ou coñecidos.

– Tomar notas breves para terceiras persoas, recollendo instrucións ou facendo unha listaxe dos aspectos máis importantes, durante unha presentación, charla ou conversa breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade nunha variedade estándar da lingua.

– Resumir breves fragmentos de información de diversas fontes, así como realizar paráfrases sinxelas de breves pasaxes escritas utilizando as palabras e a ordenación do texto orixinal.

– Transmitir por escrito a idea xeral, os puntos principais e os detalles relevantes de fragmentos

breves de información relativa a asuntos diarios e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade contidos en textos orais ou escritos (instrucións, noticias, conversas, correspondencia persoal...), sempre que os textos fonte teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou estean escritos nunha linguaxe non especializada, e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.

2. COMPETENCIA E CONTIDOS INTERCULTURALS -B1-

Aplicación dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación en situacións diarias sinxelas: coñecementos culturais xerais; conciencia sociolingüística; observación; escoita; posta en relación; respecto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -B1-

– Coñece os aspectos xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e as diferenzas e semellanzas máis significativas que existen entre os costumes, os usos, as actitudes, as relacións e os valores que prevalecen nunhas e noutras, e é capaz de actuar en consecuencia sen cometer incorreccións serias no seu comportamento, aínda que é posible que en ocasións recorra ao estereotipo.

– Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas das persoas emisoras e receptoras cando este aspecto é relevante.

– Interpreta, polo xeral correctamente, as claves de comportamento e comunicativas explícitas que observa nos/as emisores/as ou destinatarios/as para acomodar o seu discurso ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de maneira fluída.

– Pode facilitar a comprensión das persoas participantes recorrendo a comparacións e conexións sinxelas e directas con aquilo que pensa que poden coñecer.

– Toma notas coa información necesaria que considera importante trasladarlles aos destinatarios e ás destinatarias ou conségua con anterioridade para a ter dispoñible.

– Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela ou un pouco máis elaborada para aclarar ou facerlles máis comprensible a mensaxe aos/ás receptores/as.

– Fai preguntas simples pero relevantes para obter a información básica ou complementaria que necesita para poder transmitir a mensaxe con claridade e eficacia.

5.

TEMPORALIZACIÓN -B1-

Distribuiremos os contidos tendo como referencia os temas das probas de certificación, que no currículo son denominados *contidos léxicos*, organizándoos na mesma orde en que aparecen no Libro do alumno que utilizamos. Así:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE: (outubro, novembro, decembro e xaneiro)

Temas: (Unidades do Libro do alumno: 1 a 16)

- Relacións humanas e sociais • Actividades da vida diaria • Familia e amizades • Identificación persoal
- Viaxes e vacacións • Transporte, bens e servizos • Vivenda, fogar e contorna • Traballo e ocupacións
- Educación e estudo

SEGUNDO CUADRIMESTRE: (febreiro, marzo, abril e maio)

Temas: (Unidades do Libro do alumno: 17 a 28)

- Clima e contorna natural • Alimentación e restauración • Compras e actividades comerciais
- Tempo libre e ocio • Saúde e coidados físicos • Tecnoloxías da información e da comunicación
- Lingua e comunicación

Nivel B2

A) INTRODUCCIÓN AO NIVEL -B2-

As ensinanzas de nivel intermedio B2 teñen por obxecto capacitar o alumnado para vivir de maneira independente en lugares en que se utiliza o idioma; desenvolver relacións persoais e sociais, tanto cara a cara como a distancia a través de medios técnicos, con persoas usuarias doutras linguas; estudar nun ámbito educativo preterciario ou actuar coa debida eficacia nun ámbito ocupacional en situacións que requiran a cooperación e a negociación sobre asuntos de carácter habitual no dito ámbito.

Para iso, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma con suficiente fluidez e naturalidade, de modo que a comunicación se realice sen esforzo, en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade, para comprender, producir, coproducir e procesar textos orais e escritos sobre aspectos, tanto abstractos como concretos, de temas xerais ou do propio interese ou campo de especialización, nunha variedade de rexistros, estilos e acentos estándar, e cunha linguaxe que conteña estruturas variadas e complexas, e un repertorio léxico que inclúa expresións idiomáticas de uso común, que permitan apreciar e expresar diversos matices de significado.

B) OBXECTIVOS XERAIS -B2-

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel intermedio B2, o alumnado será capaz de:

– Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes en textos orais conceptual e estruturalmente complexos, sobre temas de carácter xeral ou dentro do propio campo de interese ou especialización, articulados a velocidade normal, nalgunha variedade estándar da lingua e a través de calquera canle, incluso cando as condicións de audición non sexan boas.

- Producir e coproducir, independentemente da canle, textos orais claros e o bastante detallados, de certa extensión, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo específicos, sobre temas diversos de interese xeral, persoal ou dentro do propio campo de especialización, nunha variedade de rexistros e estilos estándar, e cunha pronuncia e entoación claras e naturais, e un grao de espontaneidade, fluidez e corrección que lle permita comunicarse con eficacia, aínda que poida cometer erros esporádicos que provoquen a incompreensión, dos que adoita ser consciente e que pode corrixir.
- Comprender con suficiente facilidade o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes da autoría, tanto implícitas como explícitas, en textos escritos conceptual e estruturalmente complexos, sobre temas diversos de interese xeral, persoal ou dentro do propio campo de especialización, nalgunha variedade estándar da lingua e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, sempre que poida releer as seccións difíciles.
- Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos de certa extensión, ben organizados e bastante detallados, sobre unha ampla serie de temas xerais, de interese persoal ou relacionados co propio campo de especialización, utilizando apropiadamente unha ampla gama de recursos lingüísticos propios da lingua escrita e adecuando con eficacia o rexistro e o estilo á situación comunicativa.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional.

3_4.

ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS -B2-

1. OBXECTIVOS -B2-

- Comprender declaracións e mensaxes, anuncios, avisos e instrucións detallados, transmitidos en vivo ou a través de medios técnicos, sobre temas concretos e abstractos (p. ex. declaracións ou mensaxes corporativas ou institucionais), a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua.
- Comprender con todo detalle, independentemente da canle, o que se lle di directamente en transaccións e xestións de carácter habitual e menos corrente, incluso nun ambiente con ruído de fondo, sempre que se utilice unha variedade estándar da lingua, e que se poida pedir confirmación.
- Comprender, co apoio da imaxe (esquemas, gráficos, fotografías, vídeos), a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de presentacións, charlas, discursos, e outras formas de presentación pública, académica

ou profesional extensos e lingüisticamente complexos, sobre temas relativamente coñecidos, de carácter xeral ou dentro do propio campo de especialización ou de interese, sempre que estean ben estruturados e teñan marcadores explícitos que guíen a comprensión.

– Comprender as ideas principais e as implicacións máis xerais de conversas e discusións de carácter informal, relativamente extensas e animadas, entre dúas ou máis persoas participantes, sobre temas coñecidos, de actualidade ou do propio interese, e captar matices como a ironía ou o humor cando están indicados con marcadores explícitos, sempre que a argumentación se desenvolva con claridade e nunha variedade de lingua estándar non moi idiomática.

– Comprender con todo detalle as ideas que destacan os/as interlocutores/as, as súas actitudes e argumentos principais, en conversas e discusións formais sobre liñas de actuación, procedementos, e outros asuntos de carácter xeral relacionados co propio campo de especialización.

– Comprender a maioría dos documentais radiofónicos, das noticias da televisión e dos programas sobre temas actuais, de entrevistas en directo, debates, obras de teatro e a maioría das películas, articulados con claridade e a velocidade normal nunha variedade estándar da lingua, e identificar o estado de ánimo e o ton dos e das falantes.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -B2-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, culturas e comunidades.

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos orais:

- Mobilización de esquemas e información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes, ou opinións ou actitudes implícitas).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Comprobación de hipóteses: axuste das claves de inferencia cos esquemas de partida.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

3. Competencia e contidos funcionais.

Comprensión das seguintes funcións comunicativas mediante expoñentes variados propios da lingua oral segundo o ámbito e o contexto comunicativos:

- Inicio, xestión e finalización de relacións sociais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, dar a benvinda, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, insultar, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar alguén, acceder, rexeitar, saudar, acusar, defender, exculpar, lamentar, reprochar.

- Descrición e valoración de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, eventos, actividades, procedementos, procesos e produtos.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes e expresión de sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo.
- Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.
- Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade: afirmar, anunciar, asentir, atribuír, clasificar, confirmar a veracidade dun feito, conxecturar, corroborar, describir, desmentir, disentir, expresar acordo e desacordo con diferentes graos de firmeza, expresar descoñecemento, expresar dúbida, expresar escepticismo, expresar unha opinión, identificar e identificarse, predicir, rebater, rectificar, replicar, supoñer.
- Expresión da necesidade, o desexo, a intención, a vontade, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección: aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; dispensar ou eximir alguén de facer algo; disuadir; exixir; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; prometer; reclamar; recomendar; recordar algo a alguén; solicitar; suxerir; suplicar, retractarse.
- Expresión do interese, a aprobación, a estima, o aprecio, o eloxio, a admiración, a preferencia, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios.
- Formulación de suxestións, condicións e hipóteses.

4. Competencia e contido discursivos.

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais variados propios da lingua oral monolóxica e dialóxica:

- Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e da actividade comunicativa específica, das persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e da situación (canle, lugar, tempo).
- Expectativas xeradas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns morfosintácticos, léxico-semánticos e fonéticofonolóxicos.
- Organización e estruturación do texto segundo o (macro)xénero (p. ex. Presentación > presentación formal); a (macro)función textual (exposición, descrición, narración, exhortación, argumentación) e a estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais, morfosintácticas e léxico-semánticas cotextuais e por referencia ao contexto).

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas morfosintácticas variadas e complexas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e a cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);

- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade epistémica (capacidade, necesidade, posibilidade, probabilidade) e deóntica (volición, permiso, obriga, prohibición);
- o modo;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Comprensión de o oral común e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos; tempo e espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.

7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común en campos específicos, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e comprensión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a eles.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -B2-

- Coñece coa debida profundidade, e aplica eficazmente á comprensión do texto facendo as inferencias adecuadas, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos xerais e máis específicos que caracterizan as culturas e as comunidades de práctica en que se fala o idioma e os trazos específicos da comunicación oral nelas, apreciando as diferenzas de rexistros, estilos e acentos estándar.
- Coñece, e selecciona eficazmente, as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas coma explícitas, dos e das falantes, claramente sinalizadas.
- Distingue a función ou funcións comunicativas, tanto secundarias como principais, do texto, e aprecia as diferenzas de intención e de significado de distintos expoñentes destas, segundo o contexto e o xénero e tipo textuais.
- Comprende os diversos significados asociados ao uso de distintos patróns discursivos típicos de diferentes xéneros e tipos textuais orais polo que respecta á presentación e organización da información.
- Comprende os significados e funcións xeralmente asociados a diversas estruturas morfosintácticas propias da lingua oral en contextos de uso comúns e máis específicos dentro do seu campo de interese ou de especialización.

– Recoñece o oral común e máis especializado, relacionado cos propios intereses e necesidades no ámbito persoal, público, académico e profesional, así como expresións e modismos de uso común, e connotacións e matices accesibles na lingua oral de carácter literario.

– Discrimina patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos segundo as diversas intencións comunicativas.

3_4.

ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS -B2-

1. OBXECTIVOS.

– Facer declaracións públicas sobre asuntos comúns e máis específicos dentro do propio campo de interese ou especialización, cun grao de claridade, fluidez e espontaneidade que non lle provoca tensión ou molestias ao/á oínte.

– Facer presentacións claras e detalladas, de certa duración, e preparadas previamente, sobre unha ampla serie de asuntos xerais ou relacionados coa propia especialidade, explicando puntos de vista sobre un tema, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, mostrando as vantaxes e desvantaxes de varias opcións, desenvolvendo argumentos con claridade e ampliando e defendendo as súas ideas con aspectos complementarios e exemplos relevantes, así como responder a unha serie de preguntas complementarias da audiencia cun grao de fluidez e espontaneidade que non supón ningunha tensión nin para si mesmo/a nin para o público.

– Desenvolverse con seguridade en transaccións e xestións diarias e menos habituais, xa sexa cara a cara, por teléfono ou outros medios técnicos, solicitando e dando información e explicacións claras e detalladas, deixando claras a súa postura e as súas expectativas e desenvolvendo a súa argumentación de maneira satisfactoria na resolución dos problemas que xurdisen.

– Participar activamente en conversas e discusións informais cunha ou máis persoas interlocutoras, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, describindo con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e respondendo aos dos/as seus/súas interlocutores/as, facendo comentarios adecuados; expresando e defendendo con claridade e convicción e explicando e xustificando de maneira persuasiva as súas opinións, crenzas e proxectos; avaliando propostas alternativas; proporcionando explicacións, argumentos e comentarios adecuados; realizando hipóteses e respondendo a estas; todo isto sen divertir ou molestar involuntariamente os/as seus/súas interlocutores/as, sen supoñer tensión para ningunha das partes, transmitindo certa emoción e resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias.

– Tomar a iniciativa nunha entrevista (p. ex. de traballo), ampliando e desenvolvendo as propias ideas, ben con pouca axuda, ben obténdoa da persoa entrevistadora se a necesita.

– Participar activa e adecuadamente en conversas, reunións, discusións e debates formais de carácter habitual, ou máis específico dentro do propio campo de especialización, nos ámbitos público, académico ou profesional, nos cales esboza un asunto ou un problema con claridade, especulando sobre as causas e consecuencias e comparando as vantaxes e desvantaxes de diferentes enfoques, e en que ofrece, explica e defende as súas opinións e puntos de vista, avalía as propostas alternativas, formula hipóteses e responde a estas.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -B2-

1. competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á produción e coprodución do texto oral monolóxico e dialóxico

dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, crenzas e actitudes; estereotipos

e tabús; linguaxe non verbal; historia, culturas e comunidades.

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos orais:

- Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e o texto específicos (p. ex. presentación > presentación formal).
- Identificar o baleiro de información e opinión e valorar o que pode darse por suposto, concibindo a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Adecuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.
- Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada»...).
- Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente se quereda expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (p. ex. Modificar palabras de significado parecido, ou definir ou parafrasear un termo ou expresión), paralingüísticos ou paratextuais (p. ex. pedir axuda; sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaren o significado; usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica), ou usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais).
- Controlar o efecto e o éxito do discurso mediante a petición e o ofrecemento de aclaración e reparación da comunicación.

3. Competencia e contidos funcionais.

Realización das seguintes funcións comunicativas mediante expoñentes variados propios da lingua oral segundo o ámbito e o contexto comunicativos:

- Inicio, xestión e finalización de relacións sociais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, dar a benvinda, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar alguén, acceder, rexeitar, saudar, acusar, defender, exculpar, lamentar, reprochar.
- Descrición e valoración de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, eventos, actividades, procedementos, procesos e produtos.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes e expresión de sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo.

- Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.
- Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade: afirmar, anunciar, asentir, atribuír, clasificar, confirmar a veracidade dun feito, conxecturar, corroborar, describir, desmentir, disentir, expresar acordo e desacordo con diferentes graos de firmeza, expresar descoñecemento, expresar dúbida, expresar escepticismo, expresar unha opinión, identificar e identificarse, predicir, rebater, rectificar, replicar, supoñer.
- Expresión da necesidade, o desexo, a intención, a vontade, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección: aconsellar; advertir; alertar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; dispensar ou eximir alguén de facer algo; disuadir; exixir; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; prometer; reclamar; recomendar; lembrarlle algo a alguén; solicitar; suxerir; suplicar, retractarse.
- Expresión do interese, a aprobación, a estima, o aprecio, o eloxio, a admiración, a preferencia, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios.
- Formulación de suxestións, condicións e hipóteses.

4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais variados propios da lingua oral á produción de textos monolóxicos e dialóxicos:

- Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).
- Selección de patróns e características textuais demandadas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns morfosintácticos, léxico-semánticos e fonético-fonolóxicos.
- Organización e estruturación do texto segundo (macro)xénero (p. ex. entrevista > entrevista de traballo); (macro)función textual (exposición, descrición, narración, exhortación, argumentación) e estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais, morfosintácticas e léxico-semánticas cotextuais e por referencia ao contexto).

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Coñecemento, selección e uso de estruturas morfosintácticas variadas e complexas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade epistémica (capacidade, necesidade, posibilidade, probabilidade) e deóntica (volición, permiso, obriga, prohibición);
- o modo;

- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estructuras oracionais e orde dos seus constituíntes);
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Coñecemento, selección e uso de léxico oral común, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos; tempo e espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.

7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.

Produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común en campos específicos, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, seleccionándoos e adaptando o seu uso aos diversos significados e intencións comunicativas asociados con eles.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -B2-

- Aplica adecuadamente á produción de textos orais monolóxicos e dialóxicos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas que integrou na súa competencia intercultural, e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros ou outros mecanismos de adaptación contextual, expresándose apropiadamente en situacións diversas e evitando erros importantes de formulación.
- Coñece, selecciona con atención, e sabe aplicar eficazmente e con certa naturalidade, estratexias adecuadas para producir textos orais monolóxicos e dialóxicos de diversos tipos e de certa lonxitude, planificando o discurso segundo o propósito, a situación, as persoas interlocutoras e a canle de comunicación, e facendo un seguimento e unha reparación deste mediante procedementos variados (paráfrases, circunloquios, xestión de pausas, variación na formulación...) de maneira que a comunicación se realice sen esforzo pola súa parte ou a dos/as interlocutores/as.
- Consegue alcanzar os fins funcionais que pretende utilizando, de entre un repertorio variado, os expoñentes máis adecuados ao contexto específico.
- Articula o seu discurso de maneira clara e coherente seguindo os patróns comúns de organización segundo o xénero e o tipo textual, desenvolvendo descrições e narracións claras e detalladas, argumentando eficazmente e matizando os seus puntos de vista, indicando o que considera importante (p. ex. mediante estruturas enfáticas) e ampliando con algúns exemplos, comentarios e detalles adecuados e relevantes.
- Demostra un bo control de estruturas morfosintácticas comúns e algunhas máis complexas, con algún descoido esporádico ou erro non sistemático que pode corrixir retrospectivamente, seleccionándoas con flexibilidade e adecuadamente segundo a intención comunicativa no contexto específico.
- Dispón dun amplo vocabulario sobre asuntos relativos á súa especialidade e intereses e sobre temas máis xerais e varía a formulación para evitar repeticións frecuentes,

recorrendo con flexibilidade a circunloquios cando non atopa unha expresión máis precisa.

- Adquiriu unha pronuncia e entoación claras e naturais.
- Exprésase con claridade, con suficiente espontaneidade e cun ritmo bastante uniforme, e sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir, e dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descrições claras, expresar puntos de vista e desenvolver argumentos, utilizando para isto algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que necesita.
- Inicia, mantén e termina o discurso adecuadamente, facendo un uso eficaz das quendas de palabra, aínda que é posible que non sempre o faga con elegancia, e xestiona a interacción con flexibilidade e eficacia e de maneira colaborativa, confirmando a súa comprensión, pedindo a opinión da persoa interlocutora, invitando outros/as a participar e contribuíndo ao mantemento da comunicación.

3_4.

ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS -B2-

1. OBXECTIVOS -B2-

- Comprender instrucións, indicacións ou outras informacións técnicas extensas e complexas dentro do propio campo de interese ou de especialización, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias
- Identificar con rapidez o contido e a importancia de noticias, artigos e informes sobre – unha ampla serie de temas profesionais ou do propio interese, e comprender, en textos de referencia e consulta, en calquera soporte, información detallada sobre temas xerais, da propia especialidade ou de interese persoal, así como información específica en textos oficiais, institucionais ou corporativos.
- Comprender o contido, a intención e as implicacións de notas, mensaxes e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos cales se transmite información detallada e se expresan, xustifican e argumentan ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter xeral ou do propio interese.
- Ler correspondencia formal relativa ao propio campo de especialización, sobre asuntos de carácter tanto abstracto como concreto, e captar o seu significado esencial, así como comprender os seus detalles e implicacións máis relevantes.
- Comprender textos periodísticos, incluídos artigos e reportaxes sobre temas de actualidade ou especializados, en que o/a autor/a adopta certos puntos de vista, presenta e desenvolve argumentos, e expresa opinións de maneira tanto implícita como explícita.
- Comprender textos literarios e de ficción contemporáneos, escritos en prosa e nunha variedade lingüística estándar, de estilo simple e linguaxe clara, coa axuda esporádica do dicionario.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -B2-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; historia, culturas e comunidades.

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos escritos:

- Mobilización de esquemas e información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais ou opinións implícitas...).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (soporte, imaxes e gráficos, trazos ortotipográficos...).
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

3. Competencia e contidos funcionais.

Comprensión das seguintes funcións comunicativas mediante expoñentes variados propios da lingua escrita segundo o ámbito e o contexto comunicativos:

- Inicio, xestión e finalización de relacións sociais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, dar a benvinda, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, insultar, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar alguén, acceder, rexeitar, saudar, acusar, defender, exculpar, lamentar, reprochar.
- Descrición e valoración de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, eventos, actividades, procedementos, procesos e produtos.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes e expresión de sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo.
- Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.
- Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade: afirmar, anunciar, asentir, atribuír, clasificar, confirmar a veracidade dun feito, conxecturar, corroborar, describir, desmentir, disentir, expresar acordo e desacordo con diferentes graos de firmeza, expresar descoñecemento, expresar dúbida, expresar escepticismo, expresar unha opinión, identificar e identificarse, predicir, rebater, rectificar, replicar, supoñer.
- Expresión da necesidade, o desexo, a intención, a vontade, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección: aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; dispensar ou eximir alguén de facer algo; disuadir; exixir; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; prometer; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; solicitar; suxerir; suplicar, retractarse.
- Expresión do interese, a aprobación, a estima, o aprecio, o eloxio, a admiración, a preferencia, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios.
- Formulación de suxestións, condicións e hipóteses.

4. Competencia e contidos discursivos.

Comprensión de modelos contextuais e patróns textuais variados propios da lingua escrita:

- Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).
- Expectativas xeradas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; selección de patróns morfosintácticos, léxico-semánticos e ortotipográficos.
- Organización e estruturación do texto segundo o (macro)xénero (p e. texto periodístico > artigo de opinión); a (macro)función textual (exposición, descrición, narración, exhortación, argumentación) e a estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais, morfosintácticas e léxico-semánticas cotextuais e por referencia ao contexto).

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas morfosintácticas variadas e complexas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade epistémica (capacidade, necesidade, posibilidade, probabilidade) e deóntica (volición, permiso, obriga, prohibición);
- o modo;
- estados, eventos, accións, procesos e realización: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Comprensión de léxico escrito común e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos; tempo e espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.

7. Competencia e contidos ortotipográficos.

Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos patróns gráficos e convencións ortográficas de uso común xerais e en ámbitos comunicativos específicos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -B2-

- Coñece coa debida profundidade, e aplica eficazmente á comprensión do texto facendo as inferencias adecuadas, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos xerais e máis específicos que caracterizan as culturas e as comunidades de práctica nas cales se usa o idioma e os trazos específicos da comunicación escrita nestas, apreciando as diferenzas de rexistros e estilos estándar.
- Le cun alto grao de independencia, adaptando o estilo e a velocidade de lectura aos distintos textos e finalidades e aplicando eficazmente outras estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos/as autores/ as, claramente sinalizadas.
- Distingue a función ou funcións comunicativas, tanto secundarias como principais, do texto e aprecia as diferenzas de intención comunicativa e de significado de distintos expoñentes destas segundo o contexto e o xénero e tipo textuais.
- Comprende os diversos significados asociados ao uso de distintos patróns discursivos típicos de diferentes xéneros e tipos textuais polo que respecta á presentación e organización da información.
- Comprende os significados e funcións xeralmente asociados a diversas estruturas morfosintácticas propias da lingua escrita en contextos de uso comúns e máis específicos dentro do seu campo de interese ou de especialización.
- Conta cun amplo vocabulario activo de lectura, aínda que teña algunha dificultade con expresións pouco frecuentes, que inclúe tanto un léxico xeral e máis específico segundo os seus intereses e necesidades persoais, académicas ou profesionais, como expresións e modismos de uso común, e connotacións e matices accesibles na linguaxe literaria; e identifica polo contexto palabras descoñecidas en temas relacionados cos seus intereses ou campo de especialización.
- Recoñece os valores e significados asociados a convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, xerais e menos habituais, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico.

3_4.

ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS -B2-

1. OBXECTIVOS -B2-

Cubrir, en soporte papel ou en liña, cuestionarios e formularios detallados con información complexa, de tipo persoal, público, académico ou profesional incluíndo preguntas abertas e seccións de produción libre (para contratar un seguro, realizar unha solicitude ante organismos ou institucións oficiais, unha enquisa de opinión...).

- Escribir, en calquera soporte ou formato, un CV detallado, xunto cunha carta de motivación (p. ex. para cursar estudos no estranxeiro ou presentarse para un posto de traballo), detallando e ampliando a información que se considera relevante e axustándoa ao propósito e destinatario/a específicos.
- Escribir notas, anuncios e mensaxes nos cales se transmite ou solicita información sinxela de carácter inmediato, ou máis detallada segundo a necesidade comunicativa, incluíndo explicacións e opinións, sobre aspectos relacionados con actividades e situacións habituais, ou máis específicos dentro do propio campo de especialización ou de interese, e nos cales se resaltan os aspectos que resultan importantes, respectando as convencións específicas do xénero e tipo textuais e as normas de cortesía e, de ser o caso, da netiqueta.

- Tomar notas, co suficiente detalle, sobre aspectos que se consideran importantes, durante unha conferencia, presentación ou charla estruturada con claridade sobre un tema coñecido, de carácter xeral ou relacionado co propio campo de especialización ou de interese, aínda que se perda algunha información por concentrarse nas palabras mesmas.
- Tomar notas, recollendo as ideas principais, os aspectos relevantes e detalles importantes durante unha entrevista (p. ex. de traballo), conversa formal, reunión ou debate, ben estruturados e sobre temas relacionados co propio campo de especialización ou de interese.
- Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse con seguridade en foros e blogs nos cales se expresan noticias e puntos de vista con eficacia, se transmite certa emoción, se resalta a importancia persoal de feitos e experiencias e se comentan as noticias e os puntos de vista dos e das correspondentes e doutras persoas.
- Escribir, en calquera soporte, correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas e a empresas, en que se dá e solicita información detallada e se explican e xustifican co suficiente detalle os motivos de certas accións, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.
- Escribir informes de media extensión, de estrutura clara e nun formato convencional, nos cales se expón un asunto con certo detalle e se desenvolve un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións e achegando conclusións xustificadas e suxestións sobre futuras ou posibles liñas de actuación.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -B2-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coñecemento e aplicación á produción e coprodución do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; historia, culturas e comunidades.

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos escritos:

- Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e o texto específicos (escribir unha carta de presentación, un informe...).
- Identificar o baleiro de información e opinión e valorar o que pode darse por suposto, concibindo a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Adecuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.
- Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada»...).
- Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda...).
- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.

- Controlar o efecto e o éxito do discurso mediante a petición e o ofrecemento de aclaración e reparación da comunicación.

3. Competencia e contidos funcionais.

Realización das seguintes funcións comunicativas mediante expoñentes variados propios da lingua escrita segundo o ámbito e o contexto comunicativos:

- Inicio, xestión e finalización de relacións sociais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, dar a benvinda, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar alguén, acceder, rexeitar, saudar, acusar, defender, exculpar, lamentar, reprochar.
- Descrición e valoración de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, eventos, actividades, procedementos, procesos e produtos.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo.
- Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.
- Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade: afirmar, anunciar, asentir, atribuír, clasificar, confirmar a veracidade dun feito, conxecturar, corroborar, describir, desmentir, disentir, expresar acordo e desacordo con diferentes graos de firmeza, expresar descoñecemento, expresar dúbida, expresar escepticismo, expresar unha opinión, identificar e identificarse, predicir, rebater, rectificar, replicar, supoñer.
- Expresión da necesidade, o desexo, a intención, a vontade, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección: aconsellar; advertir; alertar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; dispensar ou eximir alguén de facer algo; disuadir; exixir; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; prometer; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; solicitar; suxerir; suplicar, retractarse.
- Expresión do interese, a aprobación, a estima, o aprecio, o eloxio, a admiración, a preferencia, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios.
- Formulación de suxestións, condicións e hipóteses.

4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais variados propios da lingua escrita á produción e coprodución de textos:

- Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).
- Selección de patróns e características textuais demandadas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns morfosintácticos, léxico-semánticos e ortotipográficos.
- Organización e estruturación do texto segundo o (macro)xénero (p. ex. Correspondencia > carta formal); a (macro)función textual (exposición, descrición, narración, exhortación, argumentación) e a estrutura interna primaria (inicio,

desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais, morfosintácticas e léxico-semánticas cotextuais e por referencia ao contexto).

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa e uso de estruturas morfosintácticas variadas e complexas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade epistémica (capacidade, necesidade, posibilidade, probabilidade) e deóntica (volición, permiso, obriga, prohibición);
- o modo;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estructuras oracionais e orde dos seus constituíntes);
- a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Coñecemento, selección e uso de léxico escrito común e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos; tempo e espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.

7. Competencia e contidos ortotipográficos.

Produción dos patróns gráficos e convencións ortográficas de uso común, xerais e en campos específicos segundo o ámbito comunicativo, seleccionándoos e adaptando o seu uso aos diversos significados e intencións comunicativas asociados con eles.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -B2-

- Aplica adecuadamente á produción de textos escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas que integrou na súa competencia intercultural, e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos, adaptando o rexistro e o estilo ou aplicando outros mecanismos de adaptación contextual para expresarse apropiadamente segundo a situación e o propósito comunicativos e evitar erros importantes de formulación.
- Aplica con flexibilidade as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos de certa lonxitude, detallados e ben estruturados, p. ex. desenvolvendo os puntos principais

e ampliándoos coa información necesaria a partir dun esquema previo ou integrando de maneira apropiada información relevante procedente de diversas fontes.

- Realiza as funcións comunicativas que persegue utilizando os expoñentes máis adecuados ao contexto específico de entre un repertorio variado.
- Articula o texto de maneira clara e coherente utilizando adecuadamente, sen erros que conduzan a malentendidos, os patróns comúns de organización segundo o xénero e o tipo textual e os recursos de cohesión de uso común e máis específico para desenvolver descrições e narracións claras e detalladas, argumentar eficazmente e matizar os seus puntos de vista, indicar o que considera importante (p. ex. mediante estruturas enfáticas) e ampliar con algúns exemplos, comentarios e detalles adecuados e relevantes.
- Demostra un bo control de estruturas morfosintácticas comúns e algunhas máis complexas, con algún descoido esporádico ou erro non sistemático que non afecta a comunicación, seleccionándoas con flexibilidade e adecuadamente segundo a intención comunicativa no contexto específico.
- Dispón dun amplo léxico escrito de uso común e sobre asuntos relativos ao seu campo de especialización e intereses e varía a formulación para evitar repeticións frecuentes, recorrendo con flexibilidade a circunloquios cando non atopa unha expresión máis precisa.
- Utiliza con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia da(s) súa(s) lingua(s) primeira(s) ou outras, os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva...) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos tanto en soporte papel como dixital.

3_4.

ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN -B2-

1. OBXECTIVOS -B2-

- Transmitirlles oralmente a terceiras persoas, en forma resumida ou adaptada, o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, contidos en textos orais ou escritos conceptual e estruturalmente complexos (presentacións, documentais, entrevistas, conversas, debates, artigos...), sobre aspectos, tanto abstractos como concretos, de temas xerais ou do propio interese ou campo de especialización, sempre que os ditos textos estean ben organizados, nalgunha variedade estándar da lingua, e se pode volver escoitar o que se dixo ou reler as seccións difíciles.
- Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas a información e argumentos principais, así como os aspectos relevantes, recompilados de diversos textos escritos procedentes de distintas fontes (p. ex. diferentes medios de comunicación ou varios informes ou outros documentos de carácter educativo ou profesional).
- Interpretar durante intercambios entre amizades, persoas coñecidas, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público, en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade (en reunións sociais, cerimoniais, eventos, visitas culturais...), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.
- Interpretar durante intercambios de carácter formal (p. ex. nunha reunión de traballo claramente estruturada), sempre que poida prepararse de antemán e pedir confirmación e aclaracións segundo o necesite.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade, transmitindo a información, as opinións e os argumentos relevantes, comparando e contrastando as vantaxes e

desvantaxes das distintas posturas e argumentos, expresando as súas opinións ao respecto con claridade e amabilidade e pedindo e ofrecendo suxestións sobre posibles solucións ou vías de actuación.

– Tomar notas escritas para terceiras persoas, coa debida precisión e organización, recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación, conversa ou debate claramente estruturados e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas do propio interese ou dentro do campo propio de especialización académica ou profesional.

– Transmitir por escrito o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, contidos en textos escritos ou orais conceptual e estruturalmente complexos, sobre aspectos, tanto abstractos como concretos, de temas xerais ou do propio interese ou campo de especialización, sempre que os ditos textos estean ben organizados, nalgunha variedade estándar da lingua e se pode reler as seccións difíciles ou volver escoitar o dito.

– Resumir por escrito os puntos principais, os detalles relevantes e os puntos de vista, opinións e argumentos expresados en conversas, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas e articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

– Resumir por escrito noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises, e a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.

– Sintetizar e transmitir por escrito a información e argumentos principais, así como os aspectos relevantes, recompilados de diversos textos escritos procedentes de distintas fontes (p. ex. diferentes medios de comunicación ou varios informes ou outros documentos de carácter educativo ou profesional).

2. COMPETENCIA E CONTIDOS INTERCULTURAI S -B2-

Xestión dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación con certa flexibilidade: autoconciencia cultural; conciencia sociolingüística; coñecementos culturais xerais e máis específicos; observación; escoita; avaliación; posta en relación; adaptación; respecto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -B2-

– Coñece coa debida profundidade, e aplica adecuadamente á actividade de mediación en cada caso, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos xerais e máis específicos que caracterizan as culturas e as comunidades de práctica en que se fala o idioma, así como as súas implicacións máis relevantes, e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros e estilos, ou outros mecanismos de adaptación contextual, expresándose apropiadamente en situacións diversas e evitando erros importantes de formulación.

– Coñece, selecciona con atención e sabe aplicar eficazmente e con certa naturalidade estratexias adecuadas para adaptar os textos que debe procesar ao propósito, á situación, ás persoas participantes e á canle de comunicación, mediante procedementos variados (paráfrases, circunloquios, amplificación ou condensación da información...).

- Sabe obter a información detallada que necesita para poder transmitir a mensaxe con claridade e eficacia.
- Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de maneira satisfactoria segundo sexa necesario.
- Transmite con suficiencia tanto a información como, de ser o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou da autoría.
- Pode facilitar a interacción entre as partes monitorizando o discurso con intervencións adecuadas, repetindo ou reformulando o dito, pedindo opinións, facendo preguntas para abundar nalgúns aspectos que considera importantes e resumindo a información e os argumentos cando é necesario para aclarar o fío da discusión.
- Compara e contrasta información e ideas das fontes ou das partes e resume apropiadamente os seus aspectos máis relevantes.
- É capaz de suxerir unha saída de compromiso, unha vez analizadas as vantaxes e desvantaxes doutras opcións.

5.

TEMPORALIZACIÓN -B2-

Distribuiremos os contidos tendo como referencia os temas das probas de certificación, que no currículo son denominados *contidos léxicos*. Así:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE: (outubro, novembro, decembro e xaneiro)

Temas:

- Actividades, procedementos e procesos • Bens e servizos • Ciencia e tecnoloxía • Descrición de persoas e obxectos • Educación e estudo • Estados, eventos e acontecementos

SEGUNDO CUADRIMESTRE: (febreiro, marzo, abril e maio)

Temas:

- Historia e cultura • Lingua e comunicación intercultural • Relacións persoais, sociais, académicas e profesionais • Tempo e espazo • Traballo e emprendemento

Nivel C1

A) INTRODUCCIÓN AO NIVEL -C1-

As ensinanzas de nivel avanzado C1 teñen por obxecto capacitar o alumnado para actuar con flexibilidade e precisión, sen esforzo aparente e superando facilmente as carencias lingüísticas mediante estratexias de compensación, en todo tipo de situacións nos ámbitos persoal e público, para realizar estudos a nivel terciario ou participar con seguridade en seminarios ou en proxectos de investigación complexos no ámbito académico, ou comunicarse eficazmente en actividades específicas na área profesional.

Para isto, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma con gran facilidade, flexibilidade, eficacia e precisión para comprender, producir, coproducir e procesar unha ampla gama de textos orais e escritos extensos e estruturalmente complexos, precisos e detallados, sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas de carácter xeral ou especializado, incluso fóra do propio campo de especialización, en diversas variedades da lingua, e con estruturas variadas e

complexas e un amplo repertorio léxico-semántico que inclúa expresións especializadas, idiomáticas e coloquiais e que permita apreciar e expresar sutís matices de significado.

B) OBXECTIVOS XERAIS -C1-

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel avanzado C1, o alumnado será capaz de:

- Comprender, independentemente da canle e incluso en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, incluso cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.
- Producir e coproducir, con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, e independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros e cunha entoación e un acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.
- Comprender con todo detalle a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes da autoría, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, incluso sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.
- Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos nos ditos ámbitos, resaltando as ideas principais, ampliando con certa extensión e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados e terminando cunha conclusión apropiada, utilizando para isto, de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas, de puntuación e de presentación do texto complexas, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado que inclúan a ironía, o humor e a carga afectiva.
- Mediar con eficacia entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, trasladando con flexibilidade, corrección e eficacia tanto información como opinións, implícitas ou explícitas, contidas nunha ampla gama de textos orais ou escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, identificando e reflectindo coa maior exactitude posible as diferenzas de estilo e rexistro e utilizando os recursos lingüísticos e as estratexias discursivas e de compensación para minimizar as dificultades ocasionais que puidese ter.

3_4.

ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS -C1-

1. OBXECTIVOS -C1-

- Comprender, independentemente da canle, información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados que teñen pouca calidade e un son distorsionado.
- Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos e procedementos coñecidos e menos habituais, e sobre todos os asuntos relacionados coa súa profesión ou coas súas actividades académicas.
- Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, parladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.
- Comprender os detalles de conversas e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, incluso sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a e captar a intención do que se di.
- Comprender conversas de certa lonxitude en que se participa, aínda que non estean claramente estruturadas e a relación entre as ideas sexa soamente implícita.
- Comprender sen demasiado esforzo unha ampla gama de programas de radio e televisión, obras de teatro ou outro tipo de espectáculos e películas que conteñen unha cantidade considerable de argot, *calão* e *gíria*, ou linguaxe coloquial e de expresións idiomáticas, e identificar pormenores e sutilezas como actitudes e relacións implícitas entre os/as falantes.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -C1-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Bo dominio de coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar en extensión a dimensión social do uso do idioma na comprensión de textos orais, incluíndo marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros, dialectos e acentos.

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Selección e aplicación eficaz das estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión da intención, o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos e das falantes, tanto implícitas como explícitas.

3. Competencia e contidos funcionais.

Comprensión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala mediante os expoñentes orais das ditas funcións segundo o contexto comunicativo específico, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal):

- Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión;

formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supoñer.

– Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder, admitir, consentir, expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, xurar, negarse a facer algo, ofrecer algo, ofrecer axuda, ofrecerse a facer algo, prometer, retractarse.

– Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a persoa destinaria faga ou non faga algo, tanto se isto é un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir alguén de facer algo; disuadir; exixir; intimidar; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.

– Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, consolar, dar a benvida, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, insultar, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar a alguén, rexeitar, saudar, tranquilizar.

– Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua oral monolóxica e dialóxica, en diversas variedades da lingua e segundo o contexto específico, incluso especializado:

1. Coherencia textual: adecuación do texto oral ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto, variedade de lingua, rexistro, tema, enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas morfosintácticas, selección léxico-semántica; contexto espaciotemporal: referencia espacial, referencia temporal).

2. Cohesión textual: organización interna do texto oral. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...), introdución do tema, tematización, desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia, elipse, repetición, reformulación, énfase. Expansión temática: exemplificación, reforzo, contraste, introdución de subtemas. Cambio temático: digresión, recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas morfosintácticas complexas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, tanto xerais como específicos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade lóxica e apreciativa (afirmación, negación, interrogación, exclamación, exhortación; factualidade, certeza, crenza, conxectura, dúbida; capacidade/habilidade; posibilidade, probabilidade, necesidade; prescripción, prohibición, obriga, permiso, autorización; volición, intención e outros actos de fala);
- o modo e as características dos estados, os procesos e as accións;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Comprensión dunha ampla gama léxico-semántica oral de uso xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas, argot, *calão* e *gíria*.

7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso xeral en diversas variedades da lingua, e en medios específicos segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e comprensión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a estes, incluíndo variantes de sons e fonemas vocálicos e consonánticos e as súas respectivas combinacións, variantes de procesos fonolóxicos de enordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica e outros, e cambios de acento e tonicidade na oración con implicacións morfosintácticas e comunicativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -C1-

- Posúe un amplo repertorio de competencias socioculturais e sociolingüísticas que lle permite apreciar con facilidade diferenzas de rexistro e as sutilezas propias da comunicación oral nas culturas, comunidades de práctica e grupos nos que se fala o idioma.
- Selecciona e aplica con eficacia as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión da intención, o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos e das falantes, tanto implícitas como explícitas.
- Recoñece, segundo o contexto específico, a intención e significación dun amplo repertorio de expoñentes das funcións comunicativas ou actos de fala, tanto indirectos como directos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal).
- É capaz de seguir un discurso extenso incluso cando non está claramente estruturado e cando as relacións son só supostas e non están sinaladas explicitamente.

- É o bastante hábil como para utilizar as claves contextuais, discursivas, gramaticais e léxico-semánticas co fin de inferir a actitude, a predisposición mental e as intencións do autor ou da autora, e prever o que vai ocorrer.
- Recoñece unha gran diversidade de expresións idiomáticas e coloquiais e aprecia connotacións e matices sutís de significado, aínda que é posible que necesite confirmar algúns detalles se o acento non lle resulta familiar.
- Distingue unha ampla gama de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación, o que lle permite comprender a calquera falante ou persoa interlocutora, aínda que é posible que teña que confirmar algúns detalles cando o acento lle resulta descoñecido.

3_4.

ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS -C1-

1. OBXECTIVOS -C1-

- Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo, usando certa entoación para transmitir con precisión matices sutís de significado.
- Realizar presentacións extensas, claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con certa extensión, integrando outros temas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado e estendéndose sobre aspectos propostos de forma espontánea polos/as oíntes, e terminando cunha conclusión apropiada, así como responder espontaneamente e sen apenas esforzo ás preguntas da audiencia.
- Levar a cabo transaccións, xestións e operacións complexas en que se debe negociar a solución de conflitos, establecer as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións e establecer con claridade os límites de calquera concesión que se estea disposto a realizar, utilizando unha linguaxe persuasiva, negociando os pormenores con eficacia e facéndolles fronte a respostas e dificultades imprevistas.
- Participar de maneira plena nunha entrevista, como entrevistador/a ou como entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas con fluidez e sen apoio, e utilizando con flexibilidade os mecanismos adecuados en cada momento para expresar reaccións e para manter o bo desenvolvemento do discurso.
- Participar activamente en conversas informais animadas, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos, específicos e incluso descoñecidos, e nas cales se faga un uso emocional, alusivo ou humorístico do idioma, expresando as propias ideas e opinións con precisión, presentando liñas argumentais complexas de maneira convincente e respondendo a estas con eficacia, facendo un bo uso das interxeccións.
- Participar activamente e con gran facilidade en conversas e discusións formais animadas (en debates, charlas, coloquios, reunións, seminarios...) nas cales se traten temas abstractos, complexos, específicos e incluso descoñecidos, identificando con precisión os argumentos dos diferentes puntos de vista, argumentando a propia postura formalmente, con precisión e convicción, respondendo a preguntas e comentarios e contestando de forma fluída, espontánea e adecuada a argumentacións complexas contrarias.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -C1-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Bo dominio de coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar en extensión a dimensión social do uso do idioma na produción e coprodución de textos orais, incluíndo marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros, dialectos e acentos.

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Dominio das estratexias discursivas e de compensación que permitan expresar o que se quere dicir adecuando con eficacia o discurso a cada situación comunicativa e que fagan imperceptibles as dificultades ocasionais.

3. Competencia e contidos funcionais.

Realización das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala, mediante os expoñentes orais das ditas funcións máis adecuados para cada contexto comunicativo específico, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal):

– Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supoñer.

– Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder, admitir, consentir, expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, xurar, negarse a facer algo, ofrecer algo, ofrecer axuda, ofrecerse a facer algo, prometer, retractarse.

– Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo, tanto se isto é un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir alguén de facer algo; disuadir; exixir; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle permiso a alguén; persuadir; previr alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.

– Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, consolar, dar a benvinda, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar a alguén, rexeitar, saudar, tranquilizar.

– Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e construción de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua oral monolóxica e dialóxica en diversas variedades da lingua e segundo o contexto específico, incluso especializado.

1. Coherencia textual: adecuación do texto oral ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto; variedade de lingua; rexistro; tema; enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas morfosintácticas, selección léxico-semántica; contexto espaciotemporal: referencia espacial, referencia temporal).

2. Cohesión textual: organización interna do texto oral. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...); introdución do tema; tematización; desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia; elipse; repetición; reformulación; énfase. Expansión temática: exemplificación; reforzo; contraste; introdución de subtemas. Cambio temático: digresión; recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Coñecemento, selección en función da intención comunicativa segundo o ámbito e o contexto tanto xeral como específico, e uso de estruturas morfosintácticas complexas propias da lingua oral para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade lóxica e apreciativa (afirmación, negación, interrogación, exclamación, exhortación; factualidade, certeza, crenza, conxectura, dúbida; capacidade/habilidade; posibilidade, probabilidade, necesidade; prescrición, prohibición, obriga, permiso, autorización; volición, intención e outros actos de fala);
- o modo e as características dos estados, os procesos e as accións;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Coñecemento e utilización correcta e adecuada ao contexto dunha ampla gama léxico-semántica oral de carácter xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot (*calão* e *gíria*).

7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.

Selección, segundo a intención comunicativa, e produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso xeral en diversas variedades da lingua e en medios específicos segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e transmisión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a estes, incluíndo variantes

de sons e fonemas vocálicos e consonánticos e as súas respectivas combinacións, variantes de procesos fonolóxicos de enordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica e outros, e cambios de acento e tonicidade na oración con implicacións morfosintácticas e comunicativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -C1-

- Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, incluíndo o uso emocional, alusivo e humorístico, adaptando o que se di e os medios de expresalo á situación e ao/a receptor/a, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.
- Mostra un dominio das estratexias discursivas e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa, p. ex., utiliza espontaneamente unha serie de expresións adecuadas para ganar tempo mentres reflexiona sen perder a súa quenda de palabra, substitúe por outra unha expresión que non lembra sen que o seu interlocutor ou a súa interlocutora se dea conta, sorteia unha dificultade cando se atopa con ela e volve a formular o que quere dicir sen interromper totalmente a fluidez do discurso, ou corrixe os seus lapsos e cambia a expresión, se dá lugar a malentendidos.
- Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.
- Expresa e argumenta as súas ideas e opinións con claridade e precisión e rebate os argumentos e as críticas dos seus interlocutores ou das súas interlocutoras de maneira convincente e sen ofender, respondendo a preguntas e comentarios e contestando de forma fluída, espontánea e adecuada.
- Utiliza os expoñentes orais das funcións comunicativas máis adecuados para cada contexto específico, tanto a través de actos de fala indirectos como directos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal).
- Estructura ben e claramente o seu discurso mostrando un uso adecuado de criterios de organización e un bo dominio dunha ampla gama de conectores e mecanismos de cohesión propios da lingua oral segundo o xénero e tipo textual.
- Manifesta un alto grao de corrección gramatical de modo consistente e os seus erros son escasos e apenas apreciables.
- Domina un amplo repertorio léxico-semántico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permite superar con soltura as súas deficiencias mediante circunloquios, aínda que poida cometer pequenos e esporádicos deslices, pero sen erros importantes de vocabulario e sen que apenas se note que busca expresións ou que utiliza estratexias de evitación.
- Ten unha capacidade articulatória próxima a algunha(s) das variedades estándar propias da lingua meta e varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices sutís de significado.
- Exprésase con fluidez e espontaneidade, case sen esforzo; só un tema conceptualmente difícil pode obstaculizar un discurso fluído e natural.
- Elixen unha frase apropiada dunha serie de posibles enunciados do discurso para introducir os seus comentarios adecuadamente co fin de tomar a palabra ou ganar tempo para manter o uso da palabra mentres pensa.
- É capaz de aproveitar o que di a persoa interlocutora para intervir na conversa.
- Relaciona con destreza a súa contribución coa doutros/as falantes.

- Adecúa as súas intervencións ás dos seus interlocutores ou das súas interlocutoras para que a comunicación flúa sen dificultade.
- Formula preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue a aclaración dos aspectos ambiguos.

3.4.

ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS -C1-

1. OBXECTIVOS -C1-

- Comprender con todo detalle instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico extensas e complexas, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.
- Comprender os matices, as alusións e as implicacións de notas, mensaxes e correspondencia persoal, en calquera soporte e sobre temas complexos, e que poidan presentar trazos idiosincráticos polo que respecta á estrutura ou ao léxico e semántica (formato non habitual, linguaxe coloquial ou ton humorístico).
- Comprender en detalle a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando matices tales como as actitudes, os niveis de formalidade e as opinións, tanto implícitas como explícitas.
- Comprender con todo detalle artigos, informes, actas, memorias e outros textos extensos e complexos no ámbito social, profesional ou académico, e identificar detalles sutís que inclúen actitudes e opinións tanto implícitas como explícitas.
- Comprender en detalle a información contida en textos de consulta e referencia de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver a ler as seccións difíciles.
- Comprender sen dificultade as ideas e posturas expresadas, tanto implícita como explicitamente, en artigos ou outros textos periodísticos de certa extensión, en calquera soporte, tanto de carácter xeral como especializado, nos cales se comentan e analizan puntos de vista, opinións e as súas implicacións.
- Comprender sen dificultade textos literarios contemporáneos extensos, dunha variedade lingüística estendida e sen unha especial complexidade conceptual, e captar a mensaxe, as ideas e conclusións implícitas, recoñecendo o fondo social, político ou histórico da obra.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -C1-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Bo dominio de coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar en extensión a dimensión social do uso do idioma na comprensión de textos escritos, incluíndo marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros e dialectos.

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Selección e aplicación eficaz das estratexias máis adecuadas para comprender o que se pretende ou se require en cada caso e utilización das claves contextuais, discursivas, gramaticais, léxico-semánticas e ortotipográficas co fin de inferir a actitude, a predisposición mental e as intencións do autor ou da autora.

3. Competencia e contidos funcionais.

Comprensión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala mediante os expoñentes escritos das ditas funcións segundo o contexto comunicativo específico, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal):

– Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxectar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supoñer.

– Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder, admitir, consentir, expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, xurar, negarse a facer algo, ofrecer algo, ofrecer axuda, ofrecerse a facer algo, prometer, retractarse.

– Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo, tanto se isto é un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; disuadir; exixir; intimidar; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.

– Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, consolar, dar a benvinda, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, insultar, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar a alguén, rexeitar, saudar, tranquilizar.

– Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua escrita, en diversas variedades da lingua e segundo o contexto específico, incluso especializado:

1. Coherencia textual: adecuación do texto escrito ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto; variedade de lingua; rexistro; tema; enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas morfosintácticas, selección léxico-semántica; contexto espaciotemporal: referencia espacial, referencia temporal).

2. Cohesión textual: organización interna do texto escrito. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...); introdución do tema; tematización; desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia; elipse; repetición;

reformulación; énfase. Expansión temática: exemplificación; reforzo; contraste; introdución de subtemas. Cambio temático: digresión; recuperación do tema; conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas morfosintácticas complexas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, tanto xerais como específicos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade lóxica e apreciativa (afirmación, negación, interrogación, exclamación, exhortación; factualidade, certeza, crenza, conxectura, dúbida; capacidade/habilidade; posibilidade, probabilidade, necesidade; prescrición, prohibición, obriga, permiso, autorización; volición, intención e outros actos de fala);
- o modo e as características dos estados, os procesos e as accións;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Comprensión dunha ampla gama léxico-semántica escrita de uso xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas, argot, *calão* e *gíria*.

7. Competencia e contidos ortotipográficos.

Comprensión dos significados xerais e específicos, segundo o contexto de comunicación, asociados ás convencións ortotipográficas da lingua meta, incluíndo trazos de formato; valores discursivos dos signos tipográficos, ortográficos e de puntuación; adaptación ortográfica de préstamos; variantes na representación gráfica de fonemas e sons; variantes do alfabeto ou os caracteres, e os seus usos nas diversas formas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -C1-

- Posúe un amplo repertorio de competencias socioculturais e sociolingüísticas, incluíndo aspectos sociopolíticos e históricos, que lle permite apreciar con facilidade o trasfondo e os trazos idiosincráticos da comunicación escrita nas culturas, comunidades de práctica e grupos en que se utiliza o idioma.

- Selecciona e aplica con eficacia as estratexias máis adecuadas para comprender o que pretende ou se lle require en cada caso, utilizando con habilidade as claves contextuais, discursivas, gramaticais, léxico-semánticas e ortotipográficas co fin de inferir a actitude, a predisposición mental e as intencións do autor ou da autora, e sacar as conclusións apropiadas.
- Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos sobre unha ampla serie de temas profesionais ou académicos e decide se é oportuna unha lectura e análise máis profundas.
- Busca con rapidez en textos extensos e complexos para localizar detalles relevantes.
- Recoñece, segundo o contexto, o xénero e o tipo textuais específicos, a intención e significación dunha ampla variedade de expoñentes das funcións comunicativas ou actos de fala, tanto indirectos como directos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal).
- Pode localizar información ou seguir o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou que non está perfectamente estruturado ou no cal as relacións e conexións non están expresadas, ou non sempre se expresan, de maneira clara e con marcadores explícitos.
- Domina un amplo repertorio léxico e semántico escrito, recoñece unha gran diversidade de expresións idiomáticas e coloquiais e aprecia connotacións e matices sutís de significado, aínda que en ocasións é posible que necesite consultar un dicionario, ben de carácter xeral, ben especializado.
- Comprende os significados e as funcións asociados a unha ampla gama de estruturas morfosintácticas propias da lingua escrita segundo o contexto e o xénero e tipo textuais, incluíndo variacións morfosintácticas de carácter estilístico (inversión ou cambio da orde das palabras).
- Comprende as intencións comunicativas que subxacen tras o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas da lingua meta, tanto en soporte papel como dixital.

3_4.

ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS -C1-

1. OBXECTIVOS -C1-

- Tomar notas detalladas durante unha conferencia, un curso ou un seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante unha conversa formal, reunión, discusión ou debate animados no ámbito profesional, transcribindo a información de maneira tan precisa e próxima ao orixinal que as notas tamén poderían ser útiles para outras persoas.
- Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros virtuais, expresándose con claridade, detalle e precisión e relacionándose coas persoas destinatarias con flexibilidade e eficacia, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.

– Escribir, coa corrección e formalidade debidas, e independentemente do soporte, correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas en que, p. ex., se fai unha reclamación ou demanda complexa ou se expresan opinións a favor ou en contra de algo, achegando información detallada e esgrimindo os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.

– Escribir informes, memorias, artigos, ensaios ou outros tipos de texto sobre temas complexos en ámbitos de carácter público, académico ou profesional, claros e ben estruturados, resaltando as ideas principais, ampliando con certa extensión, defendendo puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados e terminando cunha conclusión apropiada.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -C1-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Bo dominio de coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar en extensión a dimensión social do uso do idioma na produción e coprodución de textos escritos, incluíndo marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros e dialectos.

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Aplicación flexible e eficaz das estratexias máis adecuadas en cada caso para elaborar unha ampla gama de textos escritos complexos axustados ao seu contexto específico, planificando a mensaxe e os medios en función do efecto sobre o/a receptor/a.

3. Competencia e contidos funcionais.

Realización das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala, mediante os expoñentes escritos das ditas funcións máis adecuados para cada contexto comunicativo específico, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal):

– Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supoñer.

– Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder, admitir, consentir, expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, xurar, negarse a facer algo, ofrecer algo, ofrecer axuda, ofrecerse a facer algo, prometer, retractarse.

– Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo, tanto se isto é un acto verbal coma unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; disuadir; exixir; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.

– Funcións ou actos de fala fálicos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, consolar, dar a benvinda, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar alguén, rexeitar, saudar, tranquilizar.

– Funcións ou actos de fala expresivos, cos cales se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e construción de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua escrita, en diversas variedades da lingua e segundo o contexto específico, incluso especializado:

1. Coherencia textual: adecuación do texto escrito ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto; variedade de lingua; rexistro; tema; enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas morfosintácticas, selección léxica e semántica; contexto espaciotemporal: referencia espacial, referencia temporal).

2. Cohesión textual: organización interna do texto escrito. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...); introdución do tema; tematización; desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia; elipse; repetición; reformulación; énfase. Expansión temática: exemplificación; reforzo; contraste; introdución de subtemas. Cambio temático: digresión; recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Coñecemento, selección en función da intención comunicativa segundo o ámbito e o contexto tanto xeral como específico e uso de estruturas morfosintácticas complexas propias da lingua escrita para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e a cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade lóxica e apreciativa (afirmación, negación, interrogación, exclamación, exhortación; factualidade, certeza, crenza, conxectura, dúbida; capacidade/habilidade; posibilidade, probabilidade, necesidade; prescrición, prohibición, obriga, permiso, autorización; volición, intención e outros actos de fala);

- o modo e as características dos estados, os procesos e as accións;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Utilización correcta e adecuada ao contexto dunha ampla gama léxico-semántica escrita de uso xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas, argot, *calão e gíria*.

7. Competencia e contidos ortotipográficos.

Utilización correcta e adecuada ao contexto das convencións ortotipográficas da lingua meta, incluíndo trazos de formato; valores discursivos dos signos tipográficos, ortográficos e de puntuación; adaptación ortográfica de préstamos; variantes na representación gráfica de fonemas e sons; variantes do alfabeto ou dos caracteres e os seus usos nas diversas formas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -C1-

- Adapta o que di e os medios de expresalo á situación, á persoa receptora, ao tema e ao tipo de texto, e adopta un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias, aplicando os seus coñecementos e competencias socioculturais e sociolingüísticos con facilidade para establecer diferenzas de rexistro e estilo e para adecuar con eficacia o texto escrito ás convencións establecidas nas culturas e comunidades de lingua meta respectivas, elixindo unha formulación apropiada entre unha ampla serie de elementos lingüísticos para expresarse con claridade e sen ter que limitar o que quere dicir.
- Aplica con soltura as estratexias máis adecuadas para elaborar os distintos textos escritos complexos que lle demanda o contexto específico e planifica o que hai que dicir e os medios para dicilo considerando o efecto que pode producir no/a lector/a.
- Utiliza os expoñentes escritos das funcións comunicativas máis apropiados para cada contexto, tanto a través de actos de fala indirectos como directos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal).
- Mostra control das estruturas organizativas textuais e dos mecanismos complexos de cohesión do texto escrito e pode ilustrar os seus razoamentos con exemplos pormenorizados e precisar as súas afirmacións e opinións de acordo coas súas diversas intencións comunicativas en cada caso.
- Utiliza unha ampla gama de estruturas morfosintácticas que lle permiten expresarse por escrito con precisión e mantén un alto grao de corrección gramatical de modo consistente; os erros son escasos e practicamente inapreciables.
- Posúe un amplo repertorio léxico-semántico escrito que inclúe expresións idiomáticas e coloquialismos e que lle permite mostrar un alto grao de precisión, superar con soltura as súas deficiencias mediante circunloquios e non cometer máis que pequenos e esporádicos deslices no uso do vocabulario.
- Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua meta para producir textos escritos nos cales a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son

consistentes e prácticas e nos cales a ortografía é correcta, salvo deslices tipográficos de carácter esporádico.

3_4.

ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN -C1-

1. OBXECTIVOS -C1-

- Trasladar oralmente nun novo texto coherente, parafraseándoos ou resumíndoos, información, opinións e argumentos contidos en textos escritos ou orais longos e minuciosos de diverso carácter e procedentes de diversas fontes, como ensaios ou conferencias.
- Facer unha interpretación consecutiva en charlas, reunións, encontros ou seminarios relacionados coa propia especialidade, con fluidez e flexibilidade, transmitindo a información importante nos seus propios termos.
- Mediar con fluidez e eficacia entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas sobre temas tanto relacionados cos campos de interese persoal ou da propia especialización como de fóra dos ditos campos (en reunións, seminarios, mesas redondas ou en situacións potencialmente conflitivas), tendo en conta as diferenzas e as implicacións sociolingüísticas e socioculturais destas e reaccionando en consecuencia, transmitindo, de maneira clara e concisa, información significativa e formulando as preguntas e facendo os comentarios pertinentes co fin de obter os detalles necesarios ou comprobar supostas inferencias e significados implícitos.
- Tomar notas escritas para terceiras persoas, recollendo, coa debida precisión, información específica e relevante contida en textos escritos complexos, aínda que claramente estruturados, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.
- Tomar notas escritas detalladas para terceiras persoas, coa precisión necesaria e unha boa estruturación, durante unha conferencia, entrevista, seminario, reunión ou debate claramente estruturados, articulados a velocidade normal nunha variedade da lingua ou nun acento cos que se estea familiarizado/a, e sobre temas complexos e abstractos, tanto fóra como dentro do propio campo de interese ou especialización, seleccionando que información e argumentos relevantes consignar segundo se desenvolve o discurso.
- Trasladar por escrito nun novo texto coherente, parafraseándoos ou resumíndoos, información, opinións e argumentos contidos en textos orais ou escritos longos e minuciosos de diverso carácter e procedente de diversas fontes (diferentes medios de comunicación, diversos textos académicos ou varios informes ou outros documentos de carácter profesional).
- Resumir, comentar e analizar por escrito os aspectos principais, a información específica relevante e os diferentes puntos de vista contidos en noticias, artigos sobre temas de interese xeral, entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises.
- Traducir fragmentos, relevantes con respecto a actividades do propio interese nos ámbitos persoal, académico ou profesional, de textos escritos tales como correspondencia formal, informes, artigos ou ensaios.

2. COMPETENCIA E CONTIDOS INTERCULTURALS -C1-

Bo dominio dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación con facilidade e eficacia: conciencia da alteridade, conciencia sociolingüística, coñecementos culturais específicos, observación, escoita, avaliación, interpretación, posta en relación, adaptación, imparcialidade, metacomunicación, respecto, curiosidade, apertura de miras, tolerancia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -C1-

- Posúe un coñecemento amplo e concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas e das comunidades de práctica en que se fala o idioma, incluídas as sutilezas e implicacións das actitudes que reflicten os seus usos e os seus valores e intégraas con facilidade na súa competencia intercultural xunto coas convencións das súas propias linguas e culturas, o que lle permite extraer as conclusións e relacións apropiadas e actuar en consecuencia, nunha ampla gama de rexistros e estilos, coa debida flexibilidade segundo as circunstancias, e con eficacia.
- Aplica con soltura as estratexias adecuadas para adaptar os textos que debe procesar ao propósito, á situación, ás persoas receptoras e á canle de comunicación, sen alterar a información e as posturas orixinais.
- Produce un texto coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte.
- Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións de acordo co ámbito e co contexto comunicativos, p. ex., nun texto académico.
- Transmite con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e das necesidades das persoas destinatarias.
- Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, indicando a súa comprensión e interese; elaborando, ou pedíndolles ás partes que elaboren o dito con información detallada ou ideas relevantes; axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; volvendo sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión e orientándoa cara á resolución do problema ou do conflito en cuestión.

5.

TEMPORALIZACIÓN -C1-

Distribuiremos os contidos tendo como referencia os temas das probas de certificación, que no currículo son denominados *contidos léxicos*. Así:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE: (outubro, novembro, decembro e xaneiro)

Temas:

- Identidade persoal • Relacións persoais e sociais • Vivenda, fogar e contorna • Xeografía, natureza e medio rural • Viaxes e estancias no estranxeiro • Saúde, coidados físicos e atención sanitaria • Ciencia e tecnoloxía • Economía e industria • Goberno, política e sociedades • Relixión e filosofía

SEGUNDO CUADRIMESTRE: (febreiro, marzo, abril e maio)

Temas:

- Alimentación • Bens e servizos • Información e medios de comunicación • Lecer e tempo libre
- Compras e actividades comerciais • Cultura e actividades artísticas • Educación e actividades académicas • Traballo e actividades profesionais

Nivel C2

A) INTRODUCCIÓN AO NIVEL -C2-

As ensinanzas de nivel avanzado C2 teñen por obxecto capacitar o alumnado para comunicarse sen ningunha dificultade, e cun grao de calidade como pode observarse nun/nunha falante culto/a, en situacións de alta complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, entre outras cursar estudos ao máis alto nivel, incluídos programas de posgrao e doutoramento, ou participar activamente e con soltura na vida académica (titorías, seminarios, conferencias internacionais); liderar equipos interdisciplinares en proxectos complexos e exixentes, ou negociar e persuadir con eficacia a nivel de alta dirección en ámbitos profesionais internacionais.

Para isto, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma con total naturalidade para participar en todo tipo de situacións, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, que requiran comprender, producir, coproducir e procesar unha ampla gama de textos orais e escritos extensos e complexos, que versen sobre temas tanto abstractos como concretos de carácter xeral e especializado, tanto fóra como dentro do propio campo de especialización, nunha gran variedade de acentos, rexistros e estilos, e cun amplo repertorio léxico-semántico e estrutural que inclúa expresións idiomáticas, coloquiais, xeográficas e especializadas e permita apreciar e expresar sutís matices de significado.

B) OBXECTIVOS XERAIS -C2-

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel avanzado C2, o alumnado será capaz de:

- Comprender con total facilidade, sempre que dispoña dun certo tempo para habituarse ao acento, practicamente a calquera interlocutor/a e calquera texto oral, producido en vivo ou retransmitido, independentemente da canle e incluso en ambientes con ruído, recoñecendo significados implícitos e apreciando diferenzas sutís de estilo, incluso cando o texto se articule a unha velocidade rápida, presente trazos estruturais, léxico-semánticos ou de pronuncia idiosincráticos (estruturas non lineais ou formatos pouco usuais, coloquialismos, variantes lingüísticas, argot, calão e gíria ou terminoloxía descoñecida, ironía ou sarcasmo), e/ou verse sobre temas incluso alleos á súa experiencia, interese ou campo académico ou profesional ou de especialización.
- Producir e coproducir, con naturalidade, comodidade, soltura e fluidez, textos orais extensos, detallados, formalmente correctos, e a miúdo destacables, para comunicarse en calquera tipo de situación da vida persoal, social, profesional e académica, adaptando con total eficacia o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, sen cometer erros salvo algún *lapsus linguae* ocasional, e mostrando gran flexibilidade no

uso dun amplo repertorio de expresións, acentos e patróns de entoación que lle permitan transmitir con precisión sutís matices de significado.

– Comprender en profundidade, apreciar, e interpretar de maneira crítica, co uso esporádico do dicionario, unha ampla gama de textos extensos e complexos, tanto literarios como técnicos ou doutra índole, contemporáneos ou non, nos que se utilicen unha linguaxe especializada, xogos de palabras, unha gran cantidade de argot, calão e gíria, coloquialismos, expresións idiomáticas, variantes lingüísticas ou outros trazos idiosincráticos, e que poidan conter xuízos de valor velados, ou nos cales gran parte da mensaxe se expresa dunha maneira indirecta e ambigua, apreciando distincións sutís de estilo e significado, tanto implícito como explícito.

– Producir e coproducir, independentemente do soporte, e incluso a velocidade rápida en tempo real, textos escritos de calidade, exentos de erros salvo algún descoido de carácter tipográfico, sobre temas complexos e incluso de tipo técnico, cun estilo apropiado e eficaz e unha estrutura lóxica que lle axude ao lector ou á lectora a identificar e reter as ideas e os aspectos máis significativos e nos que transmite con precisión sutís matices de significado, incluídos os usos alusivos do idioma.

– Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar practicamente calquera clase de texto oral ou escrito, recoñecendo significados implícitos e apreciando diferenzas de estilo, incluso cando o texto se articule a unha velocidade moi alta ou presente trazos estruturais, léxico-semánticos ou de pronunciación ou de escritura idiosincráticos (variantes lingüísticas, linguaxe literaria ou léxico-semántico especializado), todo isto sen dificultade, adaptando con total eficacia o estilo e rexistro aos diferentes contextos de uso e amosando unha riqueza de expresión e un acento e entoación que permitan transmitir con precisión sutís matices de significado.

3_4.

ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS -C2-

1. OBXECTIVOS -C2-

– Comprender, independentemente da canle e incluso nun ambiente con ruído, instrucións detalladas e calquera tipo de información específica en declaracións e anuncios públicos que teñen pouca calidade e un son distorsionado.

– Comprender calquera información técnica complexa, como por exemplo, instrucións de funcionamento, normativas ou especificacións de produtos, servizos ou procedementos de calquera índole, coñecidos ou descoñecidos, e sobre todos os asuntos relacionados, directa ou indirectamente, coa súa profesión ou coas súas actividades académicas.

– Comprender conferencias, charlas, discusións e debates especializados, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, aínda que conteñan unha gran cantidade de expresións coloquiais, variantes lingüísticas ou terminoloxía especializada ou pouco habitual, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

– Comprender con facilidade as interaccións complexas e os detalles de conversas e debates animados e extensos entre terceiras persoas, incluso sobre temas abstractos, complexos ou descoñecidos, apreciando plenamente os matices, os trazos socioculturais da linguaxe que se utiliza e as implicacións do que se di ou se insinúa.

– Comprender conversas, discusións e debates extensos e animados nos que se participa, incluso sobre temas académicos ou profesionais complexos e cos que non se

está familiarizado/a, aínda que non estean claramente estruturados e a relación entre as ideas sexa soamente implícita, e reaccionar en consecuencia.

– Comprender sen esforzo, e apreciar en profundidade, películas, obras de teatro ou outro tipo de espectáculos e programas de televisión ou radio que conteñan unha gran cantidade de argot, calão e gíria ou linguaxe coloquial, dialectal ou expresións idiomáticas, identificando pormenores e sutilezas como actitudes e relacións implícitas entre os e as falantes, e apreciando alusións e implicacións de tipo sociocultural.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -C2-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Dominio dos coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar a dimensión social do uso do idioma na comprensión de textos orais e apreciación das sutilezas e implicacións dos aspectos socioculturais da comunicación natural, eficaz e precisa, incluíndo os usos emocional, alusivo e humorístico do idioma, o que supón recoñecer e comprender as intencións comunicativas dunha ampla gama de marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros, dialectos e acentos e unha gran diversidade de expresións idiomáticas, coloquiais, xeográficas e de argot, calão e gíria.

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Utilización eficaz das claves contextuais, discursivas, gramaticais, léxico-semánticas e fonético-fonolóxicas co fin de inferir a actitude, a predisposición mental e as intencións do autor ou da autora e sacar as conclusións apropiadas.

3. Competencia e contidos funcionais.

Comprensión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala mediante os expoñentes orais propios de cada contexto comunicativo específico, incluso especializado, tanto a través de actos de fala indirectos como directos, en calquera rexistro (íntimo, familiar, informal, neutro, formal, solemne):

– Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; apostilar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supor.

– Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder, admitir, consentir, expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, xurar, negarse a facer algo, ofrecer algo, ofrecer axuda, ofrecerse a facer algo, prometer, retractarse.

– Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo, tanto se isto é un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; disuadir; exixir; intimidar; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propor;

reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.

– Funcións ou actos de fala fálicos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, consolar, dar a benvinda, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, insultar, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar a alguén, rexeitar, saudar, tranquilizar.

– Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e comprensión dunha ampla gama de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua oral monolóxica e dialóxica, en diversas variedades da lingua e en calquera rexistro, apreciando un amplo repertorio de recursos de produción e procesamento de textos axustados a contextos específicos, incluso especializados:

2.5.1.2.4.1. Coherencia textual: adecuación do texto oral ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto; variedade de lingua; rexistro; tema; enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas sintácticas e morfolóxicas, selección léxica e semántica; contexto espaciotemporal: referencia espacial, referencia temporal).

2.5.1.2.4.2. Cohesión textual: organización interna do texto oral. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...); introdución do tema; tematización; desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia; elipse; repetición; reformulación; énfase. Expansión temática: exemplificación; reforzo; contraste; introdución de subtemas. Cambio temático: digresión; recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas morfosintácticas formal e conceptualmente complexas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, tanto xerais como específicos, para expresar:

– a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);

– o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);

– o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);

– o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;

- a modalidade lóxica e apreciativa (afirmación, negación, interrogación, exclamación, exhortación; factualidade, certeza, crenza, conxectura, dúbida; capacidade/habilidade; posibilidade, probabilidade, necesidade; prescrición, prohibición, obriga, permiso, autorización; volición, intención, e outros actos de fala);
- o modo e as características dos estados, os procesos e as accións;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Comprensión dunha ampla gama léxico-semántica oral de uso xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot, calão e gíria, e apreciación dos niveis connotativos do significado.

7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso xeral en diversas variedades da lingua, e en medios específicos segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e comprensión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a estes, incluíndo variantes de sons e fonemas vocálicos e consonánticos e as súas respectivas combinacións, variantes de procesos fonolóxicos de enordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica e outros, e cambios de acento e tonicidade na oración con implicacións morfosintácticas e comunicativas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -C2-

- Aprecia en profundidade as implicacións socioculturais do que se di e da maneira de dicilo, e pode reaccionar en consecuencia.
- Recoñece con facilidade os usos emocional, humorístico e alusivo do idioma, apreciando diferentes variedades da lingua e cambios de rexistro e de estilo.
- Aprecia matices como a ironía ou o sarcasmo e saca as conclusións apropiadas do uso que se fai deles.
- Selecciona e aplica con eficacia as estratexias máis adecuadas para comprender o que pretende ou o que se lle require en cada caso, utilizando con habilidade as claves contextuais, discursivas, gramaticais, léxico-semánticas e fonético-fonolóxicas co fin de inferir a actitude, a predisposición mental e as intencións do autor ou da autora e sacar as conclusións apropiadas.
- Pode localizar información ou seguir o fío da argumentación nun texto oral de estrutura discursiva complexa ou que non está perfectamente estruturado, ou en que as relacións e conexións non están expresadas, ou non sempre se expresan, de maneira clara e con marcadores explícitos.
- Recoñece, segundo o contexto e o xénero e o tipo textuais específicos, a intención e significación dunha ampla gama de expoñentes orais complexos das funcións comunicativas ou actos de fala, tanto indirectos como directos, en calquera rexistro (íntimo, familiar, informal, neutro, formal, solemne).
- Identifica os significados e funcións asociados a unha ampla gama de estruturas morfosintácticas propias da lingua oral segundo o contexto e xénero e tipo textuais,

incluíndo variacións morfosintácticas de carácter estilístico, por exemplo, unha pregunta retórica.

- Aprecia os niveis connotativos do significado e ten un bo dominio dun repertorio léxico semántico de recepción oral moi amplo que inclúe termos especializados, expresións idiomáticas e coloquiais, variantes lingüísticas e argot, calão e gíria.
- Recoñece xogos de palabras e figuras estilísticas, como a metáfora, e pode xulgar a súa función dentro do texto e con respecto ao contexto.
- Manifesta unha capacidade de percepción, sen apenas esforzo, das variedades fonético- fonolóxicas estándar propias da lingua meta e recoñece os matices sutís de significado e as diversas intencións pragmáticas (cortesía, humor, ironía, sarcasmo e outras) asociados aos diferentes patróns de entoación segundo o contexto comunicativo específico.

3_4.

ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS -C2-

1. OBXECTIVOS -C2-

- Facer declaracións públicas con fluidez e flexibilidade usando certa entoación para transmitir con precisión matices sutís de significado.
- Realizar presentacións convincentes ante colegas e persoas expertas e pronunciar conferencias, relatorios e charlas, extensas, ben estruturadas e detalladas, sobre temas e asuntos públicos ou profesionais complexos, demostrando seguridade e adaptando o discurso con flexibilidade para adecualo ás necesidades dos/as oíntes, e manexando con habilidade e enfrontándose con éxito a preguntas difíciles, imprevisibles, e incluso hostís, destes/as.
- Pronunciar conferencias ou impartir seminarios sobre temas e asuntos académicos complexos, con seguridade e de modo elocuente a un público que non coñece o tema, adaptándose a cada auditorio e desenvolvéndose sen ningunha dificultade ante calquera pregunta ou intervención de membros da audiencia.
- Participar con total soltura en entrevistas, como entrevistador/a ou como entrevistado/a, estruturando o que di e desenvolvéndose con autoridade e con total fluidez, mostrando dominio da situación e capacidade de reacción e improvisación.
- Realizar e xestionar con total eficacia operacións e transaccións complexas, incluso delicadas, ante institucións públicas ou privadas de calquera índole e negociar, con argumentos ben organizados e persuasivos, as relacións con particulares e entidades e a solución dos conflitos que puidesen xurdir das ditas relacións.
- Conversar cómoda e adecuadamente, sen ningunha limitación, en todo tipo de situacións da vida social e persoal, dominando todos os rexistros e o uso apropiado da ironía e o eufemismo.
- Participar sen ningunha dificultade e con fluidez en reunións, seminarios, discusións, debates ou coloquios formais sobre asuntos complexos de carácter xeral ou especializado, profesional ou académico, incluso se se levan a cabo a unha velocidade moi rápida, utilizando argumentos claros e persuasivos, matizando con precisión para deixar claros os seus puntos de vista, e sen ningunha desvantaxe respecto aos/ás falantes nativos/as.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -C2-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Dominio de coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar en extensión a dimensión social do uso do idioma na produción e coprodución de textos orais, incluíndo marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros, dialectos e acentos (*sotaques*).

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Dominio das estratexias discursivas e de compensación que permitan expresar o que se quere dicir sen ningunha limitación, adecuando con eficacia o discurso a cada situación comunicativa específica de carácter complexo.

3. Competencia e contidos funcionais.

Realización das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala, mediante expoñentes complexos orais das ditas funcións, adecuados a cada contexto comunicativo específico, tanto a través de actos de fala indirectos como directos, en calquera rexistro (íntimo, familiar, informal, neutro, formal, solemne):

– Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; apostilar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supor.

– Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder, admitir, consentir, expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, xurar, negarse a facer algo, ofrecer algo, ofrecer axuda, ofrecerse a facer algo, prometer, retractarse.

– Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo, tanto se isto é un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; disuadir; exixir; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propor; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.

– Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar e declinar unha invitación; agradecer; atraer a atención; compadecerse; consolar; dar a benvida; despedirse; expresar condolencia; felicitar; facer cumprimentos; interesarse por alguén ou por algo; invitar; pedir desculpas; presentarse e presentar alguén; rexeitar; saudar; tranquilizar.

– Funcións ou actos de fala expresivos, con que se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e construción de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua oral monolóxica e dialóxica, en diversas variedades da lingua e segundo o contexto específico, incluso especializado:

2.5.2.2.4.1. Coherencia textual: adecuación do texto oral ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto; variedade de lingua; rexistro; tema; enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas morfosintácticas, selección léxico-semántica; contexto espaciotemporal: referencia espacial, referencia temporal).

2.5.2.2.4.2. Cohesión textual: organización interna do texto oral. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...); introdución do tema; tematización; desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia; elipse; repetición; reformulación; énfase. Expansión temática: exemplificación; reforzo; contraste; introdución de subtemas. Cambio temático: digresión; recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Coñecemento, selección en función da intención comunicativa segundo o ámbito e o contexto tanto xeral como específico e uso de estruturas morfosintácticas complexas propias da lingua oral para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade lóxica e apreciativa (afirmación, negación, interrogación, exclamación, exhortación; factualidade, certeza, crenza, conxectura, dúbida; capacidade/habilidade; posibilidade, probabilidade, necesidade; prescripción, prohibición, obriga, permiso, autorización; volición, intención, e outros actos de fala);
- o modo e as características dos estados, os procesos e as accións;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Coñecemento e utilización correcta e adecuada ao contexto dunha ampla gama léxico-semántica oral de carácter xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot, calão e gíria.

7. Competencia e contidos fonético-fonolóxicos.

Selección, segundo a intención comunicativa, e produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso xeral en diversas variedades da lingua, e en medios específicos segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e transmisión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a estes, incluíndo variantes de sons e fonemas vocálicos e consonánticos e as súas respectivas combinacións, variantes de procesos fonolóxicos de enxordacemento, onorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica e outros, e cambios de acento e tonicidade na oración con implicacións morfosintácticas e comunicativas para expresar sutís matices de significado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -C2-

- Coñece en profundidade as implicacións socioculturais que pode ter o que di e a maneira de dicilo e actúa en consecuencia, adaptándose de forma natural á situación e á persoa receptora, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias, comunicándose con naturalidade, eficacia e precisión, utilizando diferentes variedades da lingua e distintos rexistros segundo o contexto específico de comunicación e expresando matices sutís coa axuda dunha ampla gama de expresións idiomáticas, coloquiais, xeográficas e de argot, calão e gíria.
- Pode expresarse de forma conscientemente irónica, ambigua ou humorística.
- Pode falar sobre asuntos complexos ou delicados sen resultar inconveniente.
- Utiliza correcta e adecuadamente todo tipo de estratexias e recursos para controlar e reparar o seu discurso, axustándoos con eficacia, naturalidade e precisión a un contexto complexo específico, incluso especializado.
- Sabe sortear as dificultades que puidese ter con tanta discreción que a persoa interlocutora apenas se dá conta.
- Tira proveito dun dominio amplo e fiable dun completo repertorio de elementos lingüísticos para formular pensamentos con precisión, por énfase, diferenciar e eliminar a ambigüidade, sen manifestar ningunha limitación do que quere dicir.
- Produce discursos claros, fluídos e ben estruturados cuxa estrutura lóxica lle resulta eficaz e lle axuda ao/á oínte a fixarse en elementos significativos e a recordalos.
- Crea textos coherentes e cohesionados facendo un uso completo e apropiado dunha variedade de criterios de organización e dunha gran diversidade de mecanismos de cohesión.
- Leva a cabo as funcións comunicativas ou os actos de fala correspondentes, utilizando os expoñentes das ditas funcións, formal e conceptualmente complexos, máis adecuados para cada contexto comunicativo específico, incluso especializado, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, en calquera rexistro (íntimo, familiar, informal, neutro, formal, solemne).
- Comunica con total certeza información complexa e detallada.
- Pode dar explicacións coherentes de carácter teórico.
- Realiza descripcións claras, fluídas, elaboradas e a miúdo destacables.
- Pode facer declaracións claras, fluídas, elaboradas e a miúdo memorables.
- Realiza narracións detalladas integrando varios temas, desenvolvendo aspectos concretos e terminando cunha conclusión apropiada.
- Presenta ideas e puntos de vista de maneira moi flexible co fin de os por de relevo, diferencialos e eliminar a ambigüidade.

- Argumenta sobre un asunto complexo adaptando a estrutura, o contido e a énfase co fin de convencer da validez da súa postura a distintos tipos de oíntes e interlocutores/as.
- Expresa e argumenta as súas ideas e opinións con claridade e precisión e rebate os argumentos dos seus interlocutores ou das súas interlocutoras con soltura e de maneira convincente.
- Utiliza sen problemas as estruturas gramaticais da lingua meta, incluso aquelas formal e conceptualmente complexas e con efectos comunicativos máis sutís, incluíndo variacións morfosintácticas de carácter estilístico (singular/plural xeneralizador e de modestia).
- Mantén un consistente control gramatical sobre un repertorio lingüístico complexo, incluso cando a súa atención se centra noutras actividades, por exemplo, na planificación do seu discurso ou no seguimento das reaccións dos/as demais.
- Utiliza con consistencia un vocabulario correcto e apropiado, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot, calão e gíria, e unha ampla gama de expresións co fin de enriquecer, matizar e precisar o que quere dicir e transmite con precisión matices sutís de significado mediante o uso dunha ampla serie de elementos cualificativos e de procedementos de modificación, por exemplo, elementos que expresan grao ou cláusulas que expresan limitacións.
- Substitúe unha palabra que non lembra por un termo equivalente dunha maneira tan sutil que apenas se nota.
- Manifesta unha capacidade articulatória segundo algunhas das variedades estándar propias da lingua meta e axusta a entoación á situación comunicativa, variándoa para expresar matices sutís de significado e adaptándose aos estados de ánimo e ás diversas intencións pragmáticas (cortesía, humor, ironía, sarcasmo e outras).
- Exprésase con total naturalidade, sen esforzarse nin dubidar, mediante un discurso amplo e seguido cunha fluidez natural, e detense só para considerar as palabras máis apropiadas coas que expresar os seus pensamentos ou para buscar un exemplo ou unha explicación adecuada.
- Pode tomar a palabra, mantela e cedela de maneira completamente natural.
- Contribúe ao progreso do discurso invitando a outras persoas a participar, formulando preguntas ou propoñendo cuestións para abundar nos temas tratados ou noutros novos, desenvolvendo ou aclarando aspectos do dito polos/as interlocutores/as e facendo un resumo das posturas e dos argumentos destes/as e, de ser o caso, dos seus propios.

3_4.

ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS -C2-

1. OBXECTIVOS -C2-

- Comprender sen dificultade calquera tipo de información pública, instrución, ou disposición que poida interesarlle a un/unha mesmo/a ou a terceiras persoas, incluíndo os seus aspectos sutís e aqueles que poden derivar do seu contido.
- Comprender en detalle a información e as implicacións de instrucións, de normativas, ordenamentos, códigos, contratos ou outros textos legais complexos relativos ao mundo profesional ou académico en xeral e ao propio campo de especialización en particular.
- Comprender en profundidade e detalle todo tipo de textos produto da actividade profesional

ou académica (actas, resumos, conclusións, informes, proxectos, traballos de investigación) ou calquera documento de uso interno ou de difusión pública correspondente a estes ámbitos.

– Comprender información detallada en textos extensos e complexos no ámbito público, social e institucional, por exemplo, informes que inclúen datos estatísticos, identificando actitudes e opinións implícitas no seu desenvolvemento e conclusións e apreciando as relacións, alusións e implicacións de tipo sociopolítico, socioeconómico ou sociocultural.

– Comprender en detalle e en profundidade, e interpretar de maneira crítica, a información, ideas e implicacións de calquera tipo de material bibliográfico de consulta ou de referencia de carácter especializado académico ou profesional, en calquera soporte.

– Comprender todo tipo de publicacións periódicas de carácter xeral, ou especializado dentro da propia área profesional, académica ou de interese.

– Comprender sen dificultade as ideas e posturas expresadas en editoriais, artigos de fondo, recensións e críticas, ou outros textos periodísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, e en calquera soporte, nos que gran parte da mensaxe se expresa dunha maneira indirecta ou ambigua, ou que conteñen numerosas alusións ou xuízos de valor velados.

– Comprender con facilidade e en detalle calquera tipo de correspondencia persoal, e formal de carácter público, institucional, académico ou profesional, incluída aquela sobre asuntos especializados ou legais, identificando matices tales como as actitudes, os niveis de formalidade e as posturas, tanto implícitas como explícitas, dos e das remitentes.

– Comprender sen dificultade e interpretar de maneira crítica textos literarios extensos de calquera xénero, tanto clásicos como contemporáneos, apreciando recursos literarios (símbolos, metáforas...), trazos de estilo, referencias contextuais (culturais, sociopolíticas, históricas ou artísticas), así como as súas implicacións.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -C2-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Dominio dos coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar a dimensión social do uso do idioma na comprensión de textos escritos e apreciación das sutilezas e implicacións dos aspectos socioculturais da comunicación escrita, incluíndo os usos emocional, alusivo e humorístico do idioma, o que supón recoñecer e comprender as intencións comunicativas dunha ampla gama de marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros e dialectos e unha gran diversidade de expresións idiomáticas, coloquiais, rexionais e de argot, calão e gíria.

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Selección e aplicación eficaz das estratexias máis adecuadas para comprender o que se pretende ou o que se require en cada caso e utilización das claves contextuais, discursivas, gramaticais, léxico-semánticas e ortotipográficas co fin de inferir a actitude, a predisposición mental e as intencións do autor ou da autora e sacar as conclusións apropiadas.

3. Competencia e contidos funcionais.

Comprensión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala mediante os expoñentes escritos das ditas funcións segundo o contexto comunicativo específico,

tanto a través de actos de fala indirectos como directos, en calquera rexistro (íntimo, familiar, informal, neutro, formal, solemne):

– Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; apostilar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supor.

– Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder, admitir, consentir, expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, xurar, negarse a facer algo, ofrecer algo, ofrecer axuda, ofrecerse a facer algo, prometer, retractarse.

– Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo, tanto se isto é un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; disuadir; exixir; intimidar; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propor; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.

– Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, consolar, dar a benvida, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, insultar, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar alguén, rexeitar, saudar, tranquilizar.

– Funcións ou actos de fala expresivos, cos cales se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua escrita, en diversas variedades da lingua e segundo o contexto específico, incluso especializado:

2.5.3.2.4.1. Coherencia textual: adecuación do texto escrito ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto; variedade de lingua; rexistro; tema; enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas morfosintácticas, selección léxico-semántica; contexto espaciotemporal: referencia espacial, referencia temporal).

2.5.3.2.4.2. Cohesión textual: organización interna do texto escrito. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...); introdución do tema; tematización; desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia; elipse; repetición; reformulación; énfase. Expansión temática: exemplificación; reforzo; contraste; introdución de subtemas. Cambio temático: digresión; recuperación do tema);

conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas morfosintácticas complexas propias da lingua escrita, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, tanto xerais como específicos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade lóxica e apreciativa (afirmación, negación, interrogación, exclamación, exhortación; factualidade, certeza, crenza, conxectura, dúbida; capacidade/habilidade; posibilidade, probabilidade, necesidade; prescrición, prohibición, obriga, permiso, autorización;
- volición, intención e outros actos de fala);
- o modo e as características dos estados, os procesos e as accións;
- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Comprensión dunha ampla gama léxico-semántica escrita de uso xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot, calão e gíria.

7. Competencia e contidos ortotipográficos.

Comprensión dos significados xerais e específicos, segundo o contexto de comunicación, asociados ás convencións ortotipográficas da lingua meta, incluíndo trazos de formato; valores discursivos dos signos tipográficos, ortográficos e de puntuación; adaptación ortográfica de préstamos; variantes na representación gráfica de fonemas e sons; variantes do alfabeto o dos caracteres, e os seus usos nas diversas formas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -C2-

- Aprecia en profundidade as implicacións socioculturais do que le e dos seus modos de expresión e pode reaccionar en consecuencia.
- Recoñece con facilidade os usos emocional e alusivo do idioma, apreciando diferentes variedades da lingua e cambios de rexistro e de estilo.
- Aprecia matices como a ironía ou o sarcasmo e saca as conclusións apropiadas do uso que se fai deles.

- Selecciona e aplica con eficacia as estratexias máis adecuadas para comprender o que pretende ou se lle require en cada caso, utilizando con habilidade as claves contextuais, discursivas, gramaticais, léxico-semánticas e ortotipográficas co fin de inferir a actitude, a predisposición mental e as intencións do autor ou da autora, e sacar as conclusións adecuadas.
- Pode acceder a calquera fonte de información escrita con rapidez e fiabilidade.
- Pode avaliar, de forma rápida e fiable, se as fontes son ou non relevantes para o fin ou para a tarefa en cuestión.
- Pode localizar información relevante, así como comprender o seu tema, contido e orientación, a partir dunha lectura rápida do texto.
- Busca con rapidez en textos extensos e complexos de diversos tipos, incluídos os menos habituais, e pode ler textos de forma paralela para integrar información contida neles.
- Utiliza sen dificultade dicionarios monolingües da súa área de especialización (medicina, economía, dereito...).
- Recoñece, segundo o contexto, o xénero e o tipo textuais específicos, a intención e a significación dunha ampla gama de expoñentes complexos das funcións comunicativas ou actos de fala, tanto indirectos como directos, en calquera rexistro (íntimo, familiar, informal, neutro, formal, solemne).
- Comprende os significados e funcións asociados a unha ampla gama de estruturas morfosintácticas propias da lingua escrita segundo o contexto e o xénero e tipo textuais, incluíndo variacións morfosintácticas de carácter estilístico, por exemplo, a metáfora gramatical.
- Aprecia os niveis connotativos do significado e ten un bo dominio dun repertorio léxico semántico de lectura moi amplo que inclúe termos especializados, expresións idiomáticas e coloquiais, variantes lingüísticas e argot, calão e gíria.
- Recoñece xogos de palabras e figuras estilísticas, por exemplo, a metáfora, e pode xulgar a súa función dentro do texto e con respecto ao contexto.
- Comprende as intencións comunicativas que subxacen tras o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas da lingua meta, tanto en soporte papel como dixital, de carácter xeral e especializado.

3_4.

ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS -C2-

1. OBXECTIVOS -C2-

- Tomar notas e apuntamentos detallados e fidedignos en reunións, seminarios, cursos ou conferencias, incluso mentres se continúa participando activamente neles, reflectindo tanto as palabras utilizadas polo/a falante como as implicacións, alusións ou inferencias do que este/a di.
- Negociar o texto de acordos, resolucións, contratos ou comunicados, modificando borradores e realizando corrección de probas.
- Escribir recensións, informes ou artigos complexos que presentan unha argumentación ou unha apreciación crítica de textos técnicos de índole académica ou profesional, de obras literarias ou artísticas, de proxectos de investigación ou de traballo ou de publicacións e outras recensións, informes ou artigos escritos por outras persoas.
- Escribir informes, artigos, ensaios, traballos de investigación e outros textos complexos de carácter académico ou profesional nos cales se presenta o contexto, o trasfondo teórico e a literatura precedente; se describen os procedementos de traballo; se fai un

tratamento exhaustivo do tema; se incorporan e resumen opinións doutras persoas; se inclúen e avalían información e feitos detallados e se presentan as propias conclusións de maneira adecuada e convincente e de acordo coas convencións, internacionais ou da cultura específica, correspondentes a este tipo de textos.

– Escribir, independentemente do soporte, cartas ou mensaxes persoais en que se expresa dunha maneira deliberadamente humorística, irónica ou ambigua.

– Escribir, independentemente do soporte, correspondencia formal complexa, clara, exenta de erros e ben estruturada, xa sexa para solicitar algo, demandar ou ofrecer os seus servizos a clientes, superiores ou autoridades, adoptando as convencións estilísticas e de formato que requiren as características do contexto específico.

2. COMPETENCIAS E CONTIDOS -C2-

1. Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Dominio dos coñecementos, destrezas e actitudes necesarios, e apreciación das sutilezas e implicacións dos aspectos socioculturais da comunicación escrita, para a produción e coprodución de textos escritos, incluíndo os usos emocional, alusivo e humorístico.

2. Competencia e contidos estratéxicos.

Aplicación natural e eficaz das estratexias discursivas e de compensación máis adecuadas en cada caso para elaborar unha ampla gama de textos complexos axustados ao seu contexto específico, incluso especializado, planificando a mensaxe e os medios en función do efecto que se quere ou se debe producir sobre a persoa receptora.

3. Competencia e contidos funcionais.

Realización das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala, mediante os expoñentes escritos das ditas funcións máis adecuados para cada contexto comunicativo específico, tanto a través de actos de fala indirectos como directos, en calquera rexistro (íntimo, nfamiliar, informal, neutro, formal, solemne):

– Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; apostilar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supor.

– Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder, admitir, consentir, expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, xurar, negarse a facer algo, ofrecer algo, ofrecer axuda, ofrecerse a facer algo, prometer, retractarse.

– Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo, tanto se isto é un acto verbal coma unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; disuadir; exixir; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propor; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.

– Funcións ou actos de fala fálicos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, consolar, dar a benvida, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar alguén, rexeitar, saudar, tranquilizar.

– Funcións ou actos de fala expresivos, cos cales se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

4. Competencia e contidos discursivos.

Coñecemento e construción de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua escrita, en diversas variedades da lingua e segundo o contexto específico, incluso especializado:

2.5.4.2.4.1. Coherencia textual: adecuación do texto escrito ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto; variedade de lingua; rexistro; tema; enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas morfosintácticas, selección léxico-semántica; contexto espaciotemporal: referencia espacial, referencia temporal).

2.5.4.2.4.2. Cohesión textual: organización interna do texto escrito. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...); introdución do tema; tematización; desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia; elipse; repetición; reformulación; énfase. Expansión temática: exemplificación; reforzo; contraste; introdución de subtemas. Cambio temático: digresión; recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

5. Competencia e contidos morfosintácticos.

Coñecemento, selección en función da intención comunicativa segundo o ámbito e o contexto tanto xeral como específico, e uso de estruturas morfosintácticas complexas propias da lingua escrita para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
- o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
- a modalidade lóxica e apreciativa (afirmación, negación, interrogación, exclamación, exhortación; factualidade, certeza, crenza, conxectura, dúbida; capacidade/habilidade; posibilidade, probabilidade, necesidade; prescrición, prohibición, obriga, permiso, autorización; volición, intención e outros actos de fala);
- o modo e as características dos estados, os procesos e as accións;

- estados, eventos, accións, procesos e realización: papeis semánticos e focalización (estructuras oracionais e orde dos seus constituíntes);
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

6. Competencia e contidos léxicos e semánticos.

Utilización correcta, e adecuada ao contexto, dunha ampla gama léxico-semántica escrita de uso xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot, calão e gíria.

7. Competencia e contidos ortotipográficos.

Utilización correcta, e adecuada ao contexto, das convencións ortotipográficas da lingua meta, incluíndo trazos de formato; valores discursivos dos signos tipográficos, ortográficos e de puntuación; adaptación ortográfica de préstamos; variantes na representación gráfica de fonemas e sons; variantes do alfabeto o os caracteres, e os seus usos nas diversas formas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -C2-

- Escribe textos complexos extensos e de calidade, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permite expresarse sen ningunha limitación, con gran riqueza estrutural e léxico-semántica e con total corrección.
- Escribe textos complexos con claridade e fluidez, cun estilo apropiado e eficaz e unha estrutura lóxica que lle axudan ao/á lector/a a encontrar as ideas significativas, exentos de erros e nos cales transmite con precisión sutís matices de significado, incluídos os usos alusivos do idioma.
- Coñece en profundidade as implicacións socioculturais que pode ter o que escribe e a maneira de o dicir e actúa en consecuencia, adaptándose de forma natural á situación e á persoa destinataria, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias, comunicándose con naturalidade, eficacia e precisión, utilizando diferentes variedades da lingua e distintos rexistros segundo o contexto específico de comunicación e expresando matices sutís coa axuda dunha ampla gama de expresións idiomáticas, coloquiais, rexionais e de argot, calão e gíria.
- Pode expresarse por escrito de forma conscientemente irónica, ambigua ou humorística.
- Pode escribir sobre asuntos complexos ou delicados sen resultar inconveniente.
- Utiliza correcta e adecuadamente todo tipo de estratexias e recursos para controlar e reparar o seu texto escrito, axustándoos con eficacia, naturalidade e precisión a un contexto complexo específico, incluso especializado.
- Tira proveito dun dominio amplo e fiable dun completo repertorio de elementos lingüísticos para formular pensamentos con precisión, por énfase, diferenciar e eliminar a ambigüidade, sen manifestar ningunha limitación do que quere dicir.
- Crea textos escritos coherentes e cohesionados facendo un uso completo e apropiado dunha variedade de criterios de organización e dunha gran diversidade de mecanismos de cohesión.

- Leva a cabo as funcións comunicativas ou os actos de fala correspondentes, utilizando os expoñentes das ditas funcións, formal e conceptualmente complexos, máis adecuados para cada contexto comunicativo específico, incluso especializado, propios da lingua escrita, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, en calquera rexistro (íntimo, familiar, informal, neutro, formal, solemne).
- Comunica con total certeza información complexa e detallada.
- Pode dar explicacións coherentes de carácter teórico.
- Realiza descricións claras e detalladas e, a miúdo, destacables.
- Realiza narracións detalladas integrando varios temas, desenvolvendo aspectos concretos e terminando cunha conclusión apropiada.
- Presenta ideas e puntos de vista de maneira moi flexible co fin de poñelos de relevo, diferencialos e eliminar a ambigüidade.
- Argumenta sobre un asunto complexo adaptando a estrutura, contido e énfase co fin de convencer da validez da súa postura a distintos tipos de persoas destinatarias.
- Expresa e argumenta as súas ideas e opinións con claridade e precisión e rebate os argumentos das persoas coas que mantén correspondencia con soltura e de maneira convincente.
- Utiliza sen problemas e sen erros as estruturas gramaticais propias da lingua escrita, incluso aquelas formal e conceptualmente complexas e con efectos comunicativos máis sutís, incluíndo variacións morfosintácticas de carácter estilístico, por exemplo, estruturas pasivas.
- Utiliza con consistencia un vocabulario correcto e apropiado, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot, calão e gíria, e unha ampla gama de expresións co fin de enriquecer, matizar e precisar o que quere dicir e transmite con precisión matices sutís de significado mediante o uso dunha ampla serie de elementos cualificativos e de procedementos de modificación, por exemplo, elementos que expresan grao, ou cláusulas que expresan limitacións.
- Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua meta, tanto de carácter xeral como máis específico, e incluso especializado, para producir textos escritos exentos de erros de ortografía, formato, estrutura, distribución en parágrafos e puntuación; se acaso, pode presentar algún descoido tipográfico ocasional.
- Relaciónase coa persoa destinataria con total naturalidade, flexibilidade e eficacia.

3_4.

ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN -C2-

1. OBXECTIVOS -C2-

- Trasladar oralmente coa precisión necesaria o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas, así como as posibles implicacións, de textos orais ou escritos de alta complexidade estrutural ou conceptual, ou que presenten trazos idiosincráticos (variantes lingüísticas, linguaxe literaria, léxico-semántico especializado...), identificando as diferenzas de estilo e rexistro, así como matices de intencionalidade.
- Parafrasear e resumir en forma oral información e ideas provenientes de diversas fontes, reconstruíndo argumentos e feitos coa debida precisión, de maneira coherente e

sen omitir detalles importantes nin incluír detalles ou elementos innecesarios, con naturalidade e eficacia.

– Facer unha interpretación simultánea sobre unha ampla serie de asuntos relacionados coa propia especialidade en diversos ámbitos, trasladando coa suficiente precisión sutilezas de rexistro e estilo.

– Mediar con eficacia e total naturalidade entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, en calquera situación, incluso de carácter delicado ou conflictivo, tendo en conta as diferenzas e as implicacións sociolingüísticas e socioculturais e reaccionando en consecuencia.

– Tomar notas escritas detalladas para terceiras persoas, con notable precisión e estruturación, durante unha conferencia, reunión, debate ou seminario claramente estruturados e sobre temas complexos dentro ou fóra do propio campo de especialización.

– Trasladar por escrito coa debida precisión o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas, así como as posibles implicacións, de textos escritos ou orais de alta complexidade estrutural ou conceptual ou que presenten trazos idiosincráticos (variantes lingüísticas, linguaxe literaria, léxico semántico especializado...), identificando as diferenzas de estilo e de rexistro, así como matices de intencionalidade.

– Parafrasear e resumir en forma escrita, con total corrección e eficacia, de maneira coherente e sen incluír detalles irrelevantes, información e ideas contidas en diversas fontes, trasladando de maneira fiable información detallada e argumentos complexos.

– Traducir, coa axuda de recursos específicos, fragmentos extensos de textos estrutural e conceptualmente complexos, incluso de tipo técnico, sobre temas xerais e específicos do propio interese, tanto dentro coma fóra do campo propio de especialización, trasladando de maneira fiable o contido da fonte e respectando no posible os seus trazos característicos (p. ex. estilísticos, léxico-semánticos ou de formato).

2. COMPETENCIA E CONTIDOS INTERCULTURALS -C2-

Dominio dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación, incluso en situacións delicadas ou conflictivas, con total naturalidade e eficacia: autoconciencia cultural, conciencia da alteridade, conciencia sociolingüística, coñecementos culturais específicos, coñecementos culturais especializados, observación, escoita, avaliación, análise, interpretación, posta en relación, adaptación (incluída resiliencia emocional), ecuanimidade, xestión do estrés, metacomunicación, resolución creativa de problemas, liderado, respecto, empatía, curiosidade, apertura de miras, asunción de riscos, flexibilidade, tolerancia, valores universais.

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN (e mínimos exixíbeis) -C2-

– Aprecia en profundidade as sutilezas e implicacións dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos da comunicación para desenvolverse de maneira natural e con comodidade en calquera contexto de mediación.

– É plenamente consciente do carácter relativo dos usos e convencións, crenzas e tabús de distintas comunidades e das súas propias e pode explicar, comentar e analizar as semellanzas e diferenzas culturais e lingüísticas de maneira extensa e construtiva, así como superar posibles barreiras ou circunstancias adversas na comunicación poñendo

en xogo, de maneira case automática a través da internalización, a súa competencia intercultural e as súas competencias comunicativas lingüísticas.

– Comunícase eficazmente e coa precisión necesaria, apreciando e sendo capaz de utilizar todos os rexistros, diferentes variedades da lingua e unha ampla gama de matices de significado.

– Sabe seleccionar con gran rapidez e aplicar eficazmente as estratexias de procesamento do texto máis convenientes para o propósito comunicativo específico en función das persoas destinatarias e da situación de mediación (selección, omisión ou reorganización da información).

– Produce textos coherentes, cohesionados e de calidade a partir dunha gran diversidade de textos fonte.

– Transmite con total certeza información complexa e detallada, así como os aspectos máis sutís das posturas, opinións e implicacións dos textos, orais ou escritos, de orixe.

5.

TEMPORALIZACIÓN -C2-

Distribuiremos os contidos tendo como referencia os temas das probas de certificación, que no currículo son denominados *contidos léxicos*. Así:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE: (outubro, novembro, decembro e xaneiro)

Temas:

• Relacións persoais e sociais • Identidade persoal • Vivenda, fogar e contorna • Xeografía, natureza e medio rural • Alimentación • Bens e servizos • Compras e actividades comerciais • Lecer e tempo libre • Cultura e actividades artísticas

SEGUNDO CUADRIMESTRE: (febreiro, marzo, abril e maio)

Temas:

• Economía e industria • Goberno, política e sociedade • Relixión e filosofía • Información e medios de comunicación • Educación e actividades académicas • Traballo e actividades profesionais • Viaxes e estancias no estranxeiro • Saúde, coidados físicos e atención sanitaria • Ciencia e tecnoloxía

3.4.5 Obxectivos, Competencias e Temporalización nos grupos FOR e PUC

Consultar: Abordaxe comunicativa por tarefas e Outras consideracións en **Metodoloxía Didáctica**.

6. Metodoloxía

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

1. Principios metodolóxicos
2. Abordaxe comunicativa por tarefas
3. Outras consideracións

Os **enfoques metodolóxicos estarán orientados á acción** e crearán contextos de aprendizaxe que, por unha parte, axuden a cada estudante a atopar as súas propias estratexias de aprendizaxe e que, por outra banda, fomenten a autonomía do alumnado para que poida aproveitar ao máximo todas as ocasións para mellorar a propia capacidade de comunicación, tanto no aula coma fóra dela.

A concepción metodolóxica inspirada no QECR implica unha concepción da competencia comunicativa entendida como a capacidade de uso do idioma, que abrangue tanto as competencias lingüísticas, sociolingüísticas e pragmáticas como a competencia intercultural e a competencia estratéxica.

O aprendiz de linguas pon estas en uso activando as citadas competencias para levar a cabo actividades comunicativas sobre diferentes temas, en ámbitos e contextos específicos, e botando man das estratexias adecuadas para este fin. O usuario da lingua procesa e produce textos orais e escritos, que constitúen as unidades básicas de comunicación a través de actividades de expresión, comprensión, interacción ou dunha combinación delas. Para iso as alumnas e os alumnos terán que adquirir, através de experiencias de aprendizaxe, unha serie de habilidades básicas incardinadas en actividades concibidas para facilitar esta adquisición. O docente é o deseñador, presentador, impulsor e avaliador das actividades comunicativas. A súa función será a de orientar, estimular, prestar a súa experiencia e aconsellar, pero serán as alumnas e os alumnos os que deberán asumir a responsabilidade da súa aprendizaxe, colaborando cos demais membros do grupo e co docente para atinxir os obxectivos propostos e desenvolver a súa capacidade de aprendizaxe autónoma.

En definitiva, a actividade do aprendiz é o factor máis importante para que a aprendizaxe se produza; de maneira que, en último termo, o éxito ou o fracaso das aprendizaxes recaen sobre a persoa que aprende. Non obstante, as aprendizaxes danse con maior facilidade cando o proceso de ensinanza do profesorado crea as condicións adecuadas para que estas se produzan. Por iso, o docente debe propor tarefas e experiencias de aprendizaxe significativas que estimulen o interese na utilización da lingua dentro e fóra da aula, e a sensibilidade cara ás culturas asociadas ao idioma. O deseño adecuado das tarefas será esencial pois tamén deben contribuír a fomentar a confianza en si mesmos, a motivación para aprender e a capacidade para planificar, autoavaliar e aprender de xeito autónomo e independente.

Estas tarefas serán deseñadas a partir dos criterios de avaliación que indican o grao de dominio lingüístico que os estudantes deben acadar, e serán esencialmente comunicativas, para lle ofrecer ao alumnado a oportunidade de utilizar o idioma tal e como o faría en situacións reais de comunicación; de aí a importancia de que os materiais

empregados nas devanditas tarefas sexan preferentemente auténticos, de xeito que o alumnado perciba a lingua no seu contexto real, como instrumento de comunicación.

Este enfoque metodolóxico posibilita que o alumnado se implique no proceso de aprendizaxe mediante tarefas deseñadas en función dos obxectivos fixados para as catro competencias, de xeito que permita a convivencia de distintos estilos de aprendizaxe. A finalidade deste enfoque será a activación da variedade de procesos e habilidades necesarios para levar a cabo tarefas nas que se realizarán actividades de comprensión, expresión e interacción e mediación, que englobarán todos os compoñentes curriculares (os obxectivos, os contidos, a metodoloxía e a avaliación).

Non se trata de ver nas aulas os distintos contidos de forma illada; aínda que, por razóns estruturais, estes aparezan no currículo separadamente, terán que ser integrados na realización das diferentes tarefas e actividades, para preservar en todo momento o sentido comunicativo no proceso de ensino-aprendizaxe.

As metodoloxías comunicativas –especialmente a baseada en tarefas– reproducen na sala de aulas as situacións de uso en contextos auténticos ao tempo que, para desenvolverse nelas, proporcionan o apoio de procesos de aprendizaxe (traballo do vocabulario, das estruturas, dos contidos sociolingüísticos, etc. que han posibilitar a realización das tarefas comunicativas propostas).

O método para a aprendizaxe e o ensino deben ser integradores, ofreceren todas as opcións de forma explícita, e evitar as preferencias ou dogmatismos. O principal, naturalmente, é que os métodos que se empreguen para a aprendizaxe, ensino e investigación de linguas sexan eficaces para alcanzar os obxectivos marcados segundo as necesidades do alumnado como persoas integradas nun contexto social. A eficacia dependerá tamén da motivación e particularidade de cada aspirante e do uso de determinados recursos tanto humanos como materiais.

Tendo isto en conta acadaremos gran variedade de obxectivos e maior diversidade de métodos e materiais. O resultado dunha aprendizaxe é unha consecuencia directa dun proceso interno no que se asimila un contido mediante un conxunto de habilidades que actúan a través de procedementos concretos. Estes procedementos poden empregarse dunha forma intencional ou estratéxica para producir melloras no resultado final.

1. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Existen un conxunto de métodos que permiten acceder e intervir no proceso de aprendizaxe. A utilización sistemática dun método ou sistema de ensinanza contribúe á análise e regulación consciente do alumnado sobre as operacións e decisións cognitivas que realiza nas súas tarefas. Como consecuencia favorecerá a progresiva mellora destes procesos e dos seus efectos e, en definitiva do rendemento. A implicación máis inmediata destas ideas é que a actuación externa, é dicir, a ensinanza debe entenderse necesariamente como unha actuación que guíe e oriente, dunha forma planificada e sistemática, na dirección prevista polas intencións comunicativas recollidas nesta programación oficial.

Para que isto sexa posible é necesario que a acción pedagóxica se dirixa cara a **orientacións concretas:**

- Inserir, na medida do posible, unha actividade puntual nun marco ou obxectivo máis amplo.
- Posibilitar a participación de todo o alumnado nas distintas tarefas, incluso se o seu nivel de competencia ou os seus coñecementos son, nun primeiro momento escasos ou pouco axeitados.
- Establecer un clima relacional baseado na confianza e aceptación mutua. Neste punto cómpre subliñar a importancia da interacción que xera o profesorado. Este debe dar cabida á sorpresa, recoller o que esperta interese no seu alumnado, non só polos contidos do currículo senón tamén polo que non está planificado.
- Conseguir, polo tanto, un equilibrio entre o currículo establecido na programación e o que xurda cada día a partir da actuación do alumnado e das necesidades que se vaian manifestando.
- Promover a actuación e afondamento dos coñecementos que se están aprendendo a partir da utilización de recursos e axudas estratéxicas que permitan seguir aprendendo de maneira autónoma, o alumnado ten que aprender a aprender porque a capacidade de autoaprendizaxe seralle útil mentres participa nos cursos da escola e posteriormente.
- Establecer relacións constantes e explícitas entre os novos contidos que son obxecto de aprendizaxe e os coñecementos previos.

Do exposto dedúcese a importancia de entender o ensino da lingua non como transmisión senón como “co-construción” de coñecementos. Isto implica por parte do

docente partir dos coñecementos e informacións que pode achegar o alumnado, de xeito que os saberes e experiencias dos individuos poidan entrar en interacción cos saberes e competencias novas que achegue o profesorado ou outras fontes de recursos. O docente debe, ademais, de mediador do saber, transmitir coñecementos, organizar, avaliar, construír un marco no cal aínda programando e decidindo deixe unha marxe á iniciativa do alumnado. No ámbito do ensino-aprendizaxe da lingua portuguesa os principios expostos teñen unha aplicación inmediata se adoptamos o enfoque comunicativo por tarefas como punto de partida incorporando unha serie de actuacións.

A metodoloxía usada na EOI ten como referente un modelo de ensino comunicativo, cunha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma. Trátase da abordaxe orientada á acción explicitada no MCER, que se centra non só nas competencias lingüísticas, senón en todas as capacidades que o individuo debe utilizar para se integrar eficazmente na comunidade da lingua que está a estudar.

Esta abordaxe, na súa posta en práctica, centraráse en tarefas baseadas nos obxectivos de comunicación definidos no currículo e nesta programación, e terá en conta as necesidades e intereses dos discentes. Na sociedade levamos a cabo tarefas (escribimos cartas, temos conversas, compramos billetes de avión, solicitamos información en ámbitos da nosa vida profesional, pública ou persoal, expresamos dúbidas respecto de opinións ou proxectos familiares ou profesionais...). Isto é o que deben aprender a facer os alumnos.

O aprendiz de idiomas será usuario da lingua que está a aprender, o que implica: ter en conta as súas necesidades reais de aprendizaxe, e os seus intereses e contextos de uso. Esta realidade implica a existencia na sala dun perfil competencial desigual, e de motivacións e intereses diversos. e establecer graos de dominio que poden non responder en todos os casos ao grao de competencia do falante nativo.

Os **principios metodolóxicos** en que se baseará o proceso de ensino-aprendizaxe serán os seguintes:

1. A aprendizaxe centrada no alumno e nas súas necesidades. Este principio favorece a implicación deste na aprendizaxe, que se pode lograr: téndoo en conta á hora de deseñar as tarefas (traballando con materiais que respondan aos seus intereses, mesmo propostos por el); tendo en consideración os diferentes estilos de aprendizaxe (e, xa que non é posíbel dar resposta a cada un deles por separado, polo menos axustar a nosa axuda ás características xerais do alumnado); identificando os seus

coñecementos previos para actualos antes de realizar unha tarefa; e desenvolvendo a súa capacidade de autoavaliación.

2. A recreación na aula de situacións que simulen as actividades comunicativas reais consideradas en cada nivel do currículo e que centren o ensino no aprendiz e nas súas necesidades. O profesor debe prever as situacións en que terá que desenvolverse o alumno na realidade, para poderlle proporcionar os expoñentes lingüísticos e os referentes culturais que lle permitirán comunicarse nelas. Deste xeito, propoñendo tarefas e utilizando recursos e materiais de aprendizaxe que respondan aos seus intereses e aos seus futuros contextos de uso, lograremos maior motivación. Para incluír no proceso de aprendizaxe as dimensións do individuo que aprende teremos en conta a súa biografía, os asuntos que o ocupan e os que lle preocupan, a súa creatividade e o seu contorno; e o alumnado tamén poderá propoñer tarefas, seleccionar recursos e materiais de aprendizaxe que respondan aos seus intereses.

3. A reflexión do docente (individualmente ou en colaboración co alumnado) sobre o proceso de ensino-aprendizaxe para obter conclusións e poder aplicar de xeito eficaz o abordaxe metodolóxico adoptado, así como para poder proporcionarlle aos alumnos indicacións sobre o propio control e sobre as estratexias de aprendizaxe máis axeitadas.

4. O fomento de actitudes como o plurilingüismo e o pluriculturalismo, pois o desenvolvemento das capacidades que se exercitan ao relacionarse con outras linguas e culturas repercute no desenvolvemento da competencia na lingua obxecto de estudo.

5. A variación das formas de socialización e da organización tradicional da aula. Unha aula organizada por mesas orientadas cara ao profesor non favorece a realización de actividades de comunicación; é preferíbel optar por exemplo por un deseño en U, ou distribuír as mesas en varios grupos. Ademais, hai que ter en conta outros espazos de socialización e aprendizaxe distintos da aula, dentro da escola (salón de actos e aula de informática, laboratorio, cafetería e sala de estudo...) e fóra dela (a través de excursións, intercambios...).

6. O estímulo da capacidade de aprender a aprender, favorecendo o desenvolvemento de estratexias de comunicación e aprendizaxe.

7. O fomento dunha dinámica que favoreza a interacción comunicativa (entre os alumnos e co profesor), creando un clima de axuda mutua, cordialidade, empatía, respecto e interese.

8. A atención á diversidade, tanto de intereses como de coñecementos, capacidades e ritmos de aprendizaxe, mediante recursos metodolóxicos que teñan en conta estas diferenzas.

2. ABORDAXE COMUNICATIVA POR TAREFAS

Actualmente parece existir un consenso entre os especialistas en valorar moi favorablemente os enfoques comunicativos por tarefas, xa que a aprendizaxe gramatical exhaustiva non garante que o alumnado sexa capaz de comunicarse.

A abordaxe por tarefas baséase primordialmente nun concepto global de lingua. Esta lingua é entendida como o conxunto de todos os elementos necesarios para a comunicación: os compoñentes gramaticais, as funcións e nocións lingüísticas, o sistema de relacións e convencións. Nesta abordaxe incídese primeiramente na capacidade de comunicarse, o coñecemento das formas lingüísticas é só un aspecto máis do que hai que aprender en función de poder levar a cabo unha tarefa comunicativa. Disto despréndese que non se pode concibir unha tarefa sen un obxectivo comunicativo claro que será o que permitirá incidir máis no contido que na forma. Este procedemento metodolóxico, baseado nunha abordaxe por tarefas, pretende integrar actividades de reflexión sobre a lingua con prácticas comunicativas ao longo de todo o currículo, dende o nivel básico (mesmo principiantes cun nivel moi baixo) ata niveis avanzados, pasando polos niveis intermedios.

Esta metodoloxía que aquí propomos parte dun modelo de lingua que ten unha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma. Trátase do enfoque orientado á acción que promulga o QEER e, na súa posta en práctica, terá como centro tarefas baseadas nos obxectivos de comunicación definidos nesta programación, tendo en conta as necesidades e intereses dos alumnos.

A utilización destas abordaxes metodolóxicas (traballo por tarefas, proxectos, simulacións, etc.) fainos percorrer un itinerario de planificación do proceso de ensino e aprendizaxe contrario ao seguido no ensino de idiomas baseada en contidos lingüísticos (lexicais, nocio-funcionais e morfosintácticos), que partía da lingua para abordar as actividades. O enfoque baseado na acción, na actividade social, no uso, non presenta aspectos da lingua para a súa aprendizaxe e posterior utilización na comunicación, senón que, en función das actividades comunicativas que se vaian realizar, propón unidades de uso para a súa aprendizaxe. Neste enfoque, a selección de contidos lingüísticos derivase directamente da actividade de uso da lingua, da tarefa que se vaia realizar.

Cómpre sinalar, porén, que se ben é posible prever os contidos lingüísticos mediante o uso dos cales os alumnos poden resolver unha determinada tarefa, a relación entre esta e aqueles non é unha a única posible e necesaria, xa que calquera tarefa pode resolverse con diferentes recursos lingüísticos. Pode mesmo ocorrer que perante unha mesma tarefa dous grupos de clase traballen con contidos lingüísticos distintos. Os contidos listados no currículo das ensinanzas de idiomas introducíranse, entón, en función das necesidades do proceso da aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación. A progresión gramatical é, consecuentemente, gradual e concéntrica, e a súa presentación farase no marco das correspondentes tarefas e de forma integrada coas necesidades lingüísticas para levar a cabo a tarefa, a acción.

As tarefas poden levarse a cabo individualmente ou en colaboración ou outras persoas, aprendentes ou docentes, pero o traballo en colaboración favorece o diálogo entre iguais ou con persoas máis expertas, este diálogo fomenta o intercambio de saberes e competencias. Para levar a cabo as tarefas é preciso deseñar actividades que propicien os coñecementos necesarios para levalas a cabo (léxico, recursos gramaticais, coñecementos socioculturais, etc.)

As metodoloxías comunicativas -especialmente a baseada en tarefas-reproducen na aula as situacións de uso en contextos auténticos ao mesmo tempo que, para desenvolverse nelas, proporcionan o apoio de procesos de aprendizaxe (traballo do vocabulario, das estruturas, dos contidos sociolingüísticos, etc. que posibilitan a realización da tarefa comunicativa). Seguen un proceso de ensino aprendizaxe contrario ao tradicional, que partía da lingua para abordar as actividades: o enfoque baseado na acción, no uso, na actividade social, non presenta aspectos da lingua para a súa aprendizaxe e posterior utilización na comunicación, senón que, en función das actividades comunicativas que se vaian realizar, propón unidades de uso. A selección dos contidos deriva da actividade de uso da lingua, da tarefa que se realice. E, aínda que se poden prever os contidos lingüísticos para realizar unha tarefa, hai que ter presente que calquera tarefa podería resolverse con outros recursos diferentes.

Os contidos introducíranse, pois, en función das necesidades do proceso de aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación. Aínda que estes aparezan no currículo e na programación separadamente, non se trata de velos na aula de forma illada, senón que terán que ser integrados no marco dunha tarefa e en función das necesidades lingüísticas para levala a cabo. A progresión gramatical é,

consecuentemente, gradual e concéntrica. En todo caso, unha tarefa é calquera iniciativa para a aprendizaxe que implique a realización na aula de actividades de uso da lingua representativas das que se poden levar a cabo fóra dela, que estea estruturada pedagoxicamente, que estea aberta á intervención activa e ás achegas persoais dos que a executan, que requira deles unha atención prioritaria ao contido das mensaxes e que lles facilite ocasión e momentos de atención á forma lingüística. Pero non podemos limitar o proceso de ensino á proposta de actividades comunicativas e actividades capacitadoras da tarefa final. Os principios en que se basean as estratexias de aprendizaxe das linguas proporcionánnos tamén **ámbitos de intervención pedagóxica**:

- A concepción da sala de aulas como un espazo social e da aprendizaxe, e das aulas como un acontecemento comunicativo en que se produce lingua nun contexto social real.
- Os procesos psicolóxicos da aprendizaxe de linguas (interlingua, teorías do erro, perfís do aprendiz...).
- O plurilingüismo e a pluriculturalidade.
- A autonomía na aprendizaxe e as condicións que permiten o seu desenvolvemento e aprender ao longo da vida.

En consecuencia, debemos dedicar momentos da aprendizaxe a:

- A análise do proceso de aprendizaxe –que erros se cometen e por que, que se sabe facer respecto da tarefa proposta e que se necesita aprender para abordala con éxito e corrección lingüística.
- A identificación dos coñecementos doutras linguas (lingüísticos, textuais, sociolingüísticos e culturais de uso) que poden axudar a aprender esta.
- As condicións que favorecen a autonomía do aprendiz e a autoaprendizaxe (elixindo obxectivos propios, materiais, métodos e tarefas, determinando a organización e realización de tarefas elixidas e aplicando a autoavaliación).
- As estratexias de comunicación (planificación, execución, control e reparación) requiridas para levar a cabo as actividades comunicativas. (*Vid. e cfr. as "estratexias de aprendizaxe" infra*).

3. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Un principio metodolóxico fundamental do Consello de Europa é que os métodos que se apliquen ao ensino da lingua sexan aqueles que se consideren máis eficaces para conseguir os obxectivos que se propoñen. A eficacia depende da motivación do

alumnado, das súas características particulares e dos recursos humanos e materias que entran no proceso. No caso do Portugués na EOI temos que ter en conta varios aspectos.

Os discentes de portugués están a aprender unha nova norma (ou normas) dentro dun sistema común ao territorio galego. A didáctica e metodoloxía do portugués na Galiza reúne unhas características especiais e peculiares que o afastan das características do ensino e didáctica do Portugués en calquera outra parte do Estado, por razóns de sobra coñecidas. Efectivamente, un alumno galego sen coñecementos previos de portugués é capaz de ler un texto publicitario, un texto xornalístico, un documento oficial ou bancario, etc., en idioma portugués *xa no primeiro curso e nos primeiros días de clase*. E non só é capaz de os ler senón de os comprender. Por outra parte, este mesmo alumno, un calquera, ten un volume léxico pasivo de dimensións considerábeis -en portugués- se o compararmos con outro alumno do nivel A2 doutro idioma que non sexa o galego (alemán, inglés, ruso,...)

A lingua vehicular na aula será o portugués (xa é así desde os primeiros niveis, cos esclarecementos e axudas necesarios)

A avaliación será sempre coherente cos obxectivos e contidos da programación. Debemos optar por unha avaliación distinta da tradicional, baseada fundamentalmente na corrección dos erros. Estes son proba da vontade que ten o alumno de comunicarse a pesar de equivocarse, e son produto inevitábel e pasaxeiro da interlingua que desenvolve. Débense corrixir inmediatamente ou tan cedo como sexa posíbel pero procurando non interferir na comunicación.

Gran parte do noso alumnado é cidadán do mundo dixital, o que supón que está afeito a aprender e a comunicarse mediante recursos dixitais: resultaralle moito máis satisfactorio facer actividades de aprendizaxe non só centradas na cultura escrita e impresa senón tamén na cultura dixital.

Polo tanto resulta conveniente prever, ademais dos recursos tradicionais dispoñibles no centro, a utilización doutros recursos presentes en internet, tendo en conta que a EOI está equipada con wifi, cadros dixitais interactivos e espazos de traballo que permitan tanto o acceso colectivo (durante as aulas) como o acceso individual (fora das aulas) a recursos existentes na rede. Neste sentido, podemos salientar que as actividades que fomenten o uso das TIC son valiosas ferramentas para poñer en práctica o traballo por tarefas, enfoque metodolóxico que defende o MCER.

O papel do profesor

O profesor debe acompañar o alumno na súa aprendizaxe, proporcionarlle material didáctico adecuado. Na aula debe estar tomando decisións, propoñer e tarefas e adaptalas á resposta do alumnado, deseñar sobre as actividades precisas para levar a cabo a tarefa con éxito. Debe facer un seguimento do alumnado para que cada persoa recoñeza, analice, e supere os seus problemas de aprendizaxe. Debe colaborar ao desenvolvemento das capacidades individuais á hora de aprender. Dado que a dunha lingua non remata na aula debe proporcionarlle ao alumnado recursos para que poidan continuar a aprendizaxe na rúa, ao mesmo tempo que na escola, e unha vez rematados os estudos, poder manter o nivel de lingua, ou mesmo avanzar. Outra das funcións de profesorado é avaliar o alumnado, mediante un seguimento na aula e por medio dunhas probas concretas, pero tamén ensinar ao alumnado a autoavaliarse, para isto debe coñecer o sistema de avaliación.

7. Recursos

1. Humanos
2. Físicos
3. Materiais

RECURSOS DIDÁCTICOS

1. HUMANOS

▪ Grupos A2 do profesor José Luis Fernández:

- Docencia presencial nos horarios estipulados.
- Seguimento das clases a través da Aula Virtual da eOi da Coruña con acceso dos alumnos.
- Utilización da plataforma *CentrosNet* para comunicación co alumnado.

▪ Grupos A2 do profesor Joseph Ghanime e grupos do nivel B1 e FOR-A2 60A-1/PUC-B2-60B-1 + B1 :

- Docencia presencial nos horarios estipulados.
- Seguimento das clases a través da Aula Virtual da eOi da Coruña con acceso dos alumnos.
- Utilización da plataforma *CentrosNet* para comunicación co alumnado.

▪ Grupos dos niveis B2, C1 e C2 do profesor Juan Carlos Guisán:

- Docencia presencial nos horarios estipulados.
- Apoio das clases presenciais a través da Aula Virtual da eOi da Coruña.
- Utilización da plataforma *CentrosNet* para comunicación co alumnado.

▪ **Grupos dos niveis A2, B1, B2, C1 e C2 da profesora auxiliar de conversa Ana Francisca Relóxo:**

- Docencia presencial nos horarios estipulados.
- Apoio das clases presenciais a través de actividades de dinamización cultural.

> **Actividade lectiva telemática (Se for necesario ou procedente para os intereses da Eoi DA Corunha).**

▪ **Grupos A2 do profesor José Luis Fernández:**

- Docencia *online* síncrona nos horarios estipulados a través da plataforma *Cisco Webex*. Aproximadamente un 60% da docencia.
- Utilización da Aula Virtual da Escola (plataforma *Moodle*) para entrega, recepción, e correccións con comentarios de tarefas e actividades escritas e audios (de produción oral) en formato mp3. Aproximadamente un 40% da docencia.
- Seguimento das clases a través de *google-drive* con acceso dos alumnos.
- Utilización eventual da plataforma *CentrosNet*.

▪ **Grupos A2 do profesor José Ghanime e grupos do nivel B1 e FOR-A2 60A-1/PUC-B2-60B-1 + B1:**

- Clases telemáticas nos mesmos horarios a través da plataforma de videoconferencia *Cisco Webex*. Aproximadamente un 60% da docencia.
- Utilización da Aula Virtual da Escola (plataforma *Moodle*) para entrega, recepción, e correccións con comentarios de tarefas e actividades escritas e audios (de produción oral) en formato mp3. Aproximadamente un 40% da docencia.

▪ **Grupos dos niveis B2, C1 e C2 (profesor João Guisan):**

- Docencia *online* síncrona nos horarios establecidos a través da plataforma *Cisco Webex*. Aproximadamente un 60% da docencia.
- Seguimento das aulas e acompañamento (tarefas, actividades, correccións e comentarios) a través da Aula Virtual. Aproximadamente un 40% da docencia.
- Eventualmente, uso de *CentrosNet*.

▪ **Grupos dos niveis A2, B1, B2, C1 e C2 da profesora auxiliar de conversa Ana Francisca Relóxo:**

- Apoio das clases presenciais a través de *Webx* con algunha actividade en liña de interese cultural sobre Portugal.

Serán promovidas actividades *presenciais*, especialmente a través de participación de diferentes axentes culturais e algunhas en colaboración, como en anos anteriores, cos departamentos de Galego e de Normalización e Dinamización Lingüística.

2. FÍSICOS

Os alumnos poden usufruir dos recursos multimedia da EOI quer na propia sala de aulas, como sexan vídeo, TV e calquera recurso internético a través da pantalla dixital-proxector-computador. Por outra parte, a Biblioteca e a Aula de Autoaprendizaxe poden axudar no proceso de aprendizaxe autónoma. Non se trata de establecer aquí unha guía de utilización de recursos, especialmente interesantes os proporcionados pola Internet, *online* ou por descarga, así que nos limitamos a enumerar a posibilidade de os utilizar na nosa EOI. Todas as salas de aula deste idioma portugués dispoñen de conexión à Internet con encerado dixital e proxector.

Para o desenvolvemento dos cursos, será necesario utilizar os recursos didácticos tradicionais que o departamento ten á súa disposición como poden ser libros de texto, dicionarios, e libros de material fotocopiado, e tamén outros recursos como películas, documentais, xogos de mesa ou taboleiro, revistas, e moi especialmente recursos *on-line* e material auténtico da Internet.

3. MATERIAIS

Os **alumnos oficiais** (presenciais) utilizarán o seguinte material bibliográfico para o presente ano lectivo 2023-2024:

LIBROS DE TEXTO

Nível A 2

Robert Kuzka e José Pascoal:

Passaporte para Português 1 - Livro do Aluno (A1/A2)

Lidel - Edições Técnicas, Lisboa 2018 ISBN: 978-989-752-378-6

Passaporte para Português 1 – Caderno de exercícios

Lidel - Edições Técnicas, Lisboa 2014 ISBN: 978-972-757-976-1

----- OU -----

Passaporte para Português 1 (A1/A2)

Pack Livro do Aluno + Caderno de exercícios

Lidel - Edições Técnicas, Lisboa 2018 ISBN: 978-989-752-388-5

Nível B 1

Robert Kuzka e José Pascoal:

Passaporte para Português 2 - Livro do Aluno (B1)

Lidel - Edições Técnicas, Lisboa 2016 ISBN: 978-989-752-192-8

Passaporte para Português 2 – Caderno de exercícios

Lidel - Edições Técnicas, Lisboa 2017 ISBN: 978-989-752-193-5

----- OU -----

Passaporte para Português 2 (B1)**Pack Livro do Aluno + Caderno de exercícios**

Lidel - Edições Técnicas, Lisboa 2017 ISBN: 978-989-752-195-9

LIBROS DE APOIO (CONSULTA E AUTOAPRENDIZAGEM)**Nível B 2**

Luísa Coelho e Carla Oliveira. Coordenação: João Malaca Casteleiro:

Português em Foco 3 - Livro do Aluno (QECR B2)

Livro Segundo o Novo Acordo Ortográfico

Lidel - Edições Técnicas, Lisboa 2018 ISBN: 978-989-752-277-2

Português em Foco 3 - Caderno de Exercícios (QECR B2)

Livro Segundo o Novo Acordo Ortográfico

Lidel - Edições Técnicas, Lisboa 2020 ISBN: 978-989-752-504-9

----- OU -----

Português em Foco 3 - Pack Económico**(Livro do Aluno+ Caderno de Exercícios)** (QECR B2)

Livros Segundo o Novo Acordo Ortográfico

Lidel - Edições Técnicas, Lisboa 2020 ISBN: 978-989-752-521-6

Níveis C 1 e C 2

Luísa Coelho e Carla Oliveira. Coordenação: João Malaca Casteleiro:

Português em Foco 4 - Livro do Aluno (QECR C1/C2)

Livro Segundo o Novo Acordo Ortográfico

Lidel - Edições Técnicas, Lisboa 2019 ISBN: 978-989-752-396-0

Carla Oliveira e Luísa Coelho. Coordenação: João Malaca Casteleiro:

Português em Foco 4 - Caderno de exercícios e Aspetos Culturais (C1/C2)

Livro Segundo o Novo Acordo Ortográfico

Lidel - Edições Técnicas, Lisboa 2021 ISBN: 978-989-752-505-6

----- OU -----

Carla Oliveira e Luísa Coelho. Coordenação: João Malaca Casteleiro:

Português em Foco 4 - Pack Económico**(Livro do Aluno+ Caderno de Exercícios e Aspetos Culturais)** (QECR C1/C2)

Livros Segundo o Novo Acordo Ortográfico

Lidel - Edições Técnicas, Lisboa 2021 ISBN: 978-989-752-636-7

=====

Hermínia Malcata e Renato Borges de Sousa

Hoje em dia... (QECR C1/C2)

Lidel - Edições Técnicas, Lisboa 2016 ISBN: 978-989-752-185-0

Helena Ventura e Parvaz Salimov
Português outra Vez (QECR C1/C2)
 Lidel - Edições Técnicas, Lisboa 2015

ISBN: 978-989-752-072-3

Os niveis C1 e C2 van contar tamén con material elaborado polo profesor, entregado fotocopiado ou dixitalizado, especialmente material auténtico e actualizado extraído da Internet. Non obstante o anterior, para aqueles alumnos que preferiren o manuseamento de libros en papel, aconsellaremos a bibliografía que a seguir indicamos:

- Hélder Júlio Ferreira Montero, Frederico João Pereira Zagalo, *Português para Todos - 4. Luso-Española de Ediciones*. I.S.B.N **9788493239435**
- Hermínia Malcata, *Português Atual 3*. Lidel, Edições Técnicas. Lda. I.S.B.N 978-972-757-704-0
- Carla Oliveira e Luísa Coelho, *Manual de Pronúncia e Prosódia (Livro segundo o novo Acordo Ortográfico)* Lidel, Edições Técnicas. Lda. I.S.B.N 978-972-757-892-4
- Ana Maria Díaz Ferrero. *Falsos Amigos (2.ª Edição Revista - Livro segundo o novo Acordo Ortográfico)* Lidel, Edições Técnicas. Lda. I.S.B.N 978-989-752-027-3
- Manuel Rodrigues Lapa. *Estilística da Língua Portuguesa*. Coimbra Editora Lda. I.S.B.N 9720032002001
- Hermínia Malcata, *Português Jurídico (Livro segundo o novo Acordo Ortográfico)* Lidel, Edições Técnicas. Lda. I.S.B.N 978-989-752-134-8
- Isabel Moreira. *Correspondência Comercial - 2.ª Edição Actual. e Aumentada* Lidel, Edições Técnicas. Lda. I.S.B.N 978-972-8480-29-5
- José Lino Pascoal e Teresa Brandao Oliveira: *Exames de Português C1 / C2*, Lidel, Edições Técnicas. Lda. ISBN 978-972-757-886-3 (em preparação)
- José Lino Pascoal e Teresa Brandao Oliveira: *Exames de Português CAPLE-UL DAPLE, DUPLÉ*, Lidel, Edições Técnicas. Lda. ISBN 978-972-757-941-9 (em preparação)

8. Atención á diversidade.

DIVERSIDADE E ACCIÓN TUTORIAL

1. Atención á diversidade

- a) Diversidade de Niveis
- b) Diversidade de capacidades sensoriais. Adaptacións nas Probas de Certificación.
- c) Alumnos non galegos

2. Acción tutorial

A presenza nesta Programación dunha parte dedicada á “atención á diversidade” e á “acción tutorial” está motivado pola obrigaón que impón o *Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia*. Así, no artigo 49º referido ás programacións didácticas, determina no n.º 3. h) que as programacións didácticas

deberán incluír “os procedementos de acceso ao currículo, se é o caso, para o alumnado con necesidades específicas”.

Xa máis recentemente o *Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia* establece no artigo 6.2. que “a consellería competente en materia de educación establecerá o procedemento para a elaboración das guías curriculares de cada idioma, que serán comúns para todos os centros, e que deberán desenvolverse mediante as correspondentes programacións didácticas, nas cales constará, polo menos, a secuencia de contidos e criterios de avaliación, os mínimos exixibles, os criterios de cualificación e de promoción, o enfoque metodolóxico e a atención á diversidade”.

A inclusión destes aspectos no proceso de ensino-aprendizaxe nas Escolas Oficiais de Idiomas presenta unhas particularidades que necesariamente os fan diferentes (e ben diferentes ás veces) das características que teñen nos ensinamentos obrigatorios primario e secundario e mesmo do post-obrigatorio do bacharelato (adaptacións curriculares, desdobres, grupos de diversificación curricular, departamento de orientación - con especialista dedicado - , material teórico e práctico para alumnos inmigrantes e para alumnos con familias desestruturadas).

1. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Partimos da base de que a diversidade, entendida como pluralidade, non precisa de ser atendida, antes promocionada, conservada, incentivada e respectada. O que precisa de atendimento é a singularidade sempre que esta dificulte ou mesmo impida o proceso normal de ensino-aprendizaxe. Ora ben, enténdese o ATENDIMENTO Á DIVERSIDADE como o conxunto de accións educativas que nun sentido amplo tentan dar resposta ás necesidades, temporais ou permanentes, de todo o alumnado do centro e, entre eles, dos que requiren unha actuación específica derivada en moitos casos de factores persoais relacionados con situacións de desvantaxe sociocultural, de compensación lingüística, comunicación e da linguaxe, ou de discapacidade física, psíquica, ou sensorial.

Como norma xeral, a nosa lexislación sinala que o alumnado con necesidades educativas especiais, incluídas mesmo as derivadas de discapacidade motora, será escolarizado en centros educativos ordinarios, coas adaptacións, apoios e axustes pedagóxicos que foren necesarios e nas mesmas condicións e prazos de admisión que o resto do alumnado. Se isto é así para o ensino obrigatorio (primario e secundario) e post-obrigatorio (bacharelato) con maior motivo o será para un ensino non obrigatorio e especializado como é o noso caso. De todos os xeitos, unha serie de medidas son de índole xeral aplicábeis polo propio centro educativo e non polo departamento ou o profesor correspondente: velar pola accesibilidade en todas as dependencias eliminando barreiras arquitectónicas (como escaleiras) ou ofrecendo elevador como alternativa, adecuación de baños, corredores, portas... mobiliario adaptado (cadeiras e mesas especiais, algunha cadeira con pala para manichos...)

A acción de ensino-aprendizaxe é algo profundamente ligado á diversidade dos seres humanos. Os centros de ensino de idiomas deben ser lugares para a adquisición e a creación de coñecemento de linguas e culturas, accesibles a todo o tipo de aprendiz e nos que se potencie a capacidade de aprendizaxe autónoma do alumnado para que este poida ser activo, participativo e capaz de crear coñecemento adecuado tanto aos seus propios intereses como ao seu perfil de aprendiz. O alumnado das EOI caracterízase pola súa diversidade:

a) Diversidade de idades: desde o alumnado de instituto con menos de vinte anos ata as persoas maiores con máis de 60.

b) Diversidade de formación: desde os alumnos que teñen ou están facendo estudos universitarios ata os que soamente estiveron escolarizados no ensino obrigatorio.

c) Diversidade de perfís lingüísticos: desde persoas monolingües a persoas plurilingües, con graos de dominio diversos en diversas linguas, etc. (*vid. infra*. “alumnos non-galegos”).

d) Diversidade de estilos de aprendizaxe e de capacidades: con necesidades específicas (na escrita ou na oralidade, por exemplo) como tamén necesidades xerais de aprendizaxe (problemas de visión, auditivas, sociais, emocionais, etc.) ou mesmo persoas de altas capacidades en xeral ou de altas capacidades para a aprendizaxe de linguas, etc.

Á diversidade de características do alumnado que acabamos de sinalar, tamén convén engadir que o ensino nas EOI está dirixido principalmente ás persoas adultas, o que obriga a ter en consideración algúns principios básicos relacionados coa educación de adultos, como a necesidade que estes teñen que coñecer as razóns polas que se lles propón aprender determinadas cousas e non outras, de se sentiren tratados como persoas autónomas e capaces de dirixir a súa propia aprendizaxe, e de relacionar a aprendizaxe coa experiencia e coa resolución de problemas. Resulta, xa que logo, imprescindible identificar en cada grupo de aprendices todas as diferenzas referidas, e elaborar estratexias e medidas axeitadas para poder atendelas.

a) DIVERSIDADE DE NIVEIS

No caso das EOI, as actuacións no atendimento á diversidade máis habituais son aquelas que se refiren por un lado ao alumnado que presenta, dentro do mesmo grupo, diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma, e por outro aos que teñen algún tipo de discapacidade sensorial, fundamentalmente problemas de vista ou audición.

Aulas con niveis diversificados de competencia: Por un lado, as probas de clasificación que se realizan nas Escolas Oficiais de Idiomas deberían asegurar unha homoxeneización de niveis dentro dos mesmos cursos, mas o feito de que nas probas non se poida realizar unha parte eliminatoria da competencia da expresión oral fai que nalgúns idiomas como Portugués (pero tamén Inglés, Francés ou Alemán) accedan ao mesmo curso-grupo alumnos e alumnas con diferentes niveis de competencia nesta destreza. Por outro lado, en moitas ocasións conviven nas aulas: alumnos e alumnas que tiveron contacto coa lingua hai moito tempo por tela estudado na Universidade; alumnos e alumnas que frecuentemente viaxan a Portugal e teñen contacto directo que lles permite atinxir niveis de competencia só nalgunhas destrezas; alumnos e alumnas que levan moitos anos fora das aulas e perderon contacto con calquera tipo de aprendizaxe; e alumnos e alumnas que presentan niveis homoxéneos de competencia dentro das catro destrezas, agora chamadas “actividades de lingua”, –as 4 skills de sempre–. Este último caso é pouco frecuente.

A solución ao problema dos diferentes niveis de competencia dentro do mesmo nivel e grupo non é fácil. O primeiro paso debería ser o de presentarlles este tipo de

situación como algo totalmente normal, xa que está claro que calquera tentativa de solución ten que pasar pola cooperación entre eles, polo que é esencial salientar a necesidade do traballo en equipo e da utilización da lingua obxecto de estudo na comunicación dentro da aula. O traballo de pares ou grupos é fundamental se quixermos envolver todos os membros do grupo. Xuntar alumnos e alumnas mais fracas con alumnos e alumnas mais competentes asegura unha participación óptima nas actividades de aula. Os menos competentes poden entrevistar os mais competentes ou vice-versa, e se os máis capaces saben asumir ese papel de axudante ou mentor, a actividade, lonxe de ser frustrante ou aborrecida, terá un efecto altamente positivo. Outra acción educativa que pode ter resultados produtivos é a de traballo por medio de proxectos. Este tipo de traballo pode funcionar positivamente cando se xuntan outra vez grupos de alumnos e alumnas mais competentes con outros que avanza a un ritmo máis pausado, pero tamén con grupos homoxéneos por nivel, se foren atribuídos aos diferentes grupos tarefas adecuadas ao nivel de cada un deles, o que proporciona aos grupos máis fortes o nivel adecuado de dificultade e impide que os máis desvantaxoso fiquen desmotivados. Outro aspecto a traballar refírese aos traballos para casa. Se for dado a todos o mesmo traballo para casa sen ter en consideración os distintos niveis de competencia, os resultados van ser, evidentemente, dispares. As tarefas para a casa teñen como obxectivo consolidaren o traballo na aula, e para que sexa efectivo, é importante que as tarefas para os alumnos con máis dificultades sexan menos exixentes, o que axuda por un lado a motivalos e por outro ofrece axudas prácticas adicionais en aspectos da lingua que aínda non dominan; e que as do alumnado con maior grao de competencia sexan máis estimulantes, o que fai que non perdan motivación e continúen a progresar. Un modo adecuado de envolver o alumnado que avanza a un ritmo máis lento ou mais tímido nas actividades de aula pode ser o de repetición en grupo (*drilling*) de padróns de acentuación e entoación, ou de orde de palabras e estruturas gramaticais. Debería evitarse facer que o/a alumno/a máis débil sexa o primeiro en responder preguntas dentro da aula. É mais motivador para eles prestar atención e que sexa o alumnado máis competente quen responda primeiro, podendo eles despois responderen preguntas semellantes; cando este tipo de interacción sexa habitual, a clase será mais dinámica e produtiva para eles. A inclusión de actividades complementares dentro da aula é fundamental para solucionar o problema dos alumnos e alumnas con diferentes ritmos de aprendizaxe, de maneira que os máis febles teñan a posibilidade de reforzar certas áreas, e os máis fortes dispoñan de material extra. As actividades deben ser

integradoras, permitindo deste modo que os alumnos tiren vantaxe dos seus puntos máis fortes. De vez en cando haberá que incluír actividades deliberadamente fáciles para que o alumnado máis feble leve a cabo as tarefas con éxito, xa que isto permitirá aumentar a súa confianza como alumnos e alumnas dun idioma. A programación de aula debe incluír todo este tipo de material adicional para o alumnado que necesite esta axuda extra para atinxir os obxectivos, e para os que necesitan avanzar máis rapidamente (tarefas de reforzo, e actividades de reforzo ou de expansión).

A ESPECIFICIDADE DO PORTUGUÉS 2023-2024

Para alén do dito, o portugués ten, na Galiza, e aínda no ámbito dos territorios de expresión hispanófono, unhas características moi específicas que o dotan de diversidade especiais. Nun mesmo grupo poden ocorrer todas elas con facilidade. Eilas:

a) **Língua de partida.** Nos grupos de portugués, costuman coincidir persoas de lingua materna galega e española, e aínda, menos frecuentemente, persoas de expresión lingüística non ibero-románica. Os coñecementos de partida destes tres tipos de alumnos son tan diferentes que o profesor ou profesora, especialmente do nivel básico A1-A2, se ve obrigado a conxugar métodos didácticos tan diversos canto posíbel dependendo dos casos particulares, para paliar esta dificultade. En xeral, e obviando os diferentes graos de coñecemento da lingua materna que estes alumnos costuman presentar, a situación máis común é que a propia inercia cultural e os contactos previos con persoas de lingua portuguesa leven os alumnos galegófonos a interiorizar (e practicar) que é posíbel adquirir o portugués partindo dos coñecementos naturais na lingua materna, distanciándose da minoría de alumnos en que esta circunstancia non se verifica. Esta práctica, inevitábel, pode ser conducida positivamente, e este tipo de alumno entende axiña que a posibilidade de comunicar é inmensa. Porén, pode ter tamén efectos negativos, unha vez que a posibilidade de comunicar sen grande esforzo acarreta un desleixo canto á corrección que pode vir a frustrar e desmotivar o alumno á medida que progresa por diferentes anos académicos e niveis. Así, asumindo esta

circunstancia, o profesor ou profesora deberá encamiñar os coñecementos dos alumnos para a adquisición daqueles aspectos que identifican as falas portuguesas fronte ás galegas (nomeadamente fonéticos), traballando o aspecto máis cultural da adquisición lingüística. Dúas frases resumen esta pedagogía: “*Non se trata de comunicar con lusófonos, senón de ser lusófonos, parecernos a eles en calquer troca lingüística a realizar*” ou “*O portugués é sobre todo un modo de falar, un <sotaque> e unha música a reproducir*”. Canto aos outros alumnos, os aspectos a salientar en relación á adquisición lingüística son, precisamente, os contrarios. O obxectivo é comunicar, e o facto de o facer utilizando un modelo de corrección alleo á lingua materna, axiña ha de facer ver ao alumno non galegófono (se o profesor o salientar convenientemente) que as vantaxes canto á maioría dos alumnos son enormes.

b) **Obxectivo da aprendizaxe do portugués.** Sendo aínda minoría (mais non infrecuentes) os alumnos que se aproximan da lingua portuguesa por razóns que teñan que ver coa incorporación ao mercado laboral, e aínda rexistrándose un número non desprezábel de estudantes que fan uso desta lingua nos seus empregos, en xeral pode dicirse que a maior parte dos alumnos estuda portugués motivada por unha serie de inquietudes culturais que deben ser tidas moi en conta. En ambas as tipoloxías de estudante, na adquisición lingüística ten un peso determinante a vontade de utilizar o portugués para aproximarse da cultura lusófona. Neste sentido, non será importante unicamente a sistematización duns obxectivos virados para a comunicación lingüística, mais tamén cognitivos, lingüística e culturalmente. As actividades extraescolares que visen o coñecemento das sociedades dos países de lingua portuguesa, vehiculando as principais problemáticas e debates culturais, lingüísticos e sociais destes pobos son, neste sentido, esenciais. Viaxes, debates e conferencias sobre literatura, lingua, ambiente, cultura, etc. fan parte das actividades do noso departamento e acostuman envolver un grande número de alumnos. Entre estes alumnos, destacan aqueles que estudan portugués porque o consideran un bo método para coñecer a propia lingua, o galego, desde outro punto de vista. A identidade galego-portuguesa e as relacións da cultura galega co mundo da Lusofonía poderán ser, neste sentido, un reforzo dos contidos culturais atendidos dentro e fora das aulas. Porén, tamén se rexistra, entre os estudantes de portugués, un bo número de persoas interesadas simplemente no coñecemento dunha nova lingua, neste caso accesíbel, en termos de horas e esforzo dedicados. Para estes alumnos, o máis importante acostuma ser a adquisición da lingua

en termos estritos, utilizando os coñecementos adquiridos en termos contrastivos con outras linguas que xa se coñecen ou que están a ser estudadas.

c) **Ritmos de aprendizaxe.** Os diferentes ritmos de aprendizaxe rexistrados entre os alumnos acostuman ter que ver coa orixe do estudante, con diferentes graos de escolarización e coñecementos de linguas. Nas EOI poden encontrar-se persoas sen hábito de estudo de linguas, e mesmo persoas sen hábito de estudo regrado. Hai tamén persoas extremadamente organizadas, con costumes autodidactas, e persoas que precisan de que o profesor se converta nunha especie de organizador do seu tempo de estudo, vixiando o proceso de adquisición lingüística constantemente. Na verdade, o concurso destas dúas tipoloxías de estudantes pode ser moi positivo. Con actividades de pares e de grupo, proxectos comúns e, en definitivo, coa creación dun ambiente de colaboración dentro da aula, aqueles estudantes máis organizados e autosuficientes acostuman ser moi útiles para impulsar as capacidades comunicativas do conxunto do grupo, motivándoo para continuar a adquirir a lingua.

De entre as **ESTRATEGIAS E MEDIDAS** que poderemos empregar nas aulas de Portugués e que nos poden resultar de utilidade sinalaremos as seguintes:

- NAS AULAS:

a) Traballo por secuencias de tarefas de distinto grao de dificultade e temporalización relacionadas co mesmo obxectivo (traballo por “estacións”, diferentes itinerarios de aprendizaxe), de xeito que cada alumno poida escoller o seu propio ritmo e nivel de dificultade. Secuencias de contidos básicas para todos e de maior complexidade para algúns e actividades de reforzo, recuperación e repetición e de ampliación, para abranxer os diferentes ritmos de aprendizaxe.

b) A atención individualizada –nas aulas, nas titorías, etc.– que facilite a asunción de compromisos de aprendizaxe por parte do alumnado e lle proporcione as ferramentas necesarias para que se poida desenvolver cun ritmo de aprendizaxe personalizado e con maior autonomía, (*vid. infra.* “alumnos non-galegos”).

c) A formación de grupos de traballo no interior das aulas, unhas veces por similitude de estilos de aprendizaxe ou de idades, e outras combinando nun mesmo grupo estilos, idades e capacidades para enriquecer tamén así o produto da tarefa que van realizar ao colaborar de maneiras diferentes para a realización dun obxectivo común.

d) O traballo por proxectos, nos que todos poden contribuír cos seus puntos fortes para a realización do produto final.

e) O uso das TIC como ferramenta de autoaprendizaxe, que lle permitan ao alumnado determinar o seu propio ritmo e os seus intereses, unha relación cos seus erros menos pública mediante a realización de actividades auto-corríxibles, ou a interacción real a través da rede con outros usuarios da lingua. Ademais, para os alumnos con discapacidade visual ou auditiva (hipoacusia) o *e-learning* é óptimo para eliminar esta barreira, contando mesmo con programas específicos.

f) A oferta de cursos monográficos (intensivos ou non) para o alumnado con ritmos diferentes de aprendizaxe, como outros nos que poidan comezar no ano académico seguinte alí onde remataran o anterior, sen necesidade de repetir contidos xa adquiridos, establecendo un ritmo de aprendizaxe modulado segundo as necesidades particulares do alumnado.

- MUDANZA DE NIVEL:

Despois da avaliación inicial de diagnóstico e tras unhas poucas clases nas que houbo interacción entre o alumno e os restantes alumnos ou o profesor, este pode detectar que algún alumno ou alumna presenta un nivel superior ou inferior ao que lle correspondería segundo o grupo (nivel) en que está matriculado. Así:

REASIGNACIÓN DE NIVEL. Todos aqueles alumnos que presenten un nivel superior ao que lle correspondería no curso en que están matriculados poden acollerse á “Reasignación de nivel”. Ocorre nas primeiras semanas do curso e o alumno en cuestión, e sempre voluntariamente, pode subir un (ou dous, se for o caso) nivel e pasar a formar parte dun grupo de nivel superior, e facer as probas correspondentes a ese novo nivel. Teñen que concorrer dúas circunstancias: que o alumno aceite iso voluntariamente e que haxa praza libre no grupo ao que vai ingresar.

CURSO DE ACTUALIZACIÓN. Pode ocorrer o caso contrario. Un alumno ou alumna, por diversas circunstancias (normalmente por ter deixado os estudos do idioma hai tempo, por ter pasado anos sen contacto coa lingua...) encontra o nivel en que está matriculado demasiado alto. neste caso, e voluntariamente tamén, pode facer un curso dun nivel inferior pero xa non poderá examinarse nin facer probas porque ese curso inferior xa o ten aprobado; tampouco poderá examinarse nin facer probas no curso en que efectivamente se matriculou, aínda que sí podería facer ese nivel como alumno ou alumna libre.

b) DIVERSIDADE DE CAPACIDADES SENSORIAIS

Aínda que algunhas das estratexias mencionadas anteriormente poden ser válidas tamén para estudantes con algunha discapacidade, fica claro que esta situación presenta outros problemas adicionais, que en moitos casos afectan o resto do alumnado, o profesor, e que impiden aos alumnos discapacitados enfrontar con éxito as actividades e levar o ritmo da clase. Para evitar todas estas frustracións, é fundamental que o enfoque sexa multisensorial e multitarefa. É evidente que unha clase dedicada exclusivamente á comprensión lectora resultará atraente para certo tipo de alumnos, negando a aqueles con algunha discapacidade visual a oportunidade de participar. Do mesmo modo, unha actividade de *listening* será menos atraente para aqueles que tiveren algún tipo de discapacidade auditiva. Unha aproximación multisensorial, onde se integren as catro destrezas de ler, ouvir, escribir e falar (as 4 *skills* agora chamadas co ambiguo e polisémico nome de “actividades de lingua”) fará que estes alumnos teñan máis posibilidades de éxito.

Outro tipo de solución, cando foren detectados estes problemas, pasa por facer unha distribución na aula de modo que estes alumnos e alumnas poidan ouvir o profesor ou o material auditivo con máis facilidade e lles permita ver o escrito no cadro máis claramente. As actividades fotocopiadas e os exames poden ser entregados tamén nun formato maior (A3 en lugar de A4, por exemplo), e o uso de auriculares individuais –ou dun laboratorio de idiomas, se estiveren dispoñíbeis– podería solucionar os problemas dos alumnos con discapacidade auditiva.

A Disposición adicional segunda do **Decreto 81/2018**, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia. Trata sobre o alumnado con diversidade funcional e no n.º 2 dispón que “A consellería competente en materia de educación deberá adoptar as medidas oportunas para o **acceso ao currículo do alumnado con diversidade funcional. En todo caso, estas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto**”. [subliñado noso]. Significa isto que a adaptación curricular, caso fose necesaria, tería que respectar, no esencial, os obxectivos marcados.

En calquer caso, os profesores normalmente xa vimos facendo micro-adaptacións curriculares da programación didáctica para alumnos con necesidades especiais, utilizando as estratexias e medidas xa vistas antes.

Deben establecerse aínda unha serie de actuacións específicas para atender a diferentes necesidades especiais dos alumnos que presenten algunha **deficiencia máis ou menos LEVE**, física ou sensorial (visión deficiente, cadeirantes, hipoacusias) e o profesor deberá ocuparse de que estes alumnos sexan capaces de seguir as clases, como xa foi apuntado antes, nas mellores condicións posíbeis:

- Diversificando o material e as actividades (audio,vídeo, textos escritos).
- Adaptando o material ás necesidades deste tipo de alumnos (tamaño de letra, volume do audio, auriculares sen fíos...)
- Adaptando a disposición da aula para que estes alumnos teña os menores problemas.
- Procurando a integración destes alumnos por medio de accións que favorezan a relación co grupo.
- Utilizando as ferramentas que existen (conversores de voz, amplificadores, etc).

Para os alumnos con **deficiencias GRAVES**, isto é, con minusvalías físicas, psíquicas ou sensoriais iguais ou maiores ao 33%, a organización e avaliación das probas de certificación deberá basearse no principio de non discriminación. Nestes casos, no momento de efectuar a matrícula, deberase presentar a documentación acreditativa e cubrir o formulario facilitado pola EOI (anexo IX da Orde de 8 de setembro de 2008, de avaliación), que a porá en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da Xefatura Territorial respectiva para que se determinen as adaptacións pertinentes. este departamento actuará en cada caso conforme as medidas comunicadas por estes equipos de orientación.

ADAPTACIÓNS NAS PROBAS DE CERTIFICACIÓ:

Circular 3/2020:

II Matrícula

4.5. No caso de discapacidade deberase achegar a documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, cubrir o **anexo V** desta circular. A EOI poñerá esta circunstancia en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da xefatura territorial respectiva para que se determinen as adaptacións pertinentes, tendo en conta as medidas recollidas no anexo VI da RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2012, pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola RESOLUCIÓN do 17 de decembro de 2014.

IV. Avaliación e certificación

24. Avaliación de persoas con necesidades especiais.

A organización e aplicación das probas para o alumnado con necesidades educativas especiais basearase no principio de

igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, no desenvolvemento das probas deberanse adaptar, se é o caso, a duración e as condicións de realización delas.

No indicado Anexo V (solicitude de adaptación de probas) pídese... *que se fagan as adaptacións pertinentes para garantir unha proba de acordo cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes*, en cumprimento do establecido no artigo 11, punto 6 do Decreto 81/2018, do 19 de xullo, onde se recolle que o deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados por parte do alumnado con diversidade funcional terán que basearse nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes, e que os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado.

Vexamos o que di a outra lexislación vixente no referente ás adaptacións das probas de certificación en cumprimento do atendimento á diversidade:

Real Decreto 1/2019, de 11 de enero, por el que se establecen los principios básicos comunes de evaluación aplicables a las pruebas de certificación oficial de los niveles Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, y Avanzado C2 de las enseñanzas de idiomas de régimen especial.

Artículo 3. Principios generales de evaluación de certificación.

9. En el caso del alumnado con discapacidad, el diseño, la administración y la evaluación de las pruebas para la obtención de los certificados habrán de basarse en los principios de igualdad de oportunidades, no discriminación y compensación de desventajas. Los procedimientos de evaluación contendrán las medidas que resulten necesarias para su adaptación a las necesidades especiales de este alumnado.

El alumnado que necesite condiciones especiales para la realización de las pruebas debido a algún tipo de discapacidad física o sensorial, tales como discapacidad visual, parcial o total, y algunos grados de discapacidad motriz y de hipoacusia, trastornos del habla, o discapacidades múltiples, deberán **justificarlo en el momento de la formalización de la matrícula** mediante certificación oficial de su discapacidad y del grado de la misma.

En cualquier caso, el alumnado que necesite condiciones especiales para la realización de la evaluación de certificación no será

dispensado de la realización de ninguna de las partes de las que conste la prueba, que será única para todo el alumnado.

RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2012 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 28 de maio de 2012)
Pode verse [AQUÍ](#)

Artigo 12. Administración de probas de certificación para persoas con necesidades especiais.

As persoas candidatas ás probas de certificación con deficiencias visuais ou invidentes, con discapacidade auditiva parcial ou total, con trastornos da lectura e/ou escritura, con trastornos da fala ou con discapacidades múltiples terán dereito á adaptación das distintas partes da probas, consonte o disposto na disposición adicional primeira, punto dous, da Orde do 8 de setembro de 2008, e as medidas recollidas no anexo VI desta resolución.

ANEXO VI

Medidas para a atención do alumnado con necesidades especiais

A disposición adicional primeira da Orde do 8 de setembro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial, establece que a organización e aplicación das probas para a obtención das certificacións por parte do alumnado con discapacidade basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así mesmo, a devandita disposición establece que se deberán adaptar, se é o caso, a duración e as condicións de realización das probas para o alumnado que no momento da matrícula o solicite e achegue a documentación acreditativa da súa minusvalidez, así como aqueloutra requirida pola escola, que o centro poñerá en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da xefatura territorial para as adaptacións pertinentes.

Unha vez recibido o informe do equipo de orientación específico, será labor do departamento correspondente, informada a comisión permanente de validación, adaptar as probas para as persoas candidatas con discapacidade de xeito individual, atendendo ás necesidades especiais de cada persoa candidata e consonte as medidas suxeridas a continuación.

Medidas posibles de adaptación das probas para as persoas candidatas co necesidades especiais:

a) Persoas con deficiencias visuais e invidentes:

- Material da proba en escritura táctil (sistema Braille estándar).
- Material a tamaño ampliado.
- Prolongación do tempo de realización da proba (segundo as necesidades particulares).
- Reprodución dos medios de son coas pausas intermedias que sexan necesarias para mresponder as preguntas e para ditar, escribir ou mecanografar as resposta (*comprensión oral*).

b) Persoas con discapacidade auditiva parcial ou total:

- Proba de *comprensión oral* presentada mediante lingua de signos en vídeo.
- **Intérprete de lingua de signos encargado/a e pagado/a pola persoa candidata.**
- Aumento do volume na reprodución dos medios de son.
- Repeticións adicionais do texto oral.

c) Persoas candidatas con trastornos da lectura e/ou escritura (disortografía):

- Prolongación do tempo da proba (segundo as necesidades particulares).

d) Persoas con trastornos da escritura (disgrafía):

- Prolongación do tempo da proba (segundo as necesidades particulares).
- Utilización dun ordenador de sobremesa ou portátil exento de unidades de axuda.
- Un/ha secretario/a, examinador/a, profesor/a escribe o texto que vai sendo ditado, consulta coa persoa candidata para asegurar a ortografía e, ao remate, entrega a esta o texto.

e) Á hora de cualificar a proba oral das persoas candidatas con trastornos da fala haberá que considerar o grao da discapacidade.

O devandito Anexo VI é de moi difícil aplicación no referente á conversión en Braille das tarefas de comprensión de lectura e instrucións escritas das outras tarefas (ou descrición de fotografías no caso de mediación escrita ou produción e coprodución oral...), debido á premura de tempo desde que se reciben ata o propio día do exame (tamén a data do exame vai depender do nivel). Pero resulta absolutamente incomprendible no caso de ter que avaliar a expresión oral a través dun intérprete de signos. Se xa é inasumible que o departamento teña que contratar un intérprete de signos para gravar en vídeo o texto oral da actividade de comprensión de texto oral; o intérprete, naturalmente, terá que ter coñecementos de portugués ou ser portugués, e mesmo comunicar co sistema portugués de signos, e a persoa candidata coñecer

também o sistema portugués de interpretación de signos. Por outro lado, non sei se alguén pode explicar, no caso da actividade de expresión oral co intérprete de signos que acompañe a persoa candidata (e pago por ela), como vai ser posible avaliar a fluidez (será a rapidez dos movementos das articulacións superiores?), ou a entoación, a pronunciación, ou a corrección gramatical e uso de conectores... Tamén hai que salientar que o tal intérprete de signos pago pola persoa candidata terá que ter coñecemento de portugués, e no nivel C1 coñecementos dese nivel, porque a interacción ou coprodución, que será cos membros do tribunal, será en portugués, e nunca saberemos se o acerto nas respostas e a calidade da interacción partiu da persoa candidata ou do propio intérprete de signos... tampouco hai forma de saber se o tal intérprete de signos despois de oír os membros do tribunal utiliza ese idioma coa persoa candidata ou está facendo de “tradutor” con ela utilizando algún dos sistemas españois de interpretación de signos. En definitiva, nestes casos o tribunal nin saberá o que avaliar nin a quen avaliar (o que é aínda peor). É claro que se aparecer algún caso destes teremos que pedir instrucións extra á Inspección Educativa e seguir o que se nos indique. Avaliamos o intérprete? ou o alumno a través do que nos queira dicir oralmente o intérprete sen saber o que realmente dixo o alumno cos signos empregados?

No referente ás medidas de ampliación de tamaño de texto escrito, pausas e repeticións de audicións, uso de auriculares... son medidas que xa se viñan facendo mesmo para deficiencias leves, pero as outras son de difícil realización e nulo efecto. Para comezar, resulta absurdo que teña que ser o departamento quen altere ou modifique ou adapte as probas cando non é o departamento quen as realiza e nin sequera ten os textos en formato editable.

O mais eficaz e sensato para candidatos con deficiencia severa na visión (cegos) ou deficiencia severa na audición (xordos ou xordos-mudos) ou, en fin, deficiencia severa na fala (mudos ou xordos-mudos) sería ficaren EXENTOS nesa parte da proba, nesa actividade (ou actividades) con expresión desta circunstancia na certificación e no expediente, como acontece cos cursos CELGA para o idioma galego. Ou entón, como alternativa, ofrecer certificados das competencias só escritas ou só orais, como fai por exemplo a entidade nacional portuguesa certificadora do portugués lingua estranxeira, o CAPLE, que ofrece a posibilidade de obter por exemplo un A2-oral.

Candidatos con síndrome de Aperger:

O departamento, aplicará algunhas das orientacións da publicación *El Síndrome*

de Asperger. Estrategias prácticas para el aula. Guía para el profesorado (Título orixinal: *Asperger syndrome – practical strategies for the classroom: a teacher’s guide*, da National Autistic Society – Asociación Nacional de Autismo do Reino Unido, traducido e publicado polo Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco) así como algunhas medidas suxeridas por Corpas Arellano (María Dolores Corpas Arellano: “La enseñanza de una segunda lengua al alumnado adolescente con Síndrome Asperger” in Navarro, J; Fernández, M^a. T^a; Soto, F.J. e Tortosa F. (Coords.) , 2012, *Respuestas flexibles en contextos educativos diversos*. Murcia. Consejería de Educación, Formación y Empleo.

Estas adaptacións que propomos levan implícito, as seguintes características:

- As probas de Comprensión de Textos Oraís e de Producción e Coprodución Escrita e Mediación serían realizadas no mesmo día e horas que o resto dos alumnos pero nunha aula dedicada exclusivamente a este alumno con necesidades específicas, para non interferir cos tempos asignados para a realización das tarefas, diferentes aos asignados oficialmente. Os tempos de realización destas partes serían incrementados.

- As probas de Comprensión de Textos Escritos e de Producción e Coprodución Oraís e Mediación sería realizada de maneira individual, atribuíndo tamén un tempo maior a estas partes, nunhas sesións diferentes en día ou horas das utilizadas para realizar as partes de CTO e PCOM

Conclusión:

A organización e administración das probas para o alumnado con necesidades educativas especiais basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, no desenvolvemento das probas deberanse adaptar, se é o caso, a súa duración e as condicións de realización. O alumnado poderá solicitar no momento da matrícula na secretaría da escola unha adaptación das probas por realizar mediante un formulario de solicitude que ten ao seu dispor na páxina web da EOI da Coruña, achegando tamén a documentación acreditativa (certificado médico). A secretaría tramitará a dita solicitude de adaptación, enviando a documentación correspondente aos equipos de orientación específicos dependentes da Xefatura territorial da Coruña.

c) ALUMNOS NON GALEGOS

O idioma Portugués na Galiza requer un tipo de atendimento que en poucos outros idiomas se vai dar (só no galego e parcialmente en español para estranxeiros): Trátase de saber xa no comezo das clases da existencia de alumnos non-galegos. Non se ten por que explicar moito esta necesidade, algo comentada xa na Introducción, porque é evidente que o proceso de ensino-aprendizaxe do Portugués é ben diferente conforme se trate dun galego, dun non-galego español ou dun non-galego e non-español. Parten evidentemente de niveis diferentes, especialmente na comprensión escrita mas non só niso, tamén nos coñecementos socioculturais, ben semellantes alén e aquén Miño. Así sendo, os alumnos non-galegos serán tratados dun xeito específico canto á adquisición de coñecementos, destrezas e competencias (que xa posúen en maior ou menor medida os alumnos galegos só polo feito de selo) utilizando se for necesario un atendimento de reforzo individualizado através da acción tutorial da que falaremos a continuación.

2. ACCIÓN TUTORIAL

A acción tutorial forma parte esencial da función docente. Nas escolas oficiais de idiomas as titorías, o labor tutorial, realízase tanto individualmente como en grupo, tanto en sala á parte e fora das horas de docencia directa como na propia aula dirixido a todo o grupo.

No ano lectivo 2011-2012 entra en funcionamento e aplicación o Regulamento Orgánico das escolas oficiais de idiomas⁽¹⁾. A partir dese ano 2011-12, en aplicación do establecido no artº 46 do indicado Regulamento, todo parece indicar que a maior parte dos labores de tutor sexan exercidos nas aulas e nas horas de clase, nas sesións de clase, especialmente nos primeiros días, pois segundo o disposto nas letras a), b), d), e), f), g) e h) do indicado Regulamento estes labores serían:

- a) informar documentalmente ou do lugar de consulta do calendario escolar, horarios, actividades culturais,
- b) informar dos criterios de avaliación, cualificación e mínimos exixibles,
- d) efectuar o seguimento dos procesos de aprendizaxe e detectar dificultades e necesidades individuais,
- e) motivar, dinamizar e orientar a autoaprendizaxe,
- f) facilitar a integración dos alumnos no grupo e fomentar que participen nas actividades da escola,
- g) orientar os alumnos sobre posibilidades académicas no estranxeiro, e
- h) orientar as demandas e inquedanzas dos alumnos.

Portanto estas accións tutoriais serán exercidas nas aulas, tamén en harmonía coas instrucións recibidas pola dirección da escola que con bon criterio indica no protocolo de información dos primeiros días de clase que os alumnos sexan informados sobre estes aspectos (programación, avaliación e criterios, modelos de probas, notas e faltas en CentrosNet, reclamacións...) que acabamos de nomear. E estes aspectos todos deben ser tratados nas aulas e non nas horas de titoría porque deste xeito garantimos que todos os alumnos reciban esta información. Lamentablemente, ás horas de titoría, acoden moi poucos alumnos, por non dicir ningún, e aínda alumnos de dous (dos catro) grupos estarían discriminados por coincidir as horas de titoría en días ou horas en que non teñen clases de portugués⁽²⁾.

(1) *Decreto 189/2010, do 11 de novembro* (DOG Nº 223 Venres, 19 de novembro de 2010)

(2) Isto solucionaríase se as horas de titoría fosen 2, para poder distribuír 4 sesións de titoría de 30 minutos inmediatamente antes ou despois de cada grupo. Sendo só 1 hora unicamente se poden distribuír 2 sesións de 30 minutos inmediatamente antes ou despois das clases da metade dos grupos.

E necesariamente teñen que se realizar nas aulas, nas clases, as accións tutoriais indicadas coas letras c) e j) do citado artigo 46º:

- c) avaliación inicial e
- j) control de faltas de asistencia.

Xa dentro das horas de titoría (1 hora semanal) realizaríamos as accións tutoriais indicadas no repetido artº 46º coas letras:

- a) información, se procede, aos pais, nais ou titores legais dos alumnos,
- i) cubrir os documentos oficiais relativos ao alumnado e
- l) elevar á xefatura de departamento as necesidades, se houber, de talleres de práctica do idioma.

Aínda podemos esclarecer algúns aspectos máis do que o departamento fará ou non fará no labor tutorial e non recollido no Regulamento:

O QUE NON SE FARÁ:

- 1) Non haberá contacto regular, sistemático e periódico coas familias dos alumnos de portugués, nin accións coordinadas entre os pais e o profesor (salvo en casos de menores de idade, que cada ano pode haber un ou dous, pero habitualmente ningún).
- 2) Non será a acción tutorial unha especie de “clases particulares” ou actualización de coñecementos e contidos para alumnos que non asistiron a unha ou varias clases, nin un reforzo de destrezas ou repetición de contidos.

O QUE SI SE FARÁ:

A acción tutorial no Departamento de Portugués será tamén dedicada á atención (individualizada) á diversidade na medida concreta de reforzo educativo para alumnos con necesidades especiais que o precisaren:

- 1) Reforzo, apoio e especificacións non feitas nas aulas para alumnos non-galegos (especialmente no nivel básico).
- 2) Reforzo de actividades e contidos por presentar un ritmo lento de aprendizaxe.
- 3) Ampliación de actividades ou coñecementos a través de informacións para autoaprendizaxe con plano personalizado.
- 4) Información, se for o caso, a pais, nais ou titores legais de alumnos menores de idade que o solicitaren.

Isto ven sendo así neste departamento de portugués desde o ano lectivo 1989-1990 en que comezaron as clases de portugués nesta EOI, a primeira de Galicia en ofertar este idioma. E así vai continuar sendo porque cremos que debe ofrecerse unha acción tutorial individualizada para aqueles alumnos que o precisaren e que o solicitaren, nas horas propias das titorías, e non unicamente acción colectiva e grupal nas aulas como suxire o Regulamento Orgánico. Mesmo para poder respeitar a protección de datos de carácter persoal e poder comunicar individualmente con cada alumno que o solicitaren sen ter que facelo en grupo. Canto ao respecto da privacidade e cautela cos datos e informacións de carácter persoal debemos manifestar aquí que nas Escola Oficial de Idiomas non está prevista a existencia dunha sala de titorías para poder recibir en privado os alumnos ou os pais de alumnos menores que pediron unha entrevista co profesor-tutor.

Efectivamente, no Decreto 81/2018 do 19 de xullo, *(polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e*

avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia) no Artigo 13. *Instalacións e recursos* que trata dos requisitos mínimos das EOI, establece que as escolas de idiomas deberán ter aulas (cunhas características alí fixadas), departamentos, sala multimedia, biblioteca, sala de usos múltiples, despachos para equipos directivos...e mesmo a letra i) establece “*espazos axeitados para reunións de asociacións de alumnado*”. Non aparece nin unha única sala de titoría por ningunha parte. Xeralmente a hora semanal dedicada á titoría é realizada pola maioría dos profesores e profesoras no departamento didáctico, pero neles poden coincidir (inclusive na mesma hora) dous idiomas, varios titores, reunións de departamento doutro idioma, horas de coordinación ou elaboración de probas de varios membros dese departamento, até xefaturas de departamento. Non existe portanto neses locais a necesaria privacidade da acción tutorial.

9. Avaliación

Modalidades	
1. Inicial	2. Formativa
3. Promoción ou Sumativa	4. Certificadora
5. Autoavaliación	6. Mínimos esixibles en diferentes niveis

9. AVALIACIÓN

1. AVALIACIÓN INICIAL OU DE DIAGNÓSTICO

É unha clasificación fundamentada no momento da aplicación. No inicio de cada momento importante do ensino-aprendizaxe, importa verificar primeiramente os niveis de aprendizaxe dos alumnos, de modo a tomar eses niveis como referencia para a planificación. É mais: no inicio do ano lectivo importará mesmo verificar as características sociolingüísticas, os coñecementos e as capacidades e competencia dos alumnos. Esta clase de avaliación desígnase co nome de *avaliación inicial* ou *avaliación de diagnóstico*.

A avaliación inicial é a que pode fornecer mais información, pois o punto de partida dos alumnos non é necesariamente homoxéneo.

2. AVALIACIÓN FORMATIVA OU DE REGULACIÓN (puntual ou continua)

A avaliación formativa o que fai é avaliar e informar o alumno normalmente de xeito cualitativo sobre o ben ou o mal que vai no curso (cuestión fundamental para a aprendizaxe). Esta avaliación é usada para guiar e mellorar os procesos de ensino-aprendizaxe.

Por outra parte, a característica principal deste tipo de avaliación é a prontitude.

A avaliación formativa ten, portanto, unha función de regulación permanente e continúa do proceso de ensino/aprendizaxe. Preocúpase de recoller información referente a alumnos que poida contribuir para mais facilmente se atinxiren os obxectivos didácticos.

Esquemáticamente, a avaliación formativa ou de regulación preocúpase do seguinte:

Fornecer ao profesor e ao alumno, en calquera momento do proceso de ensino-aprendizaxe, datos sobre o desenvolvemento dese proceso na aula, principalmente:

- Os momentos en que se verifican progresos por parte do grupo ou do alumno, ben como as presumíbeis causas dese progreso.
- Os momentos en que a aula fracasou ou ficou bloqueada, ou que o mesmo aconteceu co alumno, ben como as presumíbeis causas desa situación.
- Os momentos en que a organización do ensino non motivou nen implicou os alumnos, ben como as respectivas causas.

d) Asegurar o axuste regular das actividades de ensino-aprendizaxe, a partir dos datos reguladores que van sendo collidos.

A avaliación formativa farase a través de diferentes espazos e actividades:

- Participación nas tarefas de diferentes actividades de lingua na aula presencial.
- Interacción nas reflexións e correccións de erros das tarefas traballadas.
- Participación na aula virtual a través dos recursos/actividades facilitadas.
- Participación nas actividades extra lectivas (culturais, biblioteca, etc).

Nos primeiro días do ano lectivo, entre setembro, todos os alumnos de todos os grupos e niveis terán unhas probas de avaliación inicial, de diagnose, meramente informativas, para verificar o nivel de que parten e as diferenzas de nivel entre eles e entre as 4 destrezas principais (falar, entender o falado, escribir e entender o escrito). O resultado destas probas unicamente serve para a planificación docente.

A avaliación formativa será aplicada aos alumnos de portugués de tres maneiras: avaliación continua informativa, (e, ás veces, cualificativa) autoavaliación informativa e co-avaliación informativa. Veremos despois como será aplicada en cada unha das seccións correspondentes.

Avaliación continua é normalmente informativa, por razóns de prontitude. Tamén entre nós será así. Para este departamento e para os alumnos de Portugués, a avaliación continua será feita polo profesor fundamentalmente e nalgúns casos polos alumnos (vexa-se máis abaixo autoavaliación e coavaliación). Para nós, na avaliación continua será tido en conta:

- a) as pequenas probas parciais, testes, tarefas, actividades e exercicios (do libro ou fotocópias).
- b) interacción oral co profesor e cos colegas, real ou de simulación (comprar-vender, convidar, pedir, ...), debates, exposicións orais,...
- c) traballos, composicións, comprensións orais e escritas, expresións e interaccións orais e escritas, competencias: lingüística, comunicativa... interferencias lingüísticas, competencia de aprendizaxe (nomeadamente as capacidade de estudo <QECR 5.1.4.>).
- d) mediación.
- e) participación e colaboración.
- f) progresión e avances.
- g) asistencia ás clases.

Fica claro pois que non se avalía unicamente un resultado positivo ou negativo na realización dunha tarefa. Avaliar non é só cualificar. Alén diso, non só as catro destrezas serán obxecto da avaliación continuada. Tamén o conxunto da competencia lingüística, comunicativa, interferencias lingüísticas, léxico e mediación será avaliado através de probas, tarefas e actividades *ad hoc* (con uso da lingua escrita, oral ou ambas en simultáneo) ou tamén por medio das probas, tarefas e actividades habituais de comprensión e de expresión (oral, escrita ou ambas).

A avaliación continúa será aplicada case constantemente á lingua oral (expresión, comprensión e interacción) pois a cada momento das intervencións dos alumnos nas aulas o profesor fará microavaliacións (expresións do tipo “muito bem”, “ótimo”, “tende pronunciar as sonoras”, “*quando for, não quando seja*”, “*vaia não, é vá*”... ou repetir unha palabra ou secuencia para o alumno se autocorrixir... son actos de microavaliación informativa). Dunha maneira un pouco menos rápida en aplicación de resultados pero

tamén en acto de avaliación continua será na anotación de resultados de expresión e interacción orais en táboas e cadros, ou no caderno de turma (ou na plataforma de *google drive*), elaborados polo profesor para tal fin, co obxectivo de avaliar aspectos relativos á competencia na oralidade, nas intervencións nas aulas, en debates, en actividades de simulación, etc. Na docencia de linguas (linguas vivas) isto é o que se está a facer desde tempos imemoriais. Outra cousa é a parte escrita, onde a avaliación continua é feita através das tarefas, actividades e exercicios (de libro ou fotocopias) no final dun tempo dado ou en sesións diferentes (en días seguintes e non nese mesmo día). Aínda así continúa a se cumprir o principio da prontitude no resultado da avaliación.

A todo o momento durante o curso e en todos os niveis haberá avaliación continua, autoavaliacións e coavaliacións durante a realización das diversas tarefas e exercicios, para verificar progresos, corrixir defeitos, e enfin orientar os alumnos, especialmente no ámbito da expresión e interacción oral.

3. AVALIACIÓN DE PROMOCIÓN OU SUMATIVA (puntual, parcial ou final)

Esta clase de avaliación avalía cuantitativamente e asigna cualificacións ás actividades, tarefas, exercicios... ao longo do ano. Esta avaliación acredita o nivel atinxido en relación ao obxectivos e contidos propostos e serve para certificar ese nivel. Esta avaliación ten que necesariamente ser precisa e fiable e ter o máximo posíbel de adecuación, equidade e transparencia xa que está en xogo o propio expediente do alumno, que é un documento oficial que pode chegar a ter bastante transcendencia. Precisamente por isto mesmo, non é especialmente crítico que os resultados desta avaliación non aparezan dispoñibles con prontitude.

A avaliación sumativa preocupa-se en proporcionar ao profesor datos que lle permitan determinar o nivel atinxido por cada alumno e cualificar ese nivel. A avaliación sumativa, esquematicamente, preocupa-se co seguinte:

Os datos recollidos na óptica da avaliación sumativa poden, por veces, servir igualmente para a avaliación formativa. A condicionante é a intención con que eses datos son apreciados e tratados. Estes datos deben ser cualificados, con base en escalas previamente definidas, cuantitativas e cualitativas, e deben ser recollidos nun rexistro permanente, sempre que posíbel fora da aula. As escalas numéricas só deberán ser utilizadas relativamente a momentos do proceso de ensino-aprendizaxe en que todos os

alumnos do grupo sexan avaliados ao mesmo tempo e en función dos mesmos problemas, e nos momentos de balanço periodal trimestral, cuadrimestral ou anual.

Na mesma perspectiva, os traballos de grupo deben ser avaliados en termos cualitativos.

Coa lexislación vixente fican establecidas unhas escalas combinadas. Para o nivel A2 a escala de 0 a 100, combinada coa escala de Apto/Non Apto, sendo Apto con 60 puntos ou máis. Para os restantes niveis, de B1 a C2, a escala de 0 a 125, combinada coa escala de Apto/Non Apto, sendo Apto con 65%, ou sexa, 81,25 puntos ou máis.

A avaliación oficial (de alumnos presenciais e non presenciais) das EOI é cualificativa de carácter cualitativo: APTO / NON APTO / NON PRESENTADO.

Os cursos que oferta este departamento de portugués son todos terminais de nivel e polo tanto a cualificación final é APTO / NON APTO / NON PRESENTADO.

4. AVALIACIÓN CERTIFICADORA

A avaliación cualificativa e certificadora dos cinco niveis ofertados polo departamento de portugués, Básico A2, Intermedios B1 e B2 e Avanzados C1 e C2, realizarase durante o mes de xuño (e setembro para os alumnos oficiais con algunha parte -ou todas- suspensa) despois de realizar as chamadas PROBAS DE CERTIFICACIÓN. Estes meses son teóricos, susceptíbeis de alteracións por causa da pandemia como aconteceu neste ano lectivo pasado que foron en setembro e outubro respectivamente.

As probas de certificación do nivel Básico A2 e Intermedio B1 son elaboradas por cada EOI e as datas son tamén marcadas por cada EOI.

As probas de certificación do nivel Intermedio B2 e as dos niveis avanzados C1 e C2 son elaboradas polos profesores das EOI, validadas por unha comisión e un coordinador, e realizadas no mesmo día e hora en todas as EOI, salvo as partes de expresión oral (agora co nome de *producción e coproducción de textos orais e mediación*), cuxas datas e horas son marcadas por cada EOI.

As probas serán avaliadas tomando como referencia os obxectivos, as competencias e contidos, e os criterios de avaliación recollidos nos currículos oficiais (*vid. supra* 1.1)

Os alumnos do cursos de Portugués obteñen o certificado de nivel cando superan a proba final ou terminal de certificación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN.

Os criterios de avaliación das probas de certificación van referidos aos currículos oficiais e constan nesta programación nas partes finais de cada actividade, que son cinco en cada nivel. As probas de certificación son comúns para todas as modalidades e réximes de ensino.

Os alumnos non presenciais (de réxime libre) só terán dereito a participar nas probas de certificación que se realizaren na convocatoria única de xuño. Cada parte que non se realice será cualificada con “Non Presentado” e nota final “Non Apto”. Se non se realiza ningunha parte, entón a nota final será “Non Presentado”.

Os alumnos presenciais (de réxime oficial) estarán eximidos de realizar na convocatoria extraordinaria de setembro aquelas partes da proba que tivesen aprobado en xuño, conservando a puntuación obtida para o cálculo da cualificación final. Nos niveis B1, B2, C1 e C2 poderán, non obstante, realizar tamén en setembro as partes que xa aprobaron en xuño para poderen subir nota e conseguiren así unha porcentaxe global do 65% ou máis. No caso de realizaren en setembro a parte xa aprobada en xuño obterían a nota mais alta das dúas.

Os alumnos que non obtiveren a cualificación de apto nas probas de certificación dos diferentes niveis poderán solicitar unha certificación académica de teren alcanzado o dominio requirido nalgunha das partes (actividades) que as probas avalían.

PARTES E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN

Abreviaturas:

CTO: Actividades de Comprensión de Textos Oraís **CTE:** Actividades de Comprensión de Textos Escritos

PCTO: Producción e Coprodución de Textos Oraís / **PCMTO:** Producción e Coprodución e Mediación de textos Oraís

PCTE: Producción e Coprodución de Textos Escritos / **PCMTE:** Producción, Coprodución e Mediación de Textos Escritos

M: Mediación

PARA O NIVEL A2:	PARA OS NIVEIS B1, B2, C1 e C2:
4 partes (100 puntos)	5 partes (125 puntos)
Puntuación de cada parte: 25% do total Mínimo para aprobar cada parte: 60% (15)	Puntuación de cada parte: 20% (25 puntos) Mínimo para compensar 50% (12,5) CO: 3 tarefas, en total 25 ítems

<p>CTO: 3 tarefas, en total 25 items CTE: 3 tarefas, en total 25 items PCOM: 2 tarefas, 1 delas inclúe a mediación PCEM: 2 tarefas, 1 delas inclúe a mediación</p> <p>Mínimo para aprobar: 60% da puntuación total da proba (60)</p>	<p>CE: 3 tarefas, en total 25 items PCO: 2 tarefas. PCE: 2 tarefas. M: 2 tarefas, unha oral e outra escrita</p> <p>Mínimo para aprobar: 65% da puntuación total da proba (81,25)</p>

RECLAMACIÓNS NAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN.

Os resultados das probas de certificación son publicadas na plataforma de Internet “Centrosnet”, á que se pode entrar desde o *site* da EOI. Estas cualificacións son accesibles de maneira individual por cada candidato, con código de acceso e palabra pase.

PARA TODOS OS NIVEIS

A2, B1, B2, C1 e C2:

Circular 8/2019, da Dirección Xeral de Educación

Circular 1/2020 do 13 de febreiro de 2020

Circular 3/2020 do 2 de xullo de 2020

Calquera persoa candidata que estea en desacordo coa súa cualificación final poderá presentar unha reclamación ante a dirección da escola oficial de idiomas.

A dirección da escola resolverá nos dous días hábiles seguintes á presentación da reclamación, ratificando ou rectificando a cualificación. Para iso, solicitaralle ao departamento o correspondente informe, no que deben constar as causas da ratificación ou rectificación da nota, e informará por escrito o alumnado implicado da resolución adoptada.

De continuar o desacordo coa cualificación, poderase interpoñer un recurso de alzada perante a xefatura territorial da consellería competente en materia de educación contra a resolución da dirección da escola, nun prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa recepción.

5. AUTOAVALIACIÓN E COAVALIACIÓN

As estratexias de autoavaliación e coavaliación poden usarse como base para a organización dun sistema de avaliación que proporcione **información con prontitude**, aínda que para iso teñamos que renunciar, como xa foi explicado arriba, á precisión e á fiabilidade. Nós utilizaremos cos nosos alumnos de Portugués a autoavaliación e a coavaliación como **formas de avaliación continua informativa, non cualificativa**. Unha das vantaxes destas estratexias é que os alumnos poidan ser colaboradores do profesor. Se os alumnos colaboran co profesor na avaliación as únicas dúas opcións de que dispomos son: avaliarse a si propios (autoavaliación) ou avaliar outros colegas (coavaliación). Concretamente, cando se utiliza a estratexia da autoavaliación é o propio alumno quen determina en que medida o seu traballo está ben ou mal seguindo as instrucións do profesor. No caso da coavaliación, cada alumno avalia o traballo de un ou varios dos seus colegas, tamén seguindo as instrucións do profesor. A autoavaliación e a coavaliación proporcionan información inmediata.

Todo isto pódese aplicar durante a realización das actividades de lingua na aula presencial a través de diferentes reflexións entre o alumnado ou co profesor sobre as propias producións orais ou escritas das tarefas traballadas.

A) AUTOAVALIACIÓN

A autoavaliación ten dúas virtudes e beneficios para os alumnos:

- a) os alumnos van interiorizando os criterios de corrección que o profesor fai explícitos a través das instrucións para a autoavaliación e polo tanto isto permite que os alumnos axusten cada vez máis as súas respostas ao que se espera deles, e
- b) os alumnos desenvolven o hábito da reflexión e a identificación dos propios erros, cuestión fundamental cando se trata de formar persoas con capacidade para aprender de forma autónoma.

É mais fácil e talvez mais obxectiva a autoavaliación da componente escrita do que da oral. Na parte escrita (comprensión e expresión escritas) a autoavaliación baséase na comparación da opción realizada polo alumno coa solución “oficial”, trátase de identificar as diferenzas e recoñecer aquelas que corresponden a erros ou xustificar que son variacións admisíbeis. É moi importante que o alumno entenda a importancia de facer con rigor a comparación do propio co resultado “oficial”.

B) COAVALIACIÓN

A coavaliación ten as mesmas virtudes que as indicadas antes para a autoavaliación pero, ademais, ten estas outras:

a) Os alumnos esfórzanse máis impulsados pola motivación de querer quedar ben ante os ollos dos seus colegas de grupo.

b) Os alumnos desenvolven o hábito de criticar de forma construtiva o traballo realizado polos colegas cos que van ter que continuar colaborando.

A coavaliación proporciona retroalimentación aos colegas do grupo e é un factor para a calidade da autoaprendizaxe. A coavaliación anima a que os alumnos se sintan parte dunha comunidade de aprendizaxe e convida a que participen nos aspectos chave do proceso educativo facendo xuízos críticos do traballo dos colegas. Aínda así, os aspectos loxísticos e organizativos da coavaliación son moito máis complicados que os da autoavaliación, porque os resultados dos traballos, tarefas e exercicios dos alumnos deben ser recollidos e redistribuídos para seren avaliados por outros.

6. MINIMOS ESIXIBLES EN DIFERENTES NIVEIS

Un mínimo esixible é o grao de competencia ao que o alumnado debe chegar para demostrar o dominio dun nivel. A cada obxectivo da programación correspóndelle un criterio de avaliación e a cada criterio de avaliación un mínimo esixible. Este mínimo serviranos para fixar unha escala e isto podemos consultar nos mínimos esixibles nos criterios de avaliación dentro das actividades (competencias e contidos) dende a páxina 7 ata páxina 69 da nosa programación:

A2 dende a páxina 7 ata a 16.

B1 dende a páxina 18 ata a 33.

B2 dende a páxina 36 ata a 50.

C1 dende a páxina 54 ata a 69.

C2 dende a páxina 71 ata a 90.

APÉNDICE 1

A aplicación práctica da programación didáctica esixe unha reflexión e avaliación sistemática dos elementos fundamentais que a compoñen. Podemos identificar diferentes elementos avaliáveis a partir do proceso de ensino-aprendizaxe.

Avaliación dos obxectivos. Valorarase:

- Se se adaptan ao currículo.
- Se se adecúan aos obxectivos xerais de cada etapa.
- Se se adaptan aos coñecementos e capacidades reais do alumnado nun nivel óptimo para o éxito do proceso de aprendizaxe.
- Se teñen redundancias ou contidos innecesarios.

Avaliación dos contidos. Observarase:

- Se se adaptan ao currículo.
- Se concretan os obxectivos propostos.
- Se mostran unha lóxica interna.
- Se teñen en conta unha perspectiva plurilingüe.
- Se inclúen autoavaliación do/da estudante.

Avaliación do conxunto da experiencia educativa. Valorarase:

- Se permite o tratamento de diferentes dimensións de contido para acadar os obxectivos propostos.
- Se permite unha adaptación para a atención á diversidade en función dos requirimentos, propostas e ideas do alumnado.
- Se ten en conta o proceso de autoavaliación e autoaprendizaxe do alumnado.

Avaliación dos recursos didácticos. Valorarase:

- Se apoian a interacción entre o alumnado e entre profesorado-alumnado.
- Se se utilizan recursos habituais da vida cotiá non creados con fins didácticos do tipo de trípticos, xornais, folletos etc.
- Se son útiles para o desenvolvemento dos contidos e o alcance dos obxectivos.
- Se permiten exercitar diferentes formas de expresión.
- Se son atractivos na presentación dos temas.
- Se estimulan as diferentes formas receptoras.
- Se son adecuados para o seu uso creativo.
- Se estimulan a participación activa do/da estudante, a súa creatividade, autonomía e socialización.
- Se a/o estudante colabora dalgún xeito na súa escolla.

Para analizar estes aspectos, a programación estará suxeita a dous tipos de avaliación: de progreso e final. A avaliación de progreso permitirá unha mellor aplicación da programación á hora de desenvolver a de aula e un axuste máis adecuado ás necesidades do alumnado. A avaliación continua da programación permite adaptala na medida do posible ás necesidades que se vaian detectando durante todo o proceso de ensino aprendizaxe.

A avaliación final terá como obxectivo a revisión da programación dun ano escolar para o seguinte, para reformular aqueles aspectos que se considere oportuno.

Os instrumentos de avaliación da programación que se empregarán serán os seguintes:

□ Reunións de coordinación. Estas reunións permitirán unha avaliación progresiva da programación, co fin de adaptala ás necesidades do alumnado e facer os axustes precisos para que os obxectivos programados sexan acadados con maior éxito.

□ Reunións de avaliación final. Estas reunións de final de curso terán como obxectivo a análise do desenvolvemento da programación e reflectiranse na memoria final do departamento aqueles apartados que precisan ser modificados ou reformulados.

□ Memoria final. Este documento comprenderá, entre outros puntos, a serie de aspectos da programación que sería preciso reformar para adaptala, tanto ao tempo dispoñible, como ás necesidades do alumnado, como a un mellor axuste co establecido no currículo. Todos os aspectos que cómpre reformar consignados na memoria deberán terse en conta á hora de elaborar a programación didáctica do ano seguinte.

□ Enquisas de interese entre o alumnado. Este instrumento permite coñecer a súa opinión respecto da adecuación do libro de texto, das actividades propostas, da temporalización seguida e do traballo de aula, entre outros datos.

□ Estatísticas. Despois de facer a avaliación final do alumnado, estudaranse os datos estatísticos respecto do número de aprobados, suspensos e non presentados por cada curso, co obxectivo de detectar un posible abandono e fracaso escolar ligado a desaxustes na programación didáctica.

Avaliación dos criterios de avaliación: serán feitas reunións todos os anos para estandarizar e unificar os criterios, o método e o sistema de aplicación das táboas de

avaliación. Para iso, distribúense copias de exames escritos dos diferentes niveis, e realízanse audicións de exposicións orais conxuntamente os membros do departamento para verificar os desvíos e disonancias na hora de outorgar unha cualificación numérica aos exames que se distribuiron. Coméntanse os desvíos e esclárecense os métodos.

APÉNDICE 2

Os procedementos que se usarán para realizar a avaliación interna do departamento son os seguintes:

Observación: a simple observación persoal permítenos detectar problemas, erros e carencias que poderían ser remediados. A estas observacións pódense engadir outras derivadas da análise de situacións anómalas ou estrañas e das queixas de alumnas e alumnos.

Contacto persoal: o facto de sermos un departamento pequeno de só 3 profesores que costuma organizar actividades para o conxunto de alumnado de portugués, obriga-nos a coincidir a totalidade do profesorado en moitos e diferentes momentos da semana para alén da reunión de departamento. Neses momentos avalia-se a marcha das actividades, a adecuación da bibliografía, os problemas cos alumnos, etc.

Reflexión en grupo: esta pode facerse entre os seguintes colectivos:

- nas reunións de departamento, con todo o profesorado
- nas reunións de coordinación de nivel
- na CCP e noutras reunións co equipo directivo

Enquisas: poden ser dirixidas ao profesorado a mediados de curso ou ao finalizar este. Efectivamente, alén desta avaliación 'en proceso', no fin do ano distribuirá-se unha enquisa en que será avaliado polos profesores — e se for posíbel, tamén polos alumnos — o funcionamento do Departamento no seu conxunto. Para optimizar a utilidade do cuestionario, este deberá seguir algunhas normas:

- Anonimato: non se poderá pedir nome nin sinatura, evitarase que haxa que escribir á man e non se farán preguntas identificadoras.

□ Motivación e información: débese informar previamente da utilidade da enquisa e posteriormente dos resultados.

□ Brevidade.

O principal problema da enquisa, a pesar destas “precaucións”, será a inevitable subxectividade das percepcións dos suxeitos entrevistados. Un modelo de enquisa relativo á avaliación interna do departamento pode ser o seguinte:

Como podemos mellorar o noso departamento?

Por favor, marca os seguintes aspectos do 1 ao 5 tendo en conta que 1 será a valoración máis baixa e 5 a máis alta. Deixa tamén os teus comentarios sobre como cres que as cousas se poden mellorar.

Como valorarías os seguintes aspectos do Departamento de Portugués? 1 2 3 4 5
Como poden mellorar?
2. Recursos didácticos: 1 2 3 4 5
Como poden mellorar?
3. Reunións de departamento: 1 2 3 4 5
Como poden mellorar?
4. Reunións de coordinación: 1 2 3 4 5
Como poden mellorar?
5. Aulas virtuais: 1 2 3 4 5
Como poden mellorar?
6. Organización dos exames: 1 2 3 4 5
Como pode mellorar?
7. Comunicación co xefe do departamento: 1 2 3 4 5
Como pode mellorar?
8. Outras cuestións:
Algún outro comentario?